CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
2019

IUS SEMPER PRIMUM

IUS SEMPER PRIMUM

CONSELLO CONSULTIVO
DE GALICIA

MEMORIA
2019

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2019

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2020

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

I- INTRODUCIÓN 13

II- O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA 15

1. Composición a 31 de decembro de 2019 17

2. Normativa reguladora 18

3. Medios 19

3.1. Persoal 19

3.2. Orzamento 2019 20

III- ACTIVIDADE CONSULTIVA 23

1. Datos estatísticos relativos aos asuntos sometidos a consulta 25

1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante 25

1.2. Clasificación dos asuntos por materias 34

1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames 36

1.4. Comunicación das resolucións 37

1.5. Fórmula de incorporación dos ditames 37

1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia 38

1.7. Asuntos aprazados 38

1.8. Relación de asuntos sometidos a consulta (anexo, páxina 203-240) 38

1.9. Contía dos asuntos sometidos a ditame 38

1.10. Prazo medio de emisión de ditames 38

2. Sesións realizadas no ano 2019 39

IV- ACTIVIDADE NON CONSULTIVA 41

1. Páxina web 43

2. Xornadas, seminarios e cursos 43

2.1. *XX Jornada de la Función Consultiva* 43

3. Cursos 44

3.1. *Curso práctico sobre a responsabilidade patrimonial das entidades locais (EGAP)* 44

3.2. Curso *Os recursos administrativos na nova Lei 39/2015, do 1 de outubro (EGAP)* 46

3.3. Curso *sobre a intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de contratos do sector público (EGAP)* 48

3.4. Curso *Recursos Administrativos* (Universidade de Vigo) 49

3.5. Curso *Responsabilidade patrimonial* (Universidade de Vigo) 51

4. Actos e actividades institucionais 52

5. Convenios 55

5.1. Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) 55

5.2. Convenio de colaboración para a incorporación do Consello Consultivo de Galicia ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia 55

5.3. Adhesión da subministración eléctrica do Pazo de Amarante a REDEXGA 56

6. *Practicum* da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela 56

7. Memoria anual de actividades 56

V- VINTE E TRES ANOS DA FUNCIÓN CONSULTIVA 59

1. Datos estatísticos relativos aos expedientes sometidos a consulta durante o período 1996-2019 61

VI- OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS 65

1. Doutrina do ano 2019 da Sección de Estudos e Informes 67

2. Proxectos normativos 79

2.1. Ditame CCG 190/2019, do 19 de xuño. Proxecto de decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre 83

2.2. Ditame CCG 230/2019, do 26 de xuño. Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia 89

2.3. Ditame CCG 350/2019, do 7 de outubro. Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo 92

3. A revisión de oficio 94

3.1. Solicitude de nulidade de pleno dereito por expediente de sucesións cando os herdeiros residen no estranxeiro (CCG 467/2018) 94

3.2. Solicitude de nulidade de pleno dereito por notificación defectuosa nun expediente de imposto de sucesións (CCG 313/2018) 95

3.3. Solicitude de nulidade de pleno dereito nun expediente de sucesións por mor da falta de motivación nas valoracións (CCG 49/2019) 100

3.4. A revisión de oficio de Resolucións Reitorais de expulsión temporal da Universidade (CCG 53/2019) 103

3.5. A revisión de oficio por incompetencia material (CCG 69/2019) 106
3.6. A revisión de oficio da solicitude de acondicionamento de local e apertura de café-bar (CCG 183/2019) 110
3.7. A revisión de oficio do contrato de xestión do servizo público do ciclo integral da auga (CCG 83/2019) 113
3.8. A revisión de oficio dunha licenza urbanística por construír unha nova planta sen cobertura pola licenza excedendo da mesma (CCG 67/2018) 123
3.9. A revisión de oficio solicitada en base a unha certificación urbanística (CCG 392/2019) 126
3.10. A revisión de oficio dun contrato administrativo de Dereito Privado (CCG 442/2019) 127
3.11. A revisión de oficio do nomeamento dun funcionario interino cando excedía a idade máxima de xubilación (CC 468/2019) 128
3.12. A revisión de liquidacións xiradas polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana (plusvalía) (CCG 445/2019, CCG 446/2019, CCG 447/2019, CCG 448/2019, CCG 449/2019 e CCG 450/2019) 130

4. O recurso extraordinario de revisión 136
4.1. Recurso extraordinario de revisión por erro de feito nun expediente sancionador (CCG 353/2019) 136
4.2. Recurso extraordinario de revisión por prazos hábiles e a súa cualificación como erro de feito ou erro de dereito (CCG 389/2019) 137
4.3. Recurso extraordinario de revisión e análise de se un certificado ten o carácter de documento esencial posterior (CCG 425/2019) 139

5. A contratación administrativa 141
5.1. Modificación de contrato (CCG 55/2019) 141
5.2. Resolución de contrato por incumprimento do prazo por ser este esencial (CCG 39/2019) 146
5.3. Resolución de contrato por concurso (CCG 80/2019) 150
5.4. Interpretación de contrato (CCG 9/2019) 154
5.5. Interpretación do contrato de limpeza de centros educativos municipais e exame do termo *período non lectivo* (CCG 33/2019) 158
5.6. Resolución do contrato de servizos de atención e control do público en *VigoZoo* por incumprimento culpable do contratista (CCG 265/2019) 161
5.7. Resolución de dous contratos de execución de obras de reparación de rúas e anexos por incumprimento culpable do contratista (CCG 165/2019 e CCG 166/2019) 162

6. A responsabilidade patrimonial sanitaria 166
6.1. A responsabilidade patrimonial sanitaria e o exame do burofax como medio de interrupción da prescrición. Solidariedade propia e impropia (CCG 187/2019 e CCG 342/2019) 166

6.2. A responsabilidade patrimonial e o exercicio da reclamación pola maioría de idade (CCG 359/2019) 173

7. A responsabilidade patrimonial 174

7.1. A responsabilidade patrimonial extracontractual e contractual da nova Lei de contratos do sector público (Ditame CCG 17/2019 e Resolución de incompetencia CCG 237/2019) 174

7.2. A responsabilidade patrimonial por licenzas de obras (CCG 446/2018, CCG 252/2019 e CCG 343/2019) 180

7.3. A responsabilidade patrimonial por unha nota de prensa cunha recomendación do Consello Galego da Competencia (CCG 211/2019) 191

7.4. A responsabilidade patrimonial por acoso laboral (CCG 238/2019, CCG 492/2019 e CCG 70/2019) 195

7.5. A responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia das filtracións continuadas na zona do garaxe do edificio que se atopa baixo a rasante da vía pública (CCG 362/2019) 199

ANEXO 203

I
INTRODUCIÓN

Esta memoria, correspondente ao ano 2019, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia na sesión que tivo lugar o 3 de xuño de 2020 para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 2 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, a memoria recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2019, no que se cumpren 23 anos dende a súa creación, polo que comprende tamén un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considera oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos que son obxecto habitual de ditame.

II
O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

1.- COMPOSICIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2019

- PLENO

Presidente:

José Luis Costa Pillado

Conselleiros electivos:

Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
José Abelardo Blanco Serrano
José Antonio Fernández Vázquez
Eduardo Antonio Sánchez Tato

Secretario Xeral:

José Ángel Oreiro Romar

Secretaria do Pleno e das Seccións:

Vanessa Brea Lago

- SECCIÓNS

Sección de Ditames

Presidente:

José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Ignacio de Loyola Aranguren Pérez
José Abelardo Blanco Serrano
José Antonio Fernández Vázquez
Eduardo Antonio Sánchez Tato

Secretario Xeral:

José Ángel Oreiro Romar

Secretaria do Pleno e das Seccións:

Vanessa Brea Lago

Sección de Estudos e Informes

Resolución do 15.1.2019, da Presidencia do Consello Consultivo de Galicia, pola que se fai público o acordo plenario polo que se designan aos conselleiros integrantes da Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2019 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro).

Presidente:
José Luis Costa Pillado

Conselleiros:
Ignacio de Loyola Aranguren Pérez

Secretario Xeral:
José Ángel Oreiro Romar

Secretaria do Pleno e das Seccións:
Vanessa Brea Lago

1.1.- Cese como conselleiro nato do Consello Consultivo de Galicia de Fernando Ignacio González Laxe

O 15.7.2019 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 133 a Resolución do 10.7.2019 pola que se fai pública a expiración do mandato de Fernando Ignacio González Laxe como conselleiro nato do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.4, no artigo 4.5, e na disposición transitoria segunda da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados. A dita expiración do período do mandato ten lugar nesta data.

2.- NORMATIVA REGULADORA

- Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, modificada pola Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (*Diario Oficial de Galicia* núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

Os máis de tres lustros transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 9/1995, do 10 de novembro, supuxeron un lapso de tempo suficiente para comprobar a eficacia do Consello Consultivo de Galicia, pero ese tempo tamén puxo de relevo a necesidade de dotar á institución dunhas características que a axustasen mellor ao complexo sistema xurídico actual.

Como consecuencia do anterior, no ano 2014 aprobouse unha nova Lei do Consello Consultivo de Galicia (Lei 3/2014, do 24 de abril).

No ano 2017 introdúcense importantes modificacións no corpo da dita lei pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de organización (*Diario Oficial de Galicia* núm. 28, do 9 de febreiro).

Con data 3.7.2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 125 o Recurso de inconstitucionalidade 2311-2017, contra as disposicións adicional cuarta, transitoria

única e derradeira terceira, número 5, da Lei do Parlamento de Galicia 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación; referidas ao réxime do persoal letrado ao servizo do Consello Consultivo de Galicia.

- Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 124, do 3 de xullo)

O Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia foi aprobado no ano 2015, mediante o Decreto 91/2015, en cumprimento da disposición derradeira primeira da Lei 3/2014, do 24 de abril, e permanece inalterable desde entón.

3.- MEDIOS

3.1.- Persoal

De acordo co artigo 30 da Lei 3/2014, do 24 de abril, o Consello Consultivo de Galicia está asistido por persoal letrado, dependente orgánica e funcionalmente deste, ao que lle corresponden, baixo a dirección da Presidencia ou das conselleiras ou conselleiros, as funcións de estudo dos asuntos sometidos a consulta do Consello, a preparación e redacción dos correspondentes proxectos de ditames, os informes ou propostas e as demais funcións adecuadas á súa condición que lles atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello.

O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, son cubertas -segundo o artigo 29 da súa lei reguladora-, por persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou do Estado.

Durante o ano 2019 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Persoal letrado

Sabela Carballo Marcote[1]

[1] cesamento o 31.12.2019

José Carlos López Corral

Ana M.ª López Guizán

Pablo José López Paz

M.ª José Quintana Acebo

Persoal de servizos de apoio

Servizo de Administración e Xestión
Patricia Roiloa Rodríguez

Sección de Estudos e Comunicación
Vanessa Brea Lago

Documentación e biblioteca
María José Fábregas Valcarce

Servizos Administrativos
Juan José Baños Amado
María Bargados Bargados
José Luis Fernández Rey
Yolanda González Conde
Manuel Novo López
M.ª del Carmen Paz Galbán
Francisco Javier Santos Pérez
M.ª Dolores Tarrío Potel

3.2.- Orzamento 2019

No seu conxunto o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2019 ascendeu á cantidade de 2.116.521,00 €, o que supuxo un incremento de 35.803,00 €, que representa unha porcentaxe do 1,72 % respecto do exercicio anterior de 2018.

É un orzamento reducido, representa o 0,0187 % do global da Comunidade Autónoma, mais loxicamente de grande importancia para o mantemento dun órgano como o Consello Consultivo de Galicia.

Estruturase, ao igual que en exercicios anteriores, en tres capítulos:

- Capítulo I.- Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social, en 1.720.594,00 €, o que supón un incremento de 35.803,00 €, que representa un 2,125 % máis con respecto ao ano anterior.

Este incremento veu motivado pola consolidación das retribución do persoal ao servizo do sector público, en aplicación do establecido na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e pola dotación dun fondo retributivo para facer posible o incremento, no seu caso, derivado do establecido na disposición adicional décimo cuarta, da Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, que estableceu que as retribucións do persoal do sector público previstas para o ano 2019 serán obxecto de adecuación ao previsto no II Acordo Goberno-sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, do 9 de marzo (BOE do 26.3.2018), no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado.

- Capítulo II.- Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2019 acadou a cifra de 294.927,00 €, e que representa un incremento 41.000,00 € con respecto ao exercicio anterior, o que representa un 16,15 % máis, volvendo ao orzamentado en anos anteriores, motivado pola reposición do crédito en diferentes aplicación deste capítulo que no exercicio anterior foron minoradas co obxecto da previsión de adquirir ferramentas para a implementación da Administración electrónica neste órgano.

-Capítulo VI.- Investimentos reais. Como corresponde a un órgano consultivo, no que prima o carácter técnico-xurídico, o capítulo de investimentos reais é mínimo. Neste capítulo o importe total para o ano 2019 foi de 101.000,00 €, o que representa unha diminución de -41.000,00 €, o que supuxo unha porcentaxe do -28,87 % inferior, con respecto ao exercicio anterior.

A dita minoración realizada principalmente na aplicación orzamentaria 626.0 *"Adquisición equipos proceso información"* foi motivada, como se adiantou, pola restitución do crédito correspondente ao capítulo II, crédito que no exercicio anterior se destinara a iniciar a implantación da Administración electrónica neste órgano consultivo.

O resto do orzamento deste capítulo vai destinado principalmente a adquisición de fondos bibliográficos, sexan en papel ou electrónicos, que son base e fonte de consulta imprescindible para a elaboración de ditames e o desenvolvemento do labor que diariamente levan a cabo o persoal deste órgano.


ORZAMENTO POR CAPITULOS EXERCICIO 2019
294.927,00 €
101.000,00 €
1.720.594 €
Capitulo I
Capítulo II
Capítulo VI

III
ACTIVIDADE CONSULTIVA

1.- DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS ASUNTOS SOMETIDOS A CONSULTA

Durante o período xaneiro - decembro 2019, sometéronse a consulta deste órgano 511 expedientes correspondentes ao referido ano.

1.1.- Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

– Administración autonómica: 345

De acordo co Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e tras a publicación do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, solicitáronse os seguintes ditames:

Presidencia	2	0,58 %
Vicepresidencia e Cª de Presidencia, AA PP e Xustiza	6	1,74 %
Cª de Facenda	25	7,25 %
Cª do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	8	2,32 %
Cª de Infraestruturas e Mobilidade	3	0,87 %
Cª de Economía, Emprego e Industria	5	1,45 %
Cª de Educación, Universidade e Formación Profesional	6	1,74 %
Cª de Cultura e Turismo	2	0,58 %
Cª de Sanidade	280	81,16 %
Cª de Política Social	2	0,58 %
Cª do Medio Rural	3	0,87 %
Cª do Mar	3	0,87 %
TOTAL	**345**	100,00 %

- **Administración Local: 153**

Deputacións provinciais	10
Concellos	143
Total	**153**

- **Administración Universitaria: 11**

Universidade de Santiago de Compostela	1
Universidade de Vigo	10
Total	**11**

- **Entes públicos: 2**

Comisión de Transparencia de Galicia	2
Total	**2**

- **Expedientes por Administración e porcentaxes ano 2019**

Administración autonómica	345	67,51 %
Administración local	153	29,94 %
Administración universitaria	11	2,15 %
Entes públicos	2	0,39 %
TOTAL	**511**	**100 %**

Dentro da clasificación dos asuntos sometidos a consulta, en virtude da procedencia da súa solicitude, a relación destes é a seguinte:

- ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 345

Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia:

Presidencia: 2

Proxecto de decreto (1)
Revisión de oficio (1)

Vicepresidencia. Cª Presidencia, AA PP e Xustiza: 6

Contratos administrativos (1)
Proxecto de decreto (5)

Consellería de Facenda: 25

Proxecto de decreto (3)
Proxecto de orde (4)
Responsabilidade patrimonial (5)
Revisión de oficio (13)

Cª. de Infraestruturas e Mobilidade: 3

Informe (1)
Proxecto de decreto (1)
Proxecto de orde (1)

Cª. de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 8

Contratos administrativos (3)
Proxecto de decreto (4)
Revisión de oficio (1)

Cª de Economía, Emprego e Industria: 5

Recurso de revisión (2)
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (2)

Cª. Educación, Universidade e F.P.: 6

Responsabilidade patrimonial (6)

Cª de Cultura e Turismo: 2

Proxecto de decreto (1)
Responsabilidade patrimonial (1)

Cª de Sanidade: 280

Contratos administrativos (1)
Proxecto de decreto (6)
Responsabilidade patrimonial (272)
Revisión de oficio (1)

Cª de Política Social: 2

Proxecto de decreto (2)

Cª do Medio Rural: 3

Proxecto de decreto (2)
Revisión de oficio (1)

Cª do Mar: 3

Concesión administrativa (1)
Proxecto de decreto (1)
Responsabilidade patrimonial (1)

ADMINISTRACIÓN LOCAL: 153

Deputacións: 10

Deputación da Coruña: 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Deputación de Ourense: 2

Contratos administrativos (1)
Responsabilidade patrimonial (1)

Deputación de Pontevedra: 6

Informe (1)
Responsabilidade patrimonial (5)

Concellos: 143

Concello de Ames (A Coruña): 2

Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Arteixo (A Coruña): 1

Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Betanzos (A Coruña): 1

Contratos administrativos (1)

Concello de Boiro (A Coruña): 1

Revisión de oficio (1)

Concello de Cariño (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Carnota (A Coruña): 1
Informe (1)

Concello de Coruña (A) (A Coruña): 23
Contratos administrativos (1)
Informe (1)
Responsabilidade patrimonial (11)
Revisión de oficio (10)

Concello de Culleredo (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Narón (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Oleiros (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Ortigueira (A Coruña): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Pobra do Caramiñal (A) (A Coruña): 1
Recurso de revisión (1)

Concello de Ponteceso (A Coruña): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Pontes de García Rodríguez (As) (A Coruña): 1
Informe (1)

Concello de Ribeira (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): 26
Contratos administrativos (2)
Informe (3)
Responsabilidade patrimonial (19)
Revisión de oficio (2)

Concello de Sobrado (A Coruña): 1
Informe (1)

Concello de Teo (A Coruña): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Tordoia (A Coruña): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Cospeito (Lugo): 2
Contratos administrativos (1)
Informe (1)

Concello de Muras (Lugo): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Sarria (Lugo): 2
Contratos administrativos (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Valadouro (O) (Lugo): 2
Contratos administrativos (2)

Concello de Bande (Ourense): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Barbadás (Ourense): 1
Informe (1)

Concello de Barco de Valdeorras (O) (Ourense): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Merca (A) (Ourense): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Ourense (Ourense): 10
Contratos administrativos (3)
Informe (1)
Responsabilidade patrimonial (5)
Revisión de oficio (1)

Concello de Rúa (A) (Ourense): 2
Responsabilidade patrimonial (2)

Concello de Viana do Bolo (Ourense): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Xinzo de Limia (Ourense): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Baiona (Pontevedra): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Bueu (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Cambados (Pontevedra): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Cangas (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Forcarei (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Guarda (A) (Pontevedra): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Lalín (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Mancomunidade do Salnés (Pontevedra): 1
Informe (1)

Concello de Marín (Pontevedra): 2
Contratos administrativos (1)
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Neves (As) (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Nigrán (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Poio (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Ponteareas (Pontevedra): 1
Revisión de oficio (1)

Concello de Pontevedra (Pontevedra): 12
Informe (1)
Recurso de revisión (1)
Responsabilidade patrimonial (3)
Revisión de oficio (7)

Concello de Redondela (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Sanxenxo (Pontevedra): 2
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (1)

Concello de Soutomaior (Pontevedra): 1
Recurso de revisión (1)

Concello de Tomiño (Pontevedra): 1
Responsabilidade patrimonial (1)

Concello de Valga (Pontevedra): 1
Contratos administrativos (1)

Concello de Vigo (Pontevedra): 16
Contratos administrativos (3)
Responsabilidade patrimonial (13)

- ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 11

Universidade de Santiago de Compostela: 1
Revisión de oficio (1)

Universidade de Vigo: 10
Responsabilidade patrimonial (1)
Revisión de oficio (9)

- ENTES PÚBLICOS: 2

Comisión da Transparencia de Galicia: 2
Recurso de revisión (2)

XUNTA DE GALICIA

Expedientes do ano 2019

	TOTAIS	Co.Ad[1]	C.Ad	Outros	PD	PO	RR	RP	RO	IF.	% s/T
PRESIDENCIA	2				1				1		0,58 %
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	6		1		5						1,74 %
FACENDA	25				3	4		5	13		7,25 %
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	8		3		4				1		2,32 %
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	3				1	1				1	0,87 %
ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	5						2	1	2		1,45 %
EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E F.O.	6							6			1,74 %
CULTURA E TURISMO	2		1		1			1			0,58 %
SANIDADE	280				6			272	1		81,16 %
POLÍTICA SOCIAL	2				2						0,58 %
MEDIO RURAL	3				2				1		0,87 %
MAR	3	1			1						0,87 %
T O T A I S	345	**1**	**5**	**0**	**26**	**5**	**2**	**286**	**19**	**1**	100 %

[4] **Co.Ad:** concesións administrativas. **C.Ad:** contratos administrativos. **C.CCAA.:** convenios comunidades autónomas. **PD:** proxecto decreto. **PO:** proxecto orde. **RR:** recurso revisión. **RP:** responsabilidade patrimonial. **RO:** revisión de oficio. **AL:** anteproxecto de lei. **IF:** informes. **RI:** recurso de inconstitucionalidade

- EXPEDIENTES ENVIADOS POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL NO ANO 2019 –

DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIAS	Núm. exps.	%
A Coruña	67	43,79 %
Lugo	7	4,58 %
Ourense	18	11,76 %
Pontevedra	51	33,33 %
DISTRIBUCIÓN POR DEPUTACIÓNS		
Deputación da Coruña	2	1,31 %
Deputación da Ourense	2	1,31 %
Deputación de Pontevedra	6	3,92 %
Total	153	100,00 %
DISTRIBUCIÓN POR MATERIAS		
Contratos administrativos	24	15,69 %
Informe	13	8,5 %
Recurso de revisión	3	1,96 %
Responsabilidade patrimonial	81	52,94 %
Revisión de oficio	32	20,92 %
Total	153	100,00 %

1.2.- Clasificación dos asuntos por materias

A relación de asuntos examinados ao abeiro das competencias previstas no Título III da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e segundo se establece no Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o seu Regulamento de organización e funcionamento, é a seguinte:

Concesión administrativa	1	0,20 %
Contratos administrativos	29	5,68 %
Proxecto de decreto	26	5,09 %
Proxecto de orde	5	0,98 %
Recurso de revisión	7	1,37 %
Responsabilidade patrimonial	368	72,02 %
Revisión de oficio	61	11,94 %
Informe	14	2,74 %
Total	511	100,00 %





1.3.- Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 511 expedientes remitidos para o seu ditame por parte deste Consello, 47 foron obxecto dun acordo de devolución, ao abeiro do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que o faculta para devolver o correspondente expediente coa fin de que os defectos observados sexan emendados pola Administración activa consultante, sen a emisión do preceptivo ditame, e se proceda ao arquivo de todo o actuado.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

"Sen conclusión"	14	2,74 %
"Acordo de Devolución"	47	9,20 %
"Desfavorable"	56	10,96 %
"Favorable"	370	72,41 %
"Outros"[1]	24	4,70 %
Total	**511**	**100 %**



[1] Outros: informes da Sección de Estudos e Informes, resolucións da Presidencia e caducidades de expedientes, entre outros.

1.4.- Comunicación das resolucións

O artigo 45 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante, no prazo dun mes desde a emisión do ditame, lle comunique á persoa titular da Secretaría Xeral do Consello a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición presenta os seguintes resultados:

Comunicados	253	49,51 %
Non comunicados	258	50,49 %
Total	**511**	**100 %**

1.5.- Fórmula de incorporación dos ditames

O artigo 11.5 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia sinala que as disposicións ou proxectos normativos aprobados en asuntos ditaminados preceptivamente polo Consello, expresarán se se acordan en conformidade co seu ditame ou se se apartan del. No primeiro caso, conterán a fórmula *"... de acordo co Consello Consultivo de Galicia*"; no segundo, a de "*oído o Consello Consultivo de Galicia*" ou, se se conforma plenamente con algún voto particular, a de "*oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou polo/a conselleiro/a (ou conselleiras/os) ...*". O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados que foron comunicados é o seguinte:

De acordo	215	84,98 %
Oído	14	5,53 %
Outros[2]	24	9,49 %
Total	**253**	**100 %**

[2] Outros: informes da Sección de Estudos e Informes, resolucións da Presidencia e caducidades de expedientes, entre outros.

1.6.- Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de nove (9) expedientes os que se someteron á consulta do Consello Consultivo de Galicia polo trámite de urxencia previsto nos artigos 24 da Lei 3/2014, do 24 de abril e 37 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, que acurta, á metade, o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames ou informes, salvo que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou o Consello da Xunta fixen outro menor.

1.7.- Asuntos aprazados

Do total dos 511 expedientes sometidos a consulta no ano 2019, cento doce (112) foron aprazados ao abeiro do artigo 39 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos para a emisión dun ditame ou informe por un período que non excederá da metade do inicialmente establecido. Excepcionalmente, e salvo unha disposición legal en contra, cando o número de solicitudes de ditames ou informes formuladas impida razoablemente o cumprimento do prazo, o órgano competente poderá amplialo por un período igual ao orixinario.

1.8.- Relación de asuntos sometidos a consulta (Anexo, páxina 203-240)

1.9.- Contía dos asuntos sometidos a ditame

-A contía dos asuntos sometidos a ditame deste Consello Consultivo de Galicia no ano 2019 foi a seguinte, segundo as materias:

Contratación administrativa	960.046.493,48 €
Responsabilidade patrimonial (incluída sanitaria)	88.172.467,88 €
Responsabilidade patrimonial sanitaria	77.222.200,80 €

1.10.- Prazo medio de emisión de ditames

O prazo medio de emisión de ditames no ano 2019 foi de 24,84 días, incluídas as prórrogas.

2.- SESIÓNS REALIZADAS NO ANO 2019

De acordo co disposto na Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, tiveron lugar as seguintes sesións:

– Pleno: 30

15 de xaneiro	23 de xaneiro	6 de febreiro	20 de febreiro
6 de marzo	25 de marzo	10 de abril	24 de abril
15 de maio	5 de xuño	19 de xuño	26 de xuño
3 de xullo	17 de xullo	2 de agosto	26 de agosto
4 de setembro	11 de setembro	18 de setembro	2 de outubro
7 de outubro	9 de outubro	16 de outubro	23 de outubro
30 de outubro	4 de novembro	13 de novembro	27 de novembro
11 de decembro	18 de decembro		

– Sección de Ditames: 48

4 de xaneiro	9 de xaneiro	15 de xaneiro	23 de xaneiro
30 de xaneiro	6 de febreiro	13 de febreiro	20 de febreiro
25 de febreiro	6 de marzo	13 de marzo	25 de marzo
3 de abril	10 de abril	24 de abril	3 de maio
8 de maio	15 de maio	22 de maio	29 de maio
5 de xuño	12 de xuño	19 de xuño	26 de xuño
3 de xullo	10 de xullo	17 de xullo	24 de xullo
2 de agosto	21 de agosto	28 de agosto	4 de setembro
11 de setembro	18 de setembro	25 de setembro	2 de outubro
9 de outubro	16 de outubro	23 de outubro	30 de outubro
4 de novembro	6 de novembro	13 de novembro	20 de novembro
27 de novembro	4 de decembro	11 de decembro	18 de decembro

– Sección de Estudos e Informes: 19

23 de xaneiro	20 de febreiro	10 de abril	24 de abril
3 de maio	8 de maio	22 de maio	12 de xuño
3 de xullo	2 de agosto	26 de agosto	11 de setembro
2 de outubro	6 de novembro	20 de novembro	27 de novembro
4 de decembro	11 de decembro	18 de decembro	

IV
ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1.- PÁXINA WEB

O Consello Consultivo de Galicia, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, seguiu a actualizar no ano 2019 a súa páxina do sitio web, para facilitar o acceso e coñecemento da súa actividade.

Esta páxina, permite a consulta *on line* dos ditames, unha ferramenta moi utilizada e valorada polos usuarios.

A web, ademais de información xeral referida ao Consello Consultivo de Galicia (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar o texto completo dos ditames elaborados desde o ano 1996. Ademais, presenta unha sección chamada *novas* onde os usuarios poden consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente, a actualidade do Consello, a contratación administrativa e os procesos selectivos en curso.

2.- XORNADAS, SEMINARIOS E CURSOS

Os contactos cos órganos consultivos das diferentes comunidades autónomas e co Consejo de Estado para tratar asuntos de común interese á función consultiva foron, como todos os anos, habituais.

O presidente, conselleiros e letrados do Consello Consultivo de Galicia participaron en diversos actos e xornadas técnicas aos que foron invitados por outros órganos consultivos do Estado.

A continuación, destacamos os máis relevantes.

2.1.- *XX Jornada de la Función Consultiva*

Os días 24 e 25 de outubro de 2019 realizouse no Palacio de Congresos de Palma de Mallorca a XX edición das "*Jornadas Nacionales de la Función Consultiva*", no contexto do 25º aniversario do Consejo Consultivo de las Illes Balears.

Este encontro contou coa participación de conselleiros e letrados dos diversos Consejos Consultivos das Comunidades Autónomas, entre eles, letrados/as e conselleiros do Consello Consultivo de Galicia, así como o seu presidente e o seu secretario xeral.

A inauguración das Xornadas foi a cargo do presidente do Parlamento de las Illes Balears, Vicenç Thomas i Mulet e participaron personalidades destacadas no ámbito xurídico co fin de debater sobre aspectos substanciais da funcións consultiva.

Así, os relatorios trataron, entre outros asuntos, a doutrina dos consellos consultivos en relación cos referéndums e consultas populares, o ámbito da vivenda e a súa regulación como ben esencial, e outros temas de actualidade como a responsabilidade patrimonial dos tribunais administrativos de contratos por anulación xudicial e demora nas súas decisións, a análise dos límites medioambientais ao crecemento turístico, e o papel da función consultiva no ordenamento xurídico.

A clausura das Xornadas foi a cargo de María Teresa Fernández de la Vega, presidenta do Consejo de Estado, e de Francina Armengol i Socias, presidenta das Illes Balears.

3.- CURSOS

No ano 2019 o Consello Consultivo de Galicia organizou cinco cursos.

3.1.- *Curso práctico sobre a responsabilidade patrimonial das entidades locais* (EGAP)

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública dentro do plan de formación para o persoal ao servizo das entidades locais.

O curso pretendía a análise da normativa sobre a responsabilidade patrimonial, dos procedementos administrativos para a súa efectividade e das súas diferentes dimensións (polo funcionamento anormal do servizo público, de autoridades e persoal ao servizo das administracións, do Estado lexislador, por actos de concesionarios e contratistas, etc.).

Tamén se fixo unha análise profunda dos diferentes supostos, partindo dos máis recentes pronunciamentos xurisprudencias na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consejo de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que tramitase calquera tipo de expediente relativo á exixencia de responsabilidade patrimonial perante o órgano ou dependencia en que prestan servizos.

O coñecemento da materia redunda nun mellor exercicio profesional da súa función na medida en que a materia presenta múltiples dimensións, dado que todos os órganos administrativos están suxeitos á eventual esixencia de responsabilidade patrimonial por parte da cidadanía, calquera que sexa o servizo público que presten: por actos materiais, polo exercicio ordinario das súas competencias, por atrasos na prestación do servizo, por actos lexislativos, por actos de funcionarios.

Por outra banda, na regulación do procedemento de esixencia de responsabilidade patrimonial existen múltiples aspectos non resoltos tales como as causas e prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación, os propios requisitos para apreciar un funcionamento anormal dun servizo, o caso fortuíto ou forza maior, etc. Estes dan lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis, que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que, ordinaria ou eventualmente, participa na tramitación deste tipo de expedientes. Así mesmo, é unha materia de grande interese xurídico e doutrinal.

O curso estaba dirixido a empregados/as públicos/as das entidades locais e do sector público autonómico de Galicia. Preferentemente, persoal habilitado nacional e funcionario da Administración local dos grupos A1 e A2 que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución relacionados co curso.

O curso desenvolveuse en dúas edicións, na modalidade presencial cunha duración de 27 horas por edición:

- A Coruña: Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, praza Luís Seoane, s/n, do 1 ao 15 de outubro de 2019. Proba final presencial: o día 15 de outubro ás 16.30 horas.
- Pontevedra: sala 3 da Delegación da Presidencia e Administración Pública, avenida María Victoria Moreno, nº 43, do 13 ao 27 de xuño de 2019. Proba final presencial: o día 27 de xuño ás 16.30 horas.

Horario: das 16.30 ás 19.30 horas.

A estes cursos asistiron persoas do ámbito da Administración local e os seus organismos públicos, así como do sector público autonómico.

Todos os relatorios foron impartidos por persoal do Consello Consultivo de Galicia.

O curso constou das seguintes sesións:

- Sesión 1. O Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais: relacións e colaboración institucional.
- Sesión 2. A regulación actual, características e presupostos da responsabilidade da administración.
- Sesión 3. Os procedementos en materia de responsabilidade patrimonial: procedemento ordinario e procedemento abreviado.

- Sesión 4. A responsabilidade de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.
- Sesión 5. A responsabilidade de contratistas e concesionarios.
- Sesión 6. A responsabilidade por actos de natureza lexislativa.
- Sesión 7. A responsabilidade patrimonial por actuacións urbanísticas I.
- Sesión 8. A responsabilidade patrimonial por razóns urbanísticas II.
- Sesión 9. Exame final.

Ao finalizar cada sesión abriuse un coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións formuladas polos asistentes.

3.2.- Curso *Os recursos administrativos na nova Lei 39/2015, do 1 de outubro* (EGAP)

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública dentro do plan de formación para o persoal ao servizo das entidades locais e do sector público autonómico de Galicia.

O curso tiña como obxectivo a análise da normativa sobre a revisión de actos firmes e os recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios, que se poden interpor fronte a todo tipo de resolucións administrativas. A materia presentaba especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que tramite todo tipo de procedementos administrativos.

O coñecemento desa materia redunda no mellor exercicio profesional da súa función, de xeito que a materia presenta múltiples dimensións, na medida en que absolutamente todos os servizos públicos e, polo tanto, todas as actuacións, incluídas as puramente materiais ou de xestión, están suxeitas a eventual recurso administrativo.

Por outra banda, a entrada en vigor da nova Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións publicas, foi unha oportunidade para afianzar o coñecemento da normativa en aspectos tan esenciais e decisivos á hora de resolver un recurso tales como as causas e os prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación ou a función dos órganos consultivos.

Así mesmo, a resolución de recursos administrativos dá lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que ordinaria ou eventualmente participa na tramitación deste tipo de expedientes.

É tamén unha materia de grande interese xurídico e doutrinal, polo que no curso se fixo unha pausada referencia ás novidades xurisprudenciais na materia, e fíxose especial fincapé na doutrina do Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como tamén do Consello Consultivo de Galicia.

O curso estaba dirixido a empregados/as públicos/as das entidades locais e do sector público autonómico de Galicia. Tiña preferencia o persoal habilitado nacional e o funcionario da Administración local dos grupos A1 e A2 que teñan responsabilidades en materia de tramitación e de instrución de expedientes relacionados co curso.

O curso desenvolveuse en cinco edicións, na modalidade presencial cunha duración de 21 horas por edición:

- A Coruña: Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, praza Luís Seoane, s/n, do 4 ao 13 de novembro de 2019. Proba final presencial: o día 13 de novembro ás 16.30 horas.
- Lugo: sala de xuntas Muralla (1º andar) do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, rolda da Muralla, nº 70, do 16 ao 25 de setembro de 2019. Proba final presencial: o día 25 de setembro ás 16.30 horas.
- Ourense: salón de actos da Delegación da Presidencia e Administración Pública, avenida da Habana, nº 79, do 2 ao 23 de outubro de 2019. Proba final presencial: o día 23 de outubro ás 16.30 horas.
- Pontevedra: sala 3 da Delegación da Presidencia e Administración Pública, avenida María Victoria Moreno, nº 43, do 21 ao 30 de outubro de 2019. Proba final presencial: o día 30 de outubro ás 16.30 horas.
- Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, nº 2-4, do 18 ao 27 de novembro de 2019. Proba final presencial: o día 27 de novembro ás 16.30 horas.

Horario: das 16.30 ás 19.30 horas.

A estes cursos asistiron persoas do ámbito da Administración local e os seus organismos públicos, así como do sector público autonómico.

Todos os relatorios foron impartidos por persoal do Consello Consultivo de Galicia.

O curso constou das seguintes sesións:

- Sesión 1. A resolución dos procedementos administrativos.

- Sesión 2. Revisión dos actos en vía administrativa: revisión de oficio.
- Sesión 3. Revisión dos actos en vía administrativa: declaración de lesividade.
- Sesión 4. Revogación de actos e rectificación de erros.
- Sesión 5. Recursos ordinarios: recurso de alzada e recurso de reposición.
- Sesión 6. Recurso extraordinario de revisión.
- Sesión 7. Exame final.

Ao finalizar cada sesión abriuse un coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións formuladas polos asistentes.

3.3.- Curso *sobre a intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de contratos do sector público* (EGAP)

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública dentro do convenio de colaboración entre a EGAP e o Consello Consultivo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

O curso estaba dirixido a empregados/as públicos/as do sector público autonómico de Galicia con responsabilidades en materia de contratación pública da Xunta de Galicia, entidades locais, universidades e Administración institucional dependente das anteriores. Preferentemente, TAG dos grupos A1, A2, grupos I e II de persoal laboral e habilitados nacionais.

O obxectivo do curso era analizar a recente Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en diante, LCSP) que supuxo unha innovación que persegue modernizar os procedementos de contratación, mellorar a eficiencia e simplificar os procedementos de contratación pública.

Ao tradicional elenco de competencias outorgadas aos órganos consultivos das AAPP (Consejo de Estado ou órganos consultivos autonómicos) a nova lei establece outras.

Este curso pretendía analizar as competencias substantivas outorgadas pola nova LCSP aos órganos consultivos, e aos trámites e procedementos a través dos cales se exercen estas competencias.

O curso desenvolveuse na modalidade de teleformación, cunha duración de 21 horas e cunha edición, realizada do 14.10.2018 ao 15.11.2019, cunha proba final presencial o día 20.11.2019, ás 9.00 horas, en Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, nº 2-4.

O programa contou cos seguintes temas:

- Tema 1. O Consello Consultivo de Galicia: composición, organización e funcionamento.
- Tema 2. Interpretación dos contratos administrativos e concesións administrativas. Caso práctico.
- Tema 3. Modificación dos contratos administrativos e concesións administrativas. Caso práctico.
- Tema 4. Resolución do contratos e extinción de concesións administrativas. Caso práctico.
- Tema 5. Revisión de oficio de actos en materia de contratación pública. Caso práctico.
- Tema 6. Responsabilidade patrimonial derivada da contratación pública. Caso práctico.

Ao finalizar cada sesión abriuse un coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións formuladas polos asistentes.

3.4.- Curso *Recursos Administrativos* (Universidade de Vigo)

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia en colaboración coa Universidade de Vigo.

O curso convocouse por ser unha materia de grande interese xurídico e doutrinal, tendo en conta que todas as actividades administrativas, incluídas as puramente materiais ou de xestión, están suxeitas a eventual recurso administrativo. Así mesmo, a resolución de recursos administrativos dá lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que tramite todo tipo de procedementos administrativos, polo que esta materia presenta especial interese científico e técnico para eles.

Os obxectivos do curso eran:

- Analizar a normativa sobre a revisión de actos firmes e os recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios que se poden interpor fronte a todo tipo de resolucións administrativas.
- Afianzar o coñecemento da normativa en aspectos tan esenciais e decisivos á hora de resolver un recurso como as causas e os prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación ou a funcións dos órganos consultivos.
- Coñecer as novidades xurisprudenciais na materia, facendo especial fincapé na doutrina do Tribunal Supremo, do Tribunal Constitucional, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como tamén do Consello Consultivo de Galicia.

O curso estaba dirixido a persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, con preferencia dos subgrupos A1 e A2, que participa na tramitación deste tipo de expedientes.

O curso desenvolveuse de forma presencial na Sala IV do edificio Miralles do Campus de Vigo os días 4, 6, 11, 13 e 14 de xuño de 2019, cunha duración de 15 horas.

O curso foi impartido por persoal do Consello Consultivo de Galicia.

O programa foi o seguinte:

- A resolución dos procedementos administrativos.
- Os recursos ordinarios: recurso de alzada e recurso de reposición. O recurso extraordinario de revisión.
- A declaración de lesividade dos actos administrativos anulables.
- A revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito.
- Revogación de actos e rectificación de erros. Casos prácticos: compendio de asuntos ditaminados polo Consello Consultivo e a solicitude da Universidade de Vigo e as restantes universidades de Galicia, en relación con revisións de oficio e recursos extraordinarios de revisión.

Ao finalizar cada sesión abriuse un coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións formuladas polos asistentes.

3.5.- Curso *Responsabilidade patrimonial* (Universidade de Vigo)

O curso foi organizado polo Consello Consultivo de Galicia en colaboración coa Universidade de Vigo.

O curso convocouse por ser unha materia de grande interese xurídico e doutrinal, tendo en conta que na regulación do procedemento de exixencia de responsabilidade patrimonial existen múltiples aspectos non resoltos na normativa tales como causas e prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación, a funcións dos órganos consultivos, a cuantificación dos danos, o concepto de nexo causal, os propios requisitos para apreciar un funcionamento anormal dun servizo, entre outros que dan lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal que ordinaria ou eventualmente participa na tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial.

Os obxectivos do curso eran:

- Analizar a normativa sobre a responsabilidade patrimonial e os procedementos administrativos.
- Afianzar o coñecemento da normativa nas súas diferentes dimensións en relación ao funcionamento anormal do servizo público, de autoridades e persoal ao servizo das administracións, do Estado lexislador ou por actos de concesionarios e contratistas.
- Coñecer as novidades xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consejo de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

O curso estaba dirixido ao persoal de administración e servizos (PAS) de acordo coa seguinte preferencia de admisión: grupo A, grupo I, subgrupo C1 que por esta orde ocupen postos de nivel 25, 22, 20, 18 e 16, e subgrupo C2, na mesma orde de nivel do posto anterior e restante PAS.

O curso desenvolveuse de forma presencial na Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do Campus de Vigo os días 18, 19, 21, 22 e 26 de novembro de 2019, cunha duración de 15 horas.

O curso foi impartido por persoal do Consello Consultivo de Galicia.

O programa foi o seguinte:

- Regulación actual, características e presupostos da responsabilidade da Administración.
- A instrución dos procedementos en materia de responsabilidade patrimonial:
  - Procedemento ordinario.
  - Procedemento abreviado.
- A responsabilidade de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.
- Responsabilidade concorrente e responsabilidade derivada de actos xurídicos.
- Casos prácticos sobre responsabilidade patrimonial na Universidade de Vigo, e outras universidades de Galicia.

Ao finalizar cada sesión abriuse un coloquio no que os relatores responderon a todas as cuestións formuladas polos asistentes.

4.- ACTOS E ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS

No transcurso do ano 2019, o presidente do Consello Consultivo de Galicia, José Luis Costa Pillado, asistiu a diversos actos en representación do dito Consello.

Debemos salientar a súa asistencia aos seguintes actos, entre outros:

- Premios da Cultura Galega 2018 -Ayuntamiento de Montederramo-. (11.1.2019).
- Acto académico na honra de San Raimundo de Peñafor -Universidade de Santiago de Compostela- (25.1.2019).
- Presentación do libro Xerardo Fernández Albor e o seu tempo. Cen anos dun presidente. -Colexio de Fonseca, Santiago de Compostela- (31.1.2019).
- Día Internacional da Muller. -Cidade da Cultura de Galicia- (7.2.2019).
- V Congreso APLU, Disciplina urbanística: Estado do Urbanismo e retos para o futuro (10.6.2019).
- Consejo de Redacción de la Revista Española de la Función Consultiva. -Valencia- (13.6.2019).

- Entrega da Memoria ao presidente da Xunta de Galicia. -Santiago de Compostela- (28.6.2019).
- Medallas Castelao 2019, -Santiago de Compostela- (28.6.2019).
- Medallas de Galicia. -Cidade da Cultura, Santiago de Compostela- (24.7.2019).
- Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago, -San Martín Pinario- (25.7.2019)
- Apertura do Curso Académico 2019-2020, -Colexio Fonseca- (6.9.2019)
- Toma de posesión do presidente do TSXG, José M.ª Castroverde, -Pazo da Xustiza, A Coruña (20.9.2019).
- Conferencia Constitucional y Salud, presidente do Tribunal Constitucional, -A Coruña (20.9.2019).
- Acto de apertura do Curso 2019-2020 Universidades españolas, -Paraninfo da Universidade da Coruña- (30.9.2019).
- Premio Fernández Latorre, -Arteixo, A Coruña- (16.10.2019).
- Jornadas de la Función Consultiva. -Palma de Mallorca- (23, 24 e 25.10.2019).
- Comisión 3ª, Comparecencia Orzamentos. Parlamento de Galicia- (30.10.2019).
- Visita institucional do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao Consello Consultivo de Galicia (4.11.2019).



- Estrategia Gallega de Cambio Climático y energía 2050, -Cidade da Cultura- (15.11.2019).
- Acto de saúdo ao Delegado Rexio, D. Miguel Ángel Santalices, -Praza do Obradoiro- (30.12.2019).

5.- CONVENIOS

5.1.- Convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

O Consello Consultivo de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través dun convenio de colaboración en materia da competencias de ambas as institucións.

O convenio vixente para o ano 2019 (asinado o 11.1.2019) persegue a eficacia e eficiencia na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha das institucións, de cara a conseguir un mellor cumprimento dos seus fins, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega. Isto o cal permite unha mellor conciliación da vida laboral e familiar, ao tempo que favorece a formación continua do persoal ao servizo da Administración pública en xeral e ao destinado no Consello Consultivo de Galicia en particular.

En concreto, e ademais de facilitar a participación do persoal dependente do Consello Consultivo de Galicia nas actividades da Escola Galega de Administración Pública, prevé a realización de cursos, xornadas e seminarios, a edición de publicacións e documentos de traballo, e a realización de proxectos de investigación conxuntos.

5.2.- Convenio de colaboración para a incorporación do Consello Consultivo de Galicia ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia

A Secretaría Xeral, en orde ás competencias atribuídas pola Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e pola Resolución do 10.10.2018 de delegación de competencias, publicada no DOG núm. 209 do 2 de novembro, propuxo ao Pleno a subscrición do *Convenio de colaboración para a incorporación do Consello Consultivo de Galicia ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia*, así como a solicitude específica de adhesión ao contrato de servizos postais e telegráficos efectiva no primeiro trimestre do ano 2020.

O Pleno do Consello Consultivo de Galicia do 27.11.2019 dou a súa aprobación por unanimidade á citada proposta da Secretaría Xeral.

5.3. Adhesión da subministración eléctrica do Pazo de Amarante a REDEXGA

Con data 1.4.2019 o Consello Consultivo de Galicia, como titular da facturación da subministración eléctrica do Pazo de Amarante en virtude da estipulación quinta do *"Protocolo de actuación do 15 de maio de 2012 entre Consello Consultivo de Galicia, Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais para a xestión dos gastos de mantemento do edificio Pazo de Amarante",* solicitou a adhesión da subministración eléctrica preexistente a REDEXGA. A dita adhesión fíxose efectiva o 10.4.2019.

6.- *PRACTICUM* DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Coma todos os anos, e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos e alumnas da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes no que o alumnado estivo traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e sobre a doutrina e o modo de elaboración dos ditames, aos cales tiveron acceso directo, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o período, o alumnado realizou un exercicio práctico, que xunto co aproveitamento acadado durante o dito período, conformou a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos eles estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia M.ª José Quintana Acebo.

7.- MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Coma todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello Consultivo de Galicia correspondente ao ano 2018, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril.

A Memoria de Actividades do 2018 presentoulla o presidente do Consello Consultivo de Galicia ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta.

A memoria recolle a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo de Galicia

durante o ano 2018, no que se cumpren 22 anos desde a súa creación, polo que comprende tamén un resumo deste período.

Así mesmo, recolle os ditames que pola súa repercusión social ou importancia xurídica deben ser de xeral coñecemento para as Administracións públicas e operadores xurídicos.

Finalmente, recolle a suxestión de crear un órgano autonómico en materia de protección de datos, así como observacións sobre a elaboración de anteproxectos normativos, e precisións e recomendacións sobre aspectos formais e substanciais do procedemento administrativo que son competencia do Consello.

Ademais, este documento recolle a composición e os medios con que conta este organismo para desenvolver a súa actividade, así como a actividade consultiva con datos estatísticos relativos aos ditames solicitados.

En 2018 foron un total de 484 expedientes: 343 da Comunidade Autónoma, 130 da Administración local, 8 da Administración universitaria, 1 da Administración corporativa e 2 de entes públicos.

Tal e como recolle a memoria, a maioría dos ditames corresponderon a reclamacións de responsabilidade patrimonial, e foron as consellerías de Sanidade e a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda as que maior número de ditames solicitaron. Finalmente, o presidente salientou que ao longo destes 22 anos de existencia, o Consello Consultivo de Galicia informou máis de 15.000 expedientes, neles destaca a Administración autonómica cun 80 % dos expedientes examinados.

A Memoria fai referencia tamén á actividade do Consello Consultivo de Galicia en diversas accións formativas realizadas en colaboración con outras institucións como a Escola Galega de Administración Pública ou as universidades galegas, ademais de participar noutros encontros e xornadas sobre a función consultiva organizadas noutras comunidades autónomas.

A memoria pretende reflectir o que foi un ano de intensa actividade do Consello Consultivo de Galicia, na súa nobre tarefa de velar pola observancia da Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e o resto do ordenamento xurídico.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.

V
VINTE E TRES ANOS DA FUNCIÓN CONSULTIVA

1. DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS EXPEDIENTES DITAMINADOS DURANTE O PERÍODO 1996 – 2019

HISTÓRICO POR NÚMERO DE EXPEDIENTES E ADMINISTRACIÓN DE PROCEDENCIA

ANOS	AD. AUTONÓMICA	% INC.	%S/Total Auto.	AD. LOCAL	% INC.	% S/Total Local	AD. UNIVERS	% INC.	% S/ Total Uni.	AD. CORP	% INC.	% S/Total Corp.	TOTAIS	%INC.
1996	93		0,71%	17		0,55 %	1		0,82 %	0	0	0,00 %	111	
1997	146	56,99 %	1,12 %	18	5,88 %	0,58 %	4	300,00 %	3,28 %	0	0,00 %	0,00 %	168	51,35 %
1998	239	63,70 %	1,83 %	22	22,22 %	0,71 %	5	25,00 %	4,10 %	0	0,00 %	0,00 %	266	58,33 %
1999	306	28,03 %	2,34 %	23	4,55 %	0,74 %	3	-40,00 %	2,46 %	0	0,00 %	0,00 %	332	24,81 %
2000	465	51,96 %	3,56 %	99	330,43 %	3,17 %	2	-33,33 %	1,64 %	0	0,00 %	0,00 %	566	70,48 %
2001	719	54,62 %	5,51 %	93	-6,06 %	2,98 %	2	0,00 %	1,64 %	0	0,00 %	0,00 %	814	43,82 %
2002	650	-9,60 %	4,98 %	169	81,72 %	5,42 %	0	-100,00 %	0,00 %	0	0,00 %	0,00 %	819	0,61 %
2003	703	8,15 %	5,39 %	222	31,36 %	7,12 %	4	*	3,28 %	0	0,00 %	0,00 %	929	13,43 %
2004	583	-17,07 %	4,47 %	181	-18,47 %	5,80 %	4	0,00 %	3,28 %	0	0,00 %	0,00 %	768	-17,33 %
2005	690	18,35 %	5,29 %	229	26,52 %	7,34 %	1	-75,00 %	0,82 %	1	*	0,11 %	921	19,92 %
2006	833	20,72 %	6,38 %	163	-28,82 %	5,23 %	5	400,00 %	4,10 %	0	-100,00 %	0,00 %	1001	8,69 %
2007	902	8,28 %	6,91 %	233	42,94 %	7,47 %	1	-80,00 %	0,82 %	1	*	0,09 %	1137	13,59 %
2008	1437	59,31 %	11,01 %	252	8,15 %	8,08 %	13	1200,00 %	10,66 %	0	-100,00 %	0,00 %	1702	49,69 %
2009	506	-64,79 %	3,88 %	83	-67,06 %	2,66 %	7	-46,15 %	5,74 %	0	0,00 %	0,00 %	596	-64,98 %
2010	459	-9,29 %	3,52 %	109	31,33 %	3,49 %	5	-28,57 %	4,10 %	0	0,00 %	0,00 %	573	-3,86 %
2011	508	10,68 %	3,89 %	133	22,02 %	4,26 %	4	-20,00 %	3,28 %	1	*	0,15 %	646	12,74 %
2012	566	11,42 %	4,34 %	162	21,80 %	5,19 %	3	-25,00 %	2,46 %	1	0,00 %	0,14 %	732	13,31 %
2013	817	44,35 %	6,26 %	171	5,56 %	5,48 %	8	166,67 %	6,56 %	2	100,00 %	0,20 %	998	36,34 %
2014	639	-21,79 %	4,90 %	105	-38,60 %	3,37 %	4	-50,00 %	3,28 %	0	-100,00 %	0,00 %	748	-25,05 %
2015	434	-32,08 %	3,32 %	103	-1,90 %	3,30 %	17	325,00 %	13,93 %	1	*	0,18 %	555	-25,80 %
2016	314	-27,65 %	2,41 %	104	0,97 %	3,33 %	3	-82,35 %	2,46 %	0	-100,00 %	0,00 %	421	-24,14 %
2017	357	13,69 %	2,73 %	145	39,42 %	4,65 %	7	133,33 %	5,74 %	2	*	0,39 %	511	21,38 %
2018	343	-3,92 %	2,63 %	130	-10,34 %	4,17 %	8	14,29 %	6,56 %	3	50,00 %	0,62 %	484	-5,28 %
2019	345	0,58 %	2,64 %	153	17,69 %	4,91 %	11	37,50 %	9,02 %	2	-33,33 %	14,29 %	511	5,58 %
TOTAL	13.054		100%	3.119		100%	122		100%	14		100%	16.309	277,62 %

Evolución expedientes 1996-2019
1800
1600
1400
1200
1000
800
600
400
200
0
111 168 266 332 566 814 819 929 768 921 1001 1137 1702 596 573 646 732 998 748 555 421 511 484 511
1996 1997 1998 1999 2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007 2008 2009 2010 2011 2012 2013 2014 2015 2016 2017 2018 2019

Evolución expedientes Administración 1996-2019
1600
1400
1200
1000
800
600
400
200
0
93 146 239 306 465 719 650 703 583 690 833 902 1437 506 459 508 566 817 639 434 314 357 343 345
1996 1997 1998 1999 2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007 2008 2009 2010 2011 2012 2013 2014 2015 2016 2017 2018 2019

Evolución expedientes Administración local 1996-2019
300
250
200
150
100
50
0
17 18 22 23 99 93 169 222 181 229 163 233 252 83 109 133 162 171 105 103 104 145 130 153
1996 1997 1998 1999 2000 2001 2002 2003 2004 2005 2006 2007 2008 2009 2010 2011 2012 2013 2014 2015 2016 2017 2018 2019

HISTÓRICO POR MATERIAS

ANOS	TOTAIS	INF[5]	REC. INC.	D.L.	APL	CA	PR	PO	RAR	RO	CONT. AD	CsAD	RRP	DTM	CF
1996	111	0	0	0	0	0	21	0	19	14	5	0	37	2	6
1997	168	0	0	0	0	0	22	0	42	30	13	0	56	1	1
1998	266	0	0	0	0	0	35	0	75	26	8	9	104	1	1
1999	332	0	0	0	0	0	27	0	44	33	3	2	221	0	1
2000	566	0	0	0	0	0	19	0	13	14	9	5	495	8	1
2001	814	0	0	0	0	2	25	0	8	17	12	3	738	2	2
2002	819	0	0	0	0	1	20	0	8	24	18	7	737	2	1
2003	929	0	0	0	0	0	28	0	14	24	8	0	848	4	0
2004	768	0	0	0	0	0	25	1	11	20	16	3	684	4	0
2005	921	0	0	0	0	0	29	0	7	53	12	5	808	3	1
2006	1001	0	0	0	0	1	36	1	8	21	10	3	915	0	0
2007	1137	0	0	0	0	1	52	0	4	18	9	6	1044	0	0
2008	1702	0	0	0	0	4	64	0	8	45	12	1	1564	1	1
2009	596	0	0	0	0	1	24	0	8	93	12	2	455	1	0
2010	573	0	0	0	0	4	54	0	8	31	19	2	452	2	1
2011	646	0	0	0	0	7	52	2	6	28	23	3	526	1	0
2012	732	0	0	0	0	0	34	4	7	41	27	4	618	1	0
2013	998	0	0	0	0	1	27	1	5	271	25	1	665	1	2
2014	748	0	0	0	1	0	34	5	9	309	17	0	372	0	1
2015	555	1	2	2	0	1	39	1	8	246	23	0	232	0	0
2016	421	15	1	0	2	1	48	1	8	42	28	2	273	0	0
2017	511	21	0	0	0	0	37	3	9	56	63	1	321	0	0
2018	484	6	0	0	0	0	23	2	5	72	28	0	348	0	0
2019	511	14	0	0	0	0	26	5	7	61	29	1	368	0	0
TOTAIS	16309	57	3	2	3	24	801	26	341	1589	429	60	12881	34	19

[5] **INF**: informes. **REC.INC**: recurso inconstitucionalidade. **D.L.**: decretos lexislativos. **APL**: anteproxectos lei. **CA**: convenios. **PR**: proxecto decreto. **RAR**: recurso ex. revisión. **RO**: revisión oficio. **CONT.AD**: contratos administrativos. **CsAD**: caducidade concesións. **RRP**: responsabilidade patrimonial. **DTM**: termos municipais. **CF**: consultas facultativas

VI
OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS

1.- DOUTRINA DO ANO 2019 DA SECCIÓN DE ESTUDOS E INFORMES

A Sección de Estudos e Informes estará composta pola persoa titular da Presidencia do Consello, quen a presidirá, por unha conselleira ou conselleiro electivo e por unha conselleira ou conselleiro nato, que se designarán anualmente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello. Poderá incorporarse a ela, para a súa intervención limitada a un asunto concreto, outra conselleira ou conselleiro electivo, que se designará na mesma forma.

Compételle a esta sección, entre outras materias, a realización dos informes que solicite a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia. Tamén poderán formular consultas a esta Sección as persoas titulares das entidades locais de Galicia, cando a cuestión reviste especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia nos termos establecidos no artigo 14.3 da Lei do Consello Consultivo.

No ano 2019 coñeceu dun total de 11 solicitudes de informe, dos que merecen ser destacados os seguintes informes:

1.1.- Informe CCG 32/2019, do 20 de febreiro, sobre aplicación de novo sistema retributivo nun concello

A consulta versa sobre se, ao abeiro da vixente lexislación básica estatal e da Comunidade Autónoma de aplicación, os concellos teñen potestade regulamentaria para aprobar un regulamento de carreira horizontal e avaliación do desempeño para o seu persoal funcionario e laboral.

DOUTRINA

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante, TREBEP) e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante, LEPG) dirixen mandatos inequívocos ás administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación, e polo tanto, tamén ás entidades locais (en diante, EELL), en orde ao desenvolvemento regulamentario do sistema de carreira horizontal para o persoal funcionario (arts. 77, 83, 153, 207, DT 5ª, DT 8ª da LFPG, e arts. 16, 20, 37 do TREBEP).

Estes preceptos diríxense con carácter xeral a todas as administracións, sen distinción de EELL co resto, e particularmente no relativo á negociación colectiva que cada Administración ten que levar a cabo en relación con estas materias (art. 37.b e d).

Polo demais, resultan plenamente coherentes coa potestade de autoorganización e a potestade regulamentaria recoñecidas ás EELL con carácter xeral no art. 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL) e art. 6.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración local de Galicia (en diante, LALG), e co principio de autonomía local constitucionalmente consagrado (art. 140 Constitución Española), tamén recollido no art. 2.1 da LBRL, art. 1 da LALG, así coma no art. 3.1 da Carta Europea de Autonomía Local, e a xurisprudencia que desenvolveu este acervo normativo.

En definitiva, as EELL teñen competencias regulamentarias para a regulación das condicións de traballo do seu persoal, e en concreto, teñen potestade para aprobar un regulamento de carreira horizontal e avaliación do desempeño.

Unha vez aprobado o regulamento de carreira horizontal e avaliación do desempeño, previa a tramitación legalmente procedente, e dentro do marco competencial e material establecido polo TREBEP e LEPG, ás EELL poden proceder á súa aplicación, sempre dentro dos principios, criterios e bases establecidos na normativa anteriormente citada.

1.2.- Informe CCG 135/2019, do 3 de maio. "Informe sobre a posibilidade da creación no cadro de persoal do nun concello para o ano 2019, dentro da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, a clase de Técnicos Superiores de Formación Profesional, encadradas no grupo B, nas especialidades nas que xa existen prazas no cadro para as que se esixiron para o acceso a titulación de Técnicos Especialistas, Técnicos Superiores de Formación profesional ou equivalentes"

A consulta versa sobre a posibilidade da creación no cadro de persoal dun concello para o ano 2019, dentro da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, a clase de Técnicos Superiores de Formación Profesional, encadradas no grupo B, nas especialidades nas que xa existen prazas no cadro para as que se esixiron para o acceso a titulación de Técnicos Especialistas, Técnicos Superiores de Formación profesional ou equivalentes.

DOUTRINA

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (en diante, TREBEP) regula os grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira, de acordo coa titulación esixida para o acceso a estes, e dentro deles o "Grupo B" esixindo para o acceso ao mesmo estar en posesión do título de técnico superior. Nun

sentido similar pronunciase o art. 42.b) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante, LEPG).

Pola súa banda, o art. 131 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, -non afectada pola disposición derrogatoria única do TREBEP-, establece que a estrutura dos grupos profesionais das Entidades Locais (en diante, EELL) deberá respectar a lexislación básica do Estado, e particularmente a titulación esixida para o ingreso.

Completando esta regulación o art. 244 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en diante, LALG) establece que corresponde a cada Corporación local determinar os corpos, as escalas, as prazas e as categorías dos seus funcionarios, que se agruparán de acordo cos grupos de titulación establecidos pola lexislación básica estatal, vendo referendada esta potestade de autorganización, intrínseca no principio de autonomía local consagrado constitucionalmente, no propio art. 72 do referido TREBEP cando determina que as administracións públicas, e polo tanto as EELL, estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan, entre outras, os grupos de clasificación profesional dos funcionarios nos que se atopa o aquí contemplado grupo B e a titulación esixida.

Así as cousas, resulta evidente que non hai obstáculo legal para a creación de escalas e subescalas encadradas no Grupo B, esixindo para o acceso a estas a titulación establecida pola lexislación básica estatal. Para o novo acceso ao grupo B, ademais do requisito da titulación, é imprescindible superar un proceso selectivo -oposición, concurso-oposición ou concurso- baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

1.3.- Informe CCG 163/2019, do 8 de maio, sobre diversas cuestións formuladas sobre o pagamento de gastos realizados sen crédito orzamentario

A solicitude versa sobre a tramitación a seguir para o pagamento de gastos realizados sen respectar a normativa aplicable, e polo tanto omitindo totalmente ou nos seus trámites esenciais, o procedemento legalmente establecido.

DOUTRINA

A potestade de poñer en marcha o mecanismo do recoñecemento extraxudicial de créditos concirne á existencia dun crédito contra a entidade local para o atendemento do cal non existe dotación orzamentaria, o que é independente do que na orixe dese

crédito se atope un acto susceptible de ser sometido ao procedemento de revisión de oficio por apreciarse en tal acto un vicio encadrable nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito.

É posible que se advirta a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito, pero iso non arrastra como inevitable consecuencia o que non exista posibilidade de recoñecer o mesmo sen unha previa anulación do acto que amparou a prestación do contratista. Bo exemplo diso o proporciona o art. 28.2 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local. Ese precepto regulamentario, que ten o seu precedente na Circular 3/1996, do 30 de abril, da Intervención Xeral do Estado, pola que se ditaban instrucións sobre a función interventora, deixa ao xuízo do interventor a valoración da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, "*que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se tiveran producido*". Por outra parte engade que "*Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto se materializará acudindo á vía de indemnización de danos e perdas derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de terse producido un enriquecemento inxusto no seu favor ou de incumprir a obrigación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar a dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións fora inferior ao que se propón*", texto cuxo contido exclúe calquera formulación que preconice que ao recoñecemento extraxudicial de créditos debe preceder, en todo caso, a necesaria anulación, a través do procedemento da revisión de oficio, dos actos ou contratos administrativos que se atopen na orixe do crédito a recoñecer.

Esa anulación antóllase, ademais, carente de utilidade, en canto que o que dela se derivaría non sería outra cousa que ou ben posibilitar a apreciación da existencia dun enriquecemento inxusto, o que sería posible apreciar, de igual modo, seguindo directamente o procedemento do recoñecemento extraxudicial de créditos, ou ben, posibilitar a indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que tivera sufrido, no suposto previsto no art. 42.1 da vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014, (en diante, LCSP), todo o cal, cando se trate de prestacións efectivamente realizadas, por prezo axustado ao do mercado, consentidas pola entidade local e realizadas no seu

beneficio, conduciría a que o importe da indemnización viría a coincidir normalmente cos prezos pactados.

O contido do art. 41.1 da LCSP abunda na idea de que a presenza dunha causa de nulidade na contracción do crédito non faculta nin obriga en todo caso ao Pleno ou a Xunta de Goberno Local a seguir o procedemento da revisión de oficio.

Cando tal precepto legal prevé que a revisión de oficio dos actos preparatorios e dos actos de adxudicación dos contratos efectuaranse de conformidade co establecido no Capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (en diante, LPAC) estase remitindo en bloque a un capítulo, no que se inclúe o art. 110, expresivo de que "*As facultades de revisión establecidas neste Capítulo, non poderán ser exercidas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis*". Ese artigo 110 da LPAC supón que se unha vez ponderada a situación e circunstancias do caso se apreciase que as mesmas teñen encaixe naquelas ás que tal precepto se refire, entre as que cabería incluír a inexistencia de advertencia da inminente finalización dun contrato, e iso levase como consecuencia asociada unha vulneración da equidade, da boa fe, do dereito dos particulares ou das leis, queda a Administración desapoderada daquela facultade de revisión de oficio.

Como antes se indicou, a Administración non pode exercitar a facultade de revisión de oficio cando no caso concreto concorren as circunstancias e razóns previstas no artigo 110 LPAC, polo que é indubidable que só a ela corresponde apreciar tal concorrencia en canto que a súa apreciación debe ser necesariamente previa ao inicio do procedemento de revisión cando ese inicio pretende efectuarse de oficio.

Na mesma liña móvese o artigo 28 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, que non condiciona a decisión de non seguir o procedemento de revisión de oficio, tras a ponderación das circunstancias que en tal artigo se prevén, á existencia dun ditame favorable do órgano consultivo.

1.4.- Informe CCG 188/2019, do 12 de xuño, sobre a emisión das actas plenarias en documento electrónico multimedia coa incorporación de arquivo audiovídeo

A consulta versa sobre a posibilidade legal, de acordo coa normativa vixente, de redacción en papel das actas dos órganos colexiados das Administracións locais, das resolucións e dos libros dunhas e outros.

DOUTRINA

A extensión das actas por medios electrónicos, inclúan ou non a incorporación do arquivo audiovisual das sesións, exclúen e non precisan da elaboración do extracto en papel, ao que se refire o artigo 3, apartado d), do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, comprensivo dos datos que se mencionan na aludida disposición.

Os únicos requisitos esixibles as actas en soporte electrónico das sesións dos órganos de goberno das Corporacións locais son, para que gocen de plena validez, os esixidos con carácter xeral polo artigo 43 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP); é dicir, que estean asinados electronicamente, mediante un dispositivo de firma electrónica recoñecida ou cualificada que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica, de modo que quede asegurada a autenticidade e integridade do documento electrónico, así como a identificación do funcionario asinante e a data na que se produce a sinatura, mediante un dispositivo de selado de tempo real. Xunto cos requisitos que debe reunir a acta en soporte electrónico para a súa validez, é preciso ter en conta que, consonte co disposto no artigo 17 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC) e 46 da LRXSP relativos á conservación e custodia dos documentos electrónicos, as actas incorporadas ao libro de actas deben ser incluídas no arquivo electrónico único que debe levar e ter dispoñible cada corporación, de modo que quede garantida a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación das actas e do libro electrónico que as incorpora.

Se, consonte co establecido no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e tras acordo do pleno, se opta porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión, non será preciso facer constar na acta as deliberacións. A incorporación da gravación audiovisual da sesión deberá revestir idénticas garantías que se esixen as actas textuais confeccionadas en soporte electrónico sen incorporación da gravación en soporte audiovisual da sesión. É dicir, debe asegurarse a autenticidade e integridade da gravación mediante o emprego de firma electrónica recoñecida ou cualificada que reúna idénticos requisitos ca no suposto da non incorporación da gravación. É preciso salientar que o único extremo que se pode omitir da acta da sesión, cando se incorpore a gravación audiovisual, é o relativo ás deliberacións,

quedando subsistentes todas as restantes mencións recollidas no artigo 2.3.a) do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro. A efectos prácticos, e para o caso de que non se dispoña dunha aplicación informática que permita localizar de forma doada e rápida a intervención dos membros da corporación, é aconsellable facer constar na acta o intre temporal no que se produce a intervención de todos e cada un dos membros da corporación, sen facer constar ningunha outra aclaración, de modo que sexa sinxelo acceder ao tramo de gravación no que se produciu a intervención.

En conclusión, a criterio deste Consello Consultivo, cando se utilicen medios electrónicos para a elaboración das actas dos órganos colexiados da Administración local, non é preciso en ningún caso a elaboración dun resumo da acta en soporte papel, non sendo preciso tampouco a consignación das opinións sintetizadas dos membros da Corporación nos casos nos que se acorde a incorporación a acta da gravación audiovisual da sesión.

1.5.- Informe CCG 233/2019 sobre a aplicación do Decreto 72/2004, do 2 de abril, respecto daqueles ámbitos incluídos nas zonas especiais de conservación da Rede Natura 2000 de Galicia clasificados como solo urbano consolidado ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

A consulta versa sobre determinados supostos nos que os organismos con competencias en materia de protección medioambiental informan desfavorablemente, e en consecuencia prohiben totalmente a edificación residencial en ámbitos nos que por aplicación do planeamento urbanístico resulta permitido.

Esta situación xera inseguridade xurídica para os propietarios do solo, que poden verse na situación de non poder edificar a pesar de que o planeamento urbanístico o permite.

DOUTRINA

Á vista da normativa legal analizada no ditame, e da regulación contida no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, debe concluírse na existencia dun título de intervención da Comunidade Autónoma de Galicia, na realización de edificacións nos espazos incluídos nas Zonas Especiais de Conservación declaradas no Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

Este título de intervención permite, xa que logo, ben permitir, ben impedir ou condicionar a edificación naqueles espazos, malia que os terreos en cuestión teñan a condición de solo urbano, co réxime xurídico do solo urbano consolidado, de acordo coa disposición transitoria primeira, número 2 da Lei do solo de Galicia.

Así as cousas, debe concluírse que o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, resulta aplicable ao solo urbano ao que se refire a disposición transitoria primeira, número 2, letra a), da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), debendo prevalecer as previsións do Plan director sobre as recollidas nas normas de ordenación urbanísticas vixentes cando non estean adaptadas a aquel Plan director ou resulten contraditorias co mesmo. A prevalencia do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, sobre o planeamento urbanístico non adaptado a aquel, foi tamén referendada na recente Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16.4.2019, salientando como a literalidade da disposición transitoria primeira da LSG non permitía por si mesma a edificación en espazos incluídos na Rede Natura 2000.

1.6.- Informe CCG 297/2019, do 11 de setembro, sobre cuestións relacionadas coa aplicación do Real decreto lexislativo 17/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, aplicable aos supostos de abastecemento conxunto para varios concellos

O artigo 123 do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas (en diante, RDPH), que establece que cando se trate da concesión de augas para o abastecemento conxunto de poboacións pertencentes a varios municipios, a instancia deberá vir subscrita pola mancomunidade, consorcio ou entidade semellante a que fai referencia o artigo 89 do Real decreto lexislativo 17/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (en diante, TRLA).

Actualmente en Galicia existen situacións nas que un concello é titular dunha concesión administrativa para o abastecemento de auga do seu municipio pero ademais abastece a outro ou outros concellos próximos que carecen de concesión, xa que conforme ao citado artigo do RDPH, esixe para o outorgamento de concesión para o abastecemento de auga a varios concellos, que a solicitude se formule por unha mancomunidade, consorcio ou entidade semellante ou que todos os concellos reciban a auga a través dunha mesma empresa concesionaria, situación que na

maioría dos casos resulta imposible ante a negativa dalgún concello a constituír estas entidades.

A consulta formulada versa, resumidamente, sobre se, nun sistema de abastecemento conxunto de augas a poboacións pertencentes a varios concellos, sería título suficiente para acreditar a utilización e dispoñibilidade xurídica dos recursos hídricos por parte dun determinado concello, a efectos da emisión do informe ao que se refire o artigo 25.4 do TRLA e daqueles supostos nos que se requira acreditar a dita dispoñibilidade, a subscrición dun contrato ou convenio entre o concello titular da concesión e os outros concellos que reciben abastecemento deste, e no que se defina o caudal que se subministra ou cede ao correspondente concello.

DOUTRINA

No ordenamento actual, o único título xurídico que habilita aos concellos para a incorporación da auga ao servizo municipal de abastecemento domiciliario é a concesión, ben outorgada para o servizo público de abastecemento dunha poboación ben para o abastecemento conxunto de varias poboacións.

Non obstante o anterior, convén observar que o actual réxime xurídico foi implantado pola Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, que entrou en vigor o 1.1.1986, polo cal tal réxime non pode ser extrapolado, consonte ao establecido na disposición transitoria primeira, apartado 1, da Lei 29/1985, do 2 de agosto, aos suposto de titularidades de aproveitamentos de augas públicas adquiridas, antes daquela entrada en vigor, en virtude de concesión administrativa ou prescrición acreditada.

Por tal razón, pode afirmarse que se a concesión outorgada a un concello antes do 1.1.1986 tiña por finalidade abastecer tanto á poboación dese municipio como a outras poboacións pertencentes a varios municipios, esa concesión esténdese a todos e cada un deses municipios e todos e cada un deles terán adquirido por concesión dereito ao uso privativo da auga, por máis que non se atopasen constituídos en Mancomunidades, Consorcios ou outras entidades semellantes ou non recibisen a auga a través dunha mesma empresa concesionaria, pois baixo o réxime da Lei de augas de 13.6.1879 non existía un condicionamento do outorgamento de concesións para abastecemento de augas a varias poboacións a ningún tipo de asociación voluntaria dos entes locais ou a unha unidade de empresa concesionaria.

De igual forma pode afirmarse, en interpretación conxunta do art. 149 da Lei de augas de 13.6.1879 e da disposición transitoria primeira, apartado 1, da Lei 29/1985, do 2 de agosto, que o mesmo dereito ao uso privativo da auga o terán adquirido aqueles

municipios que ao tempo de entrada en vigor desta última lei tivesen gozado durante 20 anos dun aproveitamento de augas públicas para o abastecemento á poboación, aínda cando ese abastecemento o viñesen recibindo a través doutro ou outros municipios.

En consecuencia, en ambos casos será o contido do título do aproveitamento o que determinará e servirá para acreditar o alcance do dereito de cada concello ao uso privativo da auga, e, polo tanto, a dispoñibilidade xurídica do recurso por parte dos concretos concellos.

Pola contra, se a un concreto municipio non lle alcanza unha concesión outorgada antes do 1.1.1986, nin ese municipio adquiriu un aproveitamento de augas públicas para o abastecemento á poboación por prescrición gañada antes desa data, só terá tal municipio dispoñibilidade xurídica do recurso cando ostente un título administrativo concesional, xa o sexa por concesión outorgada para o servizo público de abastecemento da poboación dese municipio concreto ou xa o sexa por estar integrado nunha Mancomunidade, Consorcio ou entidade análoga á que se tivera outorgado concesión para o servizo de abastecemento conxunto de varias poboacións. A ausencia dese título non pode ser suplida pola subscrición dun contrato ou convenio entre o concello que non dispoña de concesión e outro do que reciba o abastecemento de auga e sexa titular dunha concesión, tanto mais canto que tal convenio formalizaría unha cesión do dereito ao uso da auga que entraría en contradición co establecido no art. 67.1 TRLA, que só autoriza a cesión da totalidade ou parte dos dereitos de uso cando esa cesión medie entre concesionarios ou titulares dalgún dereito ao uso privativo das augas, o que non acontece cando o concello cesionario carece desas titularidades.

1.7.- Informe CCG 317/2019, do 2 de outubro, sobre a situación administrativa na que procede declarar ao persoal funcionario da policía local tras o acceso a prazas desta categoría noutras administracións locais, pola quenda de mobilidade, ao abeiro dos artigos 35 e seguintes da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policías locais de Galicia e demais normativa de desenvolvemento

A consulta formulada, versa sobre cal é a natureza xurídica -sistema selectivo para a cobertura de prazas vacantes ou un sistema de provisión de postos vacantes aberto a outras administracións- do sistema de mobilidade establecido na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policías locais (en diante, LCPL) e no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a devandita Lei para o acceso, polo sistema de concurso, a prazas vacantes nos corpos da policía local por parte de funcionarios doutros corpos de policía de Galicia.

DOUTRINA

O artigo 35 LCPL, na redacción establecida pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, contempla, baixo o epígrafe de "*Ingreso na categoría de policía*", dous sistemas de acceso a tal categoría. Un xeral, o sistema de oposición libre, regulado nos tres primeiros parágrafos do precepto e que posibilita o acceso á función pública a través do ingreso no corpo de policía dun determinado concello, e outro especial, o concurso, regulado no parágrafo cuarto e que posibilita a quen xa é funcionario do corpo da policía local dun determinado concello ingresar coa mesma categoría no corpo de policía local de distinto concello.

Ambos son sistemas de acceso para o ingreso *ex novo* en corpos de policía local, e, por ende, os procesos que deben superarse para ese ingreso participan desta natureza de procesos selectivos.

Nese sentido, de considerar ao sistema de mobilidade como sistema de acceso, non de provisión de postos de traballo, maniféstanse os artigos 34 e 36 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a LCPL.

Esa é igualmente a doutrina que se extrae das SSTSXG do 4.7.2012 e 17.7.2019.

Obviamente, se persoal funcionario do corpo da policía local dun concello accede ao corpo de policía local doutro concello a través do sistema de acceso previsto no artigo 35.4 LCPL, ese persoal deberá ser declarado na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público.

1.8.- Informe CCG 292/2019, do 20 de novembro, sobre a cesión de espazos libres de dominio público no subsolo nun concello

A consulta versa sobre a posibilidade da cesión a particulares dos espazos de dominio publico, aos efectos de facilitar a accesibilidade universal. E no caso de ser a resposta afirmativa, formulase unha segunda cuestión sobre se é preciso contemplar as condicións de exercicio desa facultade a través dunha norma previa (ordenanza de accesibilidade, normativa do Plan xeral, etc.) que sinale os supostos e requisitos que permitan esta posibilidade.

A formulación desa consulta vén precedida da exposición pola Administración consultante dunha primeira dúbida: se a desaparición da específica facultade que

recollía o artigo 47.8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), de permitir a utilización do subsolo dos espazos de dominio público para aparcadoiros privados, supón unha prohibición da cesión dos espazos de dominio público.

DOUTRINA

O texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobada polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro (en diante, TRLSRU), despois de proclamar no artigo 5.b) como dereito de todos os cidadáns o de acceder, en condicións non discriminatorias e de accesibilidade universal, á utilización das dotacións públicas e aos equipamentos colectivos abertos ao uso público, de acordo coa lexislación reguladora da actividade de que se trate, e despois tamén de establecer, no artigo 20.1.c), o deber das administracións públicas, e en particular das competentes en materia de ordenación territorial e urbanística, de atender, na ordenación que fagan dos usos do solo, ao principio de accesibilidade universal, establece no artigo 24.4 que:

> *"será posible ocupar las superficies de espacios libres o de dominio público que resulten indispensables para la instalación de ascensores u otros elementos que garanticen la accesibilidad universal, así como las superficies comunes de uso privativo, tales como vestíbulos, descansillos, sobrecubiertas, voladizos y soportales, tanto si se ubican en el suelo, como en el subsuelo o en el vuelo, cuando no resulte viable, técnica o económicamente, ninguna otra solución y siempre que quede asegurada la funcionalidad de los espacios libres, dotaciones y demás elementos del dominio público. Los instrumentos de ordenación urbanística garantizarán la aplicación de la regla básica establecida en el párrafo anterior, bien permitiendo que aquellas superficies no computen a efectos del volumen edificable, ni de distancias mínimas a linderos, otras edificaciones o a la vía pública o alineaciones, bien aplicando cualquier otra técnica que, de conformidad con la legislación aplicable, consiga la misma finalidad".*

A admisión polo TRLSRU da ocupación das superficies de espazos libres ou de dominio público para a instalación de calquera elemento que garanta a accesibilidade universal, tanto se coloque no solo como no subsolo ou no voo, o feito de que esa norma estableza a preceptividade de que os instrumentos de ordenación urbanística apliquen calquera técnica para garantir a dita finalidade, así como o dato evidente de que tal precepto legal non impón que sexa o ascensor ou elemento de que se trate o que precisamente ocupe o dominio público, senón que, polo contrario, a ocupación do

mesmo se prevé para facer posible a "*instalación*" deses elementos, son circunstancias que propician unha ocupación do subsolo de espazos libres ou de dominio público a efectos de facilitar o acceso directo peonil dende os edificios limítrofes ate un aparcamento público, pois non se exclúe que ese acceso directo sexa unha técnica utilizable para garantir aquel principio de accesibilidade universal.

A posibilidade de ocupar as superficies de espazos libres ou de dominio público que resulten indispensables para a instalación de elementos que garantan a accesibilidade universal, contemplase no artigo 13.2 da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, como efecto derivado da delimitación espacial dun ámbito de rehabilitación edificatoria ou de rexeneración ou renovación urbanas.

Será polo tanto o acordo aprobatorio desa delimitación, unha vez firme na vía administrativa, o que lexitima a ocupación das superficies de espazos libres ou de dominio público que sexan de titularidade municipal, e será a aprobación definitiva do dito acordo causa suficiente para que se estableza unha cesión de uso do solo, como así prevé o citado precepto legal.

2.- PROXECTOS NORMATIVOS

Os datos que constan neste apartado son datos de ditames emitidos no ano 2019, que non coinciden cos datos do anexo da memoria porque existen expedientes do ano 2018 ditaminados no ano 2019 e expedientes do ano 2019 que quedaron pendentes de emisión de ditame para o ano 2020.

O Pleno do Consello Consultivo de Galicia ditaminou no exercicio un total de 24 Proxectos de Decreto do ano 2019, ordenados cronoloxicamente segunda a data de emisión do ditame (no ano 2019 tiveron entrada 26 Proxectos de Decreto, quedando 2 pendentes de emisión para o ano 2020):

Ano 2019: 24 Proxectos de Decretos emitidos:

- CCG 10/2019: Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- CCG 38/2019: Proxecto de decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.

- CCG 66/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.
- CCG 76/2019: Proxecto de decreto polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas en materia de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.
- CCG 81/2019: Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.
- CCG 124/2019: Proxecto de decreto polo que se regula a composición da Comisión Interdepartamental en materia de educación e saúde.
- CCG 180/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia (nova valoración de méritos para a contratación de persoal en tarefas de alto risco).
- CCG 190/2019: Proxecto de decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre.
- CCG 207/2019: Proxecto de decreto polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.
- CCG 230/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- CCG 250/2019: Proxecto de decreto polo que se aproban medidas en materia de planificación de autorizacións de instalación de salóns de xogo e tendas de apostas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- CCG 266/2019: Proxecto de decreto polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia.

- CCG 295/2019: Proxecto de decreto polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, aprobados no Decreto 52/2018, do 5 de abril.
- CCG 290/2019: Proxecto de decreto polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de Galicia.
- CCG 294/2019: Proxecto de decreto polo que se crea e se regula o Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto.
- CCG 350/2019: Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo.
- CCG 322/2019: Proxecto de decreto de inspección ambiental de Galicia.
- CCG 378/2018: do 16 de outubro de 2019. Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia no deporte e o procedemento sancionador na materia.
- CCG 388/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.
- CCG 420/2019: Proxecto de decreto polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros.
- CCG 391/2019: Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.
- CCG 465/2019: Proxecto de decreto polo que se modifican os Estatutos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, aprobados polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro.
- CCG 487/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.
- CCG 476/2019: Proxecto de decreto polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Para o ano 2020 quedaron pendentes de emisión de ditame 2 Proxectos de Decreto que tiveron entrada no ano 2019:

- CCG 493/2019: Proxecto de decreto polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.
- CCG 508/2019: Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Ademais, o Pleno do Consello Consultivo de Galicia ditaminou no exercicio 6 proxectos de orde (1 proxecto de orde do ano 2018 que estaba pendente de emisión de ditame e 5 proxectos de orde do ano 2019, ordenados cronoloxicamente segundo a data de emisión do ditame):

Ano 2018 (pendente de ditame, emitido no 2019): 1 Proxecto de Orde:

- O ditame CCG 470/2018: Proxecto de orde pola que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 9/2016, do 8 de xullo, para regular o acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, con funcións de control de tráfico urbano nos concellos foi emitido polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia o 23.1.2019.

Ano 2019: 5 Proxectos de Orde:

- CCG 36/2019: Proxecto de orde pola que se regulan os distintivos identificativos dos vehículos dedicados ao arrendamento de vehículos a motor cuxa autorización se atope domiciliada en Galicia.
- CCG 113/2019: Proxecto de orde pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.
- CCG 178/2019: Proxecto de orde pola que se regula a xestión das contas bancarias onde se depositan os fondos integrantes da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia.
- CCG 229/2019: Proxecto de orde pola que se regulan os procedementos de modificación orzamentaria e figuras asimiladas no sector público autonómico.

- CCG 276/2019: Proxecto de orde sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.

Total do ano 2019: 24 proxectos de decreto emitidos e 6 proxectos de orde emitidos: 30 ditames.

En particular, interesa destacar a doutrina establecida en relación cos asuntos que se citan a continuación.

2.1.- Ditame CCG 190/2019, do 19 de xuño. Proxecto de decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre

De conformidade co artigo 2.1, letra c), do proxecto:

> *"1. Nos terreos comprendidos na zona afectada pola servidume de protección poderán realizarse, sen necesidade de autorización sectorial en materia de costas:*
>
> *(...)*
>
> *c) Instalacións temporais de carácter puntual ou cunha duración non superior a cinco días para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas ou deportivas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre, que, en todo caso, deberán solicitar informe previo do órgano autonómico competente en materia de costas".*

No mesmo sentido o artigo 6.2 do proxecto establece:

> *"2. Requirirán informe autonómico as instalacións temporais de carácter puntual ou cunha duración non superior a cinco días, para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas ou deportivas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre.*
>
> *A presentación destas solicitudes deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de inicio do evento, prazo no que deberá emitirse o informe. Transcorrido este prazo sen que se tivese comunicado o informe solicitado, entenderase emitido en sentido favorable".*

Así mesmo, o artigo 7.1 do proxecto establece a necesidade da persoa interesada de solicitar o informe en cuestión mediante un formulario dirixido á consellería con competencias en materia de servidume de protección, e cuxo formulario consta no anexo I do proxecto, sendo este común para a solicitude de autorizacións e informes:

> *"A solicitude das autorizacións ou informes autonómicos para as actuacións descritas no artigo anterior, deberá presentarse, preferiblemente, por vía electrónica, dirixida ao Servizo provincial de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na que se emprace a actuación, a través formulario normalizado MT701A (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal".*

Neste estado de cousas, é preciso partir do feito de que nin a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (en diante, LC) e o Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, que aprobou o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (en diante, RXC) prevén este mecanismo de intervención da Administración autonómica na zona de servidume de protección e, de feito, o artigo 49.1 do RXC establece como único título administrativo habilitante para os usos permitidos na zona, fóra dos supostos de declaración responsable previstos na LC e no RXC, a autorización da Administración autonómica.

Polo tanto, non pode admitirse a intercambiabilidade da técnica autorizatoria prevista na normativa básica en materia de costas como título habilitante, pola emisión dun informe que debe solicitar a persoa interesada. Este último extremo, que a persoa interesada sexa quen solicite o informe, xa reflexa o difícil encaixe do informe previsto no decreto como título habilitante para os usos permitidos na zona de servidume, e isto porque, a falta dunha previsión específica na normativa básica de costas que estableza outra cousa para o caso, a solicitude de emisión de informes forma parte da instrución dun procedemento administrativo (artigos 79 e ss. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC)), realizándose tal solicitude de oficio polo órgano que tramite o procedemento (artigo 75.1), procedemento que debe finalizar co ditado dunha resolución administrativa (artigo 21.1 da LPAC, xunto cos supostos de estimación ou desestimación presunta e os supostos excepcionais do artigo 84.1 da LPAC).

En conclusión, non existindo unha previsión específica na LC ou no RXC, o proxecto de decreto non pode mudar o título de intervención administrativa para os usos permitidos na zona de servidume de protección, resultando, ademais, un informe a solicitude da persoa interesada unha figura extravagante para tal fin.

Doutra banda, e por razóns de seguridade xurídica, resulta imprescindible determinar cal é o órgano administrativo con competencia para ditar a resolución no procedemento de autorización autonómica na zona de servidume de protección, así como determinar se esta resolución pon, ou non, fin á vía administrativa para os efectos da posible

interposición de recursos administrativos ou xurisdiccionais (neste sentido, os CCG 449/2015 ou 12/2016).

O artigo 30 do proxecto regulaba a presentación da declaración responsable para a realización de usos permitidos na zona de servidume de protección de acordo co previsto na disposición transitoria cuarta e 13 bis da LC.

No seu número 2 o artigo 30 refire que *"Serán de aplicación no presente procedemento o previsto para a tramitación electrónica nos artigos 7, 8, 9, 10 e 14 deste decreto"*.

Pois ben, á marxe da dificultade de identificar un procedemento para a presentación dunha declaración responsable (que se cifra unicamente naquela presentación, sen prexuízo das ulteriores actuacións de control e comprobación por parte das administracións públicas), é preciso considerar que a aquela presentación non lle poden resultar aplicables os artigos 8, 10, 11 e 14 do proxecto.

Así, polo que respecta ao artigo 8 do proxecto, relativo á documentación que se debe achegar xunto coa solicitude de autorización, tal esixencia para o caso dunha declaración responsable merece un xuízo negativo desde a perspectiva da legalidade pois, como dispón o artigo 69.1 da LPAC, na figura da declaración responsable a persoa interesada simplemente declara que conta coa documentación que acredita que cumpre cos requisitos para o uso en cuestión e que a porá a disposición da administración cando lle sexa requirida:

> *"Artigo 69. Declaración responsable e comunicación.*
>
> *1. Para os efectos desta lei, entenderase por declaración responsable o documento subscrito por un interesado en que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá ao dispor da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio".*

Polo tanto, a falta dunha previsión legal específica que obrigue á presentación daquela documentación complementaria xunto coa declaración responsable, a presentación desta última exonera á persoa declarante de achegar xustificación documental nese intre do cumprimento dos extremos declarados (neste sentido, os CCG 156/2015 e 162/2018).

Polo que respecta ao artigo 10, relativo aos trámites posteriores á presentación da solicitude, tampouco pode aplicarse á figura da declaración responsable, xa que a

persoa interesada, logo da presentación da declaración, non precisa realizar ningún trámite adicional para o desenvolvemento do uso permitido na zona de servidume de protección.

Tampouco pode aplicarse á figura da declaración responsable a regulación contida no artigo 14 do proxecto, relativo á notificación das resolucións administrativas, pois a presentación da declaración responsable non comporta, en principio, o ditado de ningunha resolución administrativa.

Dito o que precede, se o que se pretende é establecer a aplicación destes artigos para o procedemento de exercicio das facultades de comprobación, control e inspección da administración pública previstas no artigo 69.1 da LPAC e 32 do proxecto, debe sinalarse que nada obsta á aplicación ao procedemento de exercicio destas facultades do previsto nos artigos 10 e 14 do proxecto, mais esta aplicación deberá referirse claramente ao exercicio destas facultades, e non á presentación da declaración responsable. En todo caso, unha previsión neste sentido acadaría un mellor acomodo sistemático no artigo 32 do proxecto.

O artigo 32 do proxecto de decreto regulaba os efectos da declaración responsable para a realización de usos permitidos na zona de servidume de protección ao abeiro da disposición transitoria cuarta e 13 bis da LC.

En concreto o seu número 4 alude á resolución da Administración pública que declare a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se achegue coa declaración responsable, sinalando como:

> *"Así mesmo, a resolución motivada da Administración Pública que declare tales circunstancias, comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento do exercicio do dereito, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante tres meses contados dende a súa notificación".*

No que atinxe á imposibilidade da persoa interesada de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un prazo de tres meses, debe considerarse que o precitado artigo 69.4 da LPAC supedita tal imposibilidade á súa previsión nunha norma con rango de lei.

Carecendo, xa que logo, a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante o prazo de tres meses, do preciso amparo legal, a previsión regulamentaria examinada resulta non conforme a Dereito.

Con relación a esta disposición adicional primeira, cómpre facer as seguintes observacións, xa realizadas por este Consello Consultivo de Galicia no CCG 276/2018.

Así, en primeiro lugar e polo que atinxe ao parágrafo primeiro da disposición, a designación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda como responsable do tratamento dos datos de carácter persoal non parece o máis indicado de acordo co que deseguido se expón. O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) (en diante, RXPD), atribúe no artigo 12 importantes funcións ao "*responsable do tratamento"* e que fundamentalmente, gardan relación co deber de información á parte interesada do contido dos artigos 13 e 14, 15 a 22 e do artigo 34, polo que non parece o máis lóxico e operativo designar responsable do tratamento á Consellería en vez de designar ao organismo dependente da Consellería que asuma a tramitación directa das solicitudes e dos expedientes, que é quen está nas mellores condicións para informar cumpridamente ás persoas solicitantes ou declarantes.

Por outra banda, o artigo 13.1.a) do RXPD, establece que cando se obteñan da parte interesada datos persoais relativos a el, o responsable do tratamento, no momento no que se obteñan, facilitaralle, entre outra información, a seguinte: a identidade e os datos de contacto do responsable. Na disposición adicional non se consigna ningún dato de contacto, que debería comprender o seu enderezo postal, correo electrónico e teléfono.

As observacións que preceden deben estenderse aos dous anexos do proxecto de decreto, no que se refire á "*Información básica sobre protección de datos persoais*".

Noutra orde de cousas, o último parágrafo da disposición adicional prevé que as persoas interesadas poderán retirar o seu consentimento para o tratamento de datos, disposición que se desaxusta do réxime establecido no RXPD, e iso por canto, de conformidade co artigo 6.1.e) do precitado RXPD, o tratamento non require consentimento da parte interesada, de modo que non é posible retirar o que non foi outorgado, non sendo preciso, tampouco, o consentimento para a cesión de datos a outros órganos da Administración. Ademais, o artigo 13.2.c) do RXPD só contempla a retirada do consentimento nos supostos do artigo 6.1.a) ou do artigo 9.2.a); isto é, cando a parte interesada dera o seu consentimento expreso, o que non é o caso. Finalmente, non se pode esquecer que a comunicación de datos persoais polas partes interesadas ou solicitantes á Administración ten carácter obrigatorio, por establecelo así o artigo 66 e concordantes da LPC.

A afirmación, tamén no último parágrafo desta disposición adicional, de que *"As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos (...) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común"* tampouco parece axustarse á previsión legal. A redacción da norma pode inducir a confusión, por canto parece dar a entender que abonda coa comparecencia da parte interesada nos lugares e rexistros administrativas para o acceso aos seus datos e mesmo para a súa rectificación, supresión ou retirada do consentimento, opción que non está amparada por ningunha norma legal, dado que é unha competencia exclusiva do responsable do tratamento de datos de carácter persoal e é ante el perante quen se teñen que exercitar os dereitos de acceso, rectificación e, no seu caso, supresión, tal como se recolle nos artigos 15 e 16 do RXPD. A rectificación e a supresión dos datos de carácter persoal pode afectar a expedientes administrativos en tramitación, ou xa finalizados, nos que se puideron ter en conta, en ocasións de modo determinante, os datos de carácter persoal cuxa rectificación ou supresión se pretende, razón pola que corresponde ao responsable do tratamento, único órgano competente para decidir se se accede ou non á rectificación ou á súa supresión.

Con relación á disposición adicional terceira do proxecto de decreto:

> *"No caso dos establecementos que, ademais da autorización autonómica prevista neste decreto, requiran do título administrativo habilitante outorgado pola consellería competente en materia de acuicultura para o exercicio da actividade de cultivos mariños, presentarase unha única solicitude de autorización ante dita consellería.*
>
> *Neste caso, ademais da documentación establecida pola normativa sectorial en materia de acuicultura, achegarase referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada; acreditación da propiedade ou dispoñibilidade dos terreas, e plano de deslindamento definitivo ou, no seu caso, plano de definición provisional da liña de deslinde a escala 1/1000 efectuado ou autenticado polo órgano correspondente da Administración do Estado, no que deberá figurar gratada a situación e a ocupación exacta da actuación solicitada.*
>
> *A consellería competente en materia de acuicultura remitirá copia de todo o expediente ao órgano autonómico competente para outorgar a autorización sobre a ocupación da zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre. Se a resolución fose denegatoria, a consellería competente en materia de acuicultura deberá ditar resolución motivada denegatoria do título habilitante solicitado".*

Razóns de seguridade xurídica esixen aclarar cal é o *dies a quo* para ditar e notificar resolución no procedemento de autorización na zona de servidume de protección nos supostos previstos nesta disposición adicional.

En efecto, dado que o artigo 21.3, letra b), da LPAC establece que o prazo máximo para ditar e notificar resolución se contará nos procedementos iniciados a instancia de parte, como é o caso, desde a data na que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da administración ou organismo competente para a súa tramitación, é preciso aclarar se a estes efectos se entende que a administración competente para a súa tramitación é a consellería con competencias en materia de acuicultura, que é a consellería ante a que se presenta a solicitude única con obriga de remitila posteriormente á consellería con competencias en materia de autorización en zona de servidume, ou a consellería con competencias en materia de autorización en zona de servidume, que é á que corresponde a instrución do procedemento previsto neste decreto para a autorización na materia e a súa resolución.

A consellería con competencias para a súa tramitación é a consellería con competencias en materia de autorización en zona de servidume, debe recollerse a obriga desta consellería de notificar á persoa solicitante a data na que tivo entrada nela a solicitude, aos efectos de que aquela poida coñecer o *dies ad quem* para ditar e notificar resolución, e no que o ou a solicitante pode entender a súa solicitude desestimada por silencio administrativo.

2.2.- Ditame CCG 230/2019, do 26 de xuño. Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Este Consello xa realizou unha observación de legalidade con respecto a este precepto no ditame do proxecto de decreto que se modifica -CCG 253/2016-, observación que non foi atendida.

Esta disposición afecta á operatividade da cláusula de supletoriedade do artigo 149.3 da Constitución Española.

En contra do criterio expreso deste Consello Consultivo declarouse inaplicable na Comunidade Autónoma de Galicia a lexislación estatal declarada expresamente en vigor polo Tribunal constitucional na STC 61/1997, do 20 de marzo. Na presente modificación, preténdese recuperar a vixencia de normas estatais indebidamente declaradas inaplicables nesta Comunidade Autónoma.

Unha norma autonómica non pode negarlle o carácter supletorio a ese dereito estatal, de acordo co que ten sinalado o Tribunal Constitucional en sentenzas como a número 118/1996 do 27.6.1996, Rec. 1191/1987.

Doutra banda, o artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG) esixe a xustificación do cumprimento de determinadas condicións para poder obter a autorización autonómica, nos supostos previstos no artigo 36 desta, para edificacións ou instalacións en solo rústico.

Para o concreto suposto das edificacións destinadas a uso residencial complementario dunha explotación agrícola ou gandeira, á que se refire o artigo 35.1, letra n), da LSG o precepto require que tales edificacións estean intimamente ligadas ás explotacións e que se acredite tanto que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas como que esta cumpra os requisitos que regulamentariamente se determinen.

Polo tanto, é imprescindible que regulamentariamente se concreten cales son os requisitos.

Porén, o artigo 52 do proxecto vén a centrarse na indicación dos requisitos que debe cumprirse para entender xustificada a necesidade de que existan unha ou varias edificacións destinadas a uso residencial vinculadas á explotación, pero, á marxe dunha definición xenérica do que é unha explotación, nada indica sobre os requisitos intrínsecos desta, pois limítase a indicar que *"En relación coas características da explotación e a súa consideración para os efectos previstos neste artigo, teranse en conta os criterios previstos na lexislación sectorial e os empregados pola consellería competente…",* o que supón unha absoluta inconcreción que non cumpre os parámetros legais.

Esta inconcreción mantense noutras partes do artigo, así por exemplo, cando alude á *"dimensión física ou económico produtiva da explotación que xustifique a implantación excepcional do uso de vivenda"…"concorrencia de razóns xustificadas, tales como a dimensión e as caracterísitcas da explotación"* sen concretar cál é esta dimensión ou cales son as características.

Finalmente, en relación co artigo 52, letra e), o art. 39.f) da LSG esixe inequivocamente que o solicitante da autorización acredite a súa condición de titular da explotación, e non simplemente o *"exercicio efectivo da actividade agraria",* polo que tamén merece observación de legalidade.

Pretendíase tamén modificar o artigo 105, número 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLSG), que queda redactado como segue:

"2. Os plans xerais, cando afecten a ámbitos con planeamento de desenvolvemento aprobado, poderán incorporar, co grao de precisión que corresponda, as determinacións do planeamento anterior que sexan compatibles coa normativa vixente.

No caso de que tales determinacións sexan incorporadas ao contido do plan xeral, a súa modificación deberá seguir o réxime aplicable ás modificacións deste.

Así mesmo, o plan xeral poderá remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un instrumento de desenvolvemento aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificando estas áreas de planeamento e indicando a súa data de aprobación e publicación.

Neste caso, a modificación das determinacións do dito planeamento seguirá o réxime aplicable á modificación do instrumento de desenvolvemento de que se trate".

Este Consello xa realizou unha observación de legalidade a este precepto no CCG 253/2016.

Así, tanto o artigo 51 e seguintes da LSG regulan o contido mínimo dos plans xerais de ordenación municipal. Pola súa banda, o artigo 83.5 establece, sen excepcións, que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Así as cousas, cando un instrumento de desenvolvemento aprobado con anterioridade ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM) e incorporado ao mesmo, regule unha determinación propia do PXOM -ex. cualificación do solo urbano-, a modificación desta ordenación deberá seguir os trámites previstos para a modificación do PXOM. En caso contrario, seguirá o réxime aplicable á modificación do instrumento de desenvolvemento de que se trate.

O que non pode aceptarse é que por vía regulamentaria se abra a posibilidade de modificar determinacións propias do PXOM por medio do procedemento previsto para modificar o instrumento de desenvolvemento de que se trate, ou, dito doutro xeito, sen respectar o procedemento de modificacións de PXOM legalmente previsto.

Proxéctase a modificación do artigo 205.1 do RLSG, no sentido de permitir a *"posibilidade de cambio de uso, sen máis obras que as previstas no apartado anterior, a calquera dos usos permitidos pola ordenanza ou normativa que resulte de aplicación".* Do mesmo xeito, o artigo 205.2 permite os cambios de uso de *"construcións en solo rústico".*

Esta posibilidade de cambiar o uso en edificacións fóra de ordenación colisiona co artigo 90 da LSG, que limita as obras de conservación ao mantemento do uso

existente, non permitindo o cambio de uso. Así, establece que *"Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio".*

2.3.- Ditame CCG 350/2019, do 7 de outubro. Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo

O artigo 1.4 recolleu unha novidade normativa ao introducir unha previsión transcendente non establecida no decreto actualmente en vigor.

Trátase da prohibición de acampada turística fóra dos campamentos de turismo autorizados pola Administración turística de Galicia que pode dar lugar a conflitos de aplicación que dificulten a factibilidade da norma e o seu adecuado cumprimento.

Formulada en termos tan xenéricos, a referida prohibición pode presentar problemas de legalidade, vinculados ao alcance que proceda dar á actividade de "*acampada turística*" que non conta cunha definición na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, nin aparece delimitada no propio texto do decreto analizado.

En tal sentido, o artigo 35.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, recolle entre os usos admisibles en solo rústico, a *"acampada de un día"* (apartado c) e os *"campamentos de turismo"* (apartado d).

Polo tanto, a dita lei non condiciona a admisibilidade da acampada dun día a que tal acampada deba de realizarse necesariamente nun campamento de turismo senón que, polo contrario, tanto ambas actividades como figuras distintas, de forma que as acampadas turísticas, se son dun día, resultan admisibles en solo rústico aínda que non se realicen en campamentos de turismo.

Certamente, o artigo 1.4 do proxecto de decreto non precisa que debe entenderse por acampada turística, o que non permite distinguir se comprende a acampada mediante a instalación de tendas de campaña ou tamén a instalación de autocaravanas ou caravanas. Tampouco permite distinguir se comprende as acampadas dun día ou, polo contrario, se comprende só os supostos de acampadas de máis dun día.

Esa falta de concreción é relevante, pois de incluírse no concepto a instalación de autocaravanas ou caravanas non gardaría o precepto coherencia co artigo 36.2 do propio proxecto de decreto e sería contrario ao artigo 66.5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, que permite a instalación de autocaravanas e caravanas en zonas especiais de acollida por unha noite, e, polo tanto, en lugar distinto aos campamentos de turismo.

Doutro lado, e de incluírse no concepto de acampada turística a instalación de tendas de campaña o precepto sería contrario ao artigo 35.1 da LSG, en tanto que este último permite esa instalación non condicionándoa a que se realice nun campamento de turismo cando sexa por tempo dun día.

En definitiva, debe definirse o termo acampada turística, excluíndo a acampada dun día prevista no art. 35.1.c) da LSG, así como aquelas que teñan lugar en zonas especiais de acollida, por unha noite, de autocaravanas e caravanas prevista no artigo 66.5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.

O artigo 16 establecía, sen mais acoutamento, que a Administración, excepcionalmente, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Así establecida, sen mais acoutamento, a previsión é contraria ao disposto no artigo 28.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), que delimita os supostos concretos en que tal excepcional previsión se pode facer efectiva, e que o son os casos de que a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, previsións estas que deberán ser incorporadas ao precepto regulamentario para salvar a súa adecuación á normativa básica estatal.

O artigo 22.4, ao regular o procedemento para as modificacións das condicións de autorización, requiría en todo caso a presentación dun proxecto técnico asinado pola persoa facultativa competente sempre que a modificación implique a realización de obras, informe que será o mesmo a presentar para a solicitude de licenza ou título habilitante ante o concello.

Con todo, se acudimos ao artigo 142 da LSG, do solo de Galicia, obtemos que hai obras que se poden realizar sen proxecto técnico, en concreto, aqueles actos de edificación e uso do solo ou subsolo suxeitos a comunicación previa e non licenza, supostos nos que non se xustifica a esixencia de proxecto técnico por parte do texto do proxecto de decreto examinado.

Por tal razón, e para salvar tal continxencia, podería incluírse unha previsión ao final do apartado 4, a continuación de *"implique a realización de obras"* co acoutamento *"que requiran a elaboración do dito proxecto técnico"* ou previsión semellante.

3.- A REVISIÓN DE OFICIO

3.1.- Solicitude de nulidade de pleno dereito por expediente de sucesións cando os herdeiros residen no estranxeiro (CCG 467/2018)

A cuestión foi obxecto de estudo por este órgano consultivo con ocasión da remisión dunha solicitude de nulidade de pleno dereito formulada polas partes interesadas en relación cos dous expedientes sancionadores por liquidación do imposto de sucesións por mor da falta de competencia da Axencia Tributaria de Galicia, ao ter o suxeito pasivo a condición de non residente (CCG 467/2018), ditame emitido o 4.1.2019.

Os antecedentes do caso parten de que os herdeiros non presentan as autoliquidacións correspondentes á referida herdanza. Inícianse as actuacións inspectoras e os requirimentos de documentación á parte reclamante no domicilio fiscal que consta na Administración Tributaria sendo recollidas por D. en condición de nai e sogra.

Non atendido polos obrigados tributarios o requirimento da documentación, realízanse dous intentos de notificación da reiterada petición que resultan infrutuosos, polo que se publica anuncio no BOE o 6.7.2015 emprazándoos por comparecencia.

A continuación dítanse as actas de desconformidade e dítanse ambos acordos de liquidación conformando as propostas realizadas nas actas de desconformidade. Por tales feitos iniciase un expediente sancionador.

As dúas partes interesadas solicitan a revisión por nulidade de pleno dereito das liquidacións do imposto sobre sucesións derivado do falecemento de C., así como das sancións derivadas das devanditas liquidacións, por mor da falta de competencia da Axencia Tributaria de Galicia, ao ter o suxeito pasivo a condición de non residente.

A Administración formula unha proposta de resolución no sentido de estimar a solicitude de declaración de nulidade.

A parte interesada fundamenta a nulidade pretendida na causa prevista no artigo 217.1, letra b), da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en diante, LXT), que prevé a nulidade de pleno dereito dos actos *"... dictados por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o del territorio*".

A parte interesada alicerza a nulidade de pleno dereito pretendida na circunstancia de que teñen a condición de non residentes, circunstancia non desvirtuada en ningún intre pola administración actuante e que a parte interesada acredita coa achega da documental acreditativa de que figuran inscritos como residentes en México dende 1982 (M) e dende 1996 (C).

Este Consello Consultivo de Galicia sinala no seu ditame que sentada, logo, a condición de non residente da parte interesada suxeito pasivo do imposto, circunstancia que, en ningún intre cuestionou a administración actuante, resulta clara a incompetencia territorial manifesta da Axencia Tributaria de Galicia para a xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto pois, en aplicación do artigo 32.2 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias (norma legal aplicable ao suposto sometido a ditame de acordo co previsto na súa disposición derradeira quinta):

> *"Artigo 32. Alcance da cesión e puntos de conexión no imposto sobre sucesións e doazón (...).*
>
> *2. Considérase producido no territorio dunha comunidade autónoma o rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns dos suxeitos pasivos residentes en España, segundo os seguintes puntos de conexión:*
>
> *a) No caso do imposto que grava as adquisicións mortis causa e as cantidades percibidas polos beneficiarios de seguros sobre a vida que se acumulen ao resto de bens e dereitos que integran a porción hereditaria do beneficiario, no territorio onde o causante teña a súa residencia habitual na data do devengo. (...)".*

Polo tanto, á vista da claridade da dicción legal, conclúe este Organismo no ditame de referencia que na concorrencia da causa de nulidade de pleno dereito esgrimida pola parte reclamante e aceptada pola Administración, ao ser manifesta a falta de competencia territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto de sucesións no caso de suxeitos pasivos non residentes en España.

Polo tanto, infórmase favorablemente a proposta de resolución da Administración.

3.2.- Solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito por notificación defectuosa nun expediente de imposto de sucesións (CCG 313/2018)

Este Consello Consultivo analiza un expediente de solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito da liquidación practicada pola Administración tributaria nun expediente de comprobación relativo ao imposto de sucesións do que é causante o seu esposo finado e no que a parte interesada ten a condición de suxeito pasivo. Solicítase, igualmente, a nulidade das actuacións subseguintes (CCG 313/2018), ditame emitido o 23.1.2019.

Alégase, que as notificacións non foron practicadas debidamente porque non se intentaron no domicilio do representante e non se deixou aviso do intento de notificación, que a liquidación se ditou cando o expediente xa estaba caducado e, así mesmo, que a comprobación de valores non se axusta á legalidade e que está mal determinada a base impoñible.

A Administración formulou unha proposta de resolución no sentido de entender que non concorren os vicios de nulidade radical invocados pola parte interesada.

Entrando no fondo do asunto, este Consello Consultivo de Galicia amosa a súa sorpresa pola circunstancia de que na proposta de resolución se realicen argumentacións en defensa da legalidade das actuacións practicadas en vía de constrinximento cando tales trámites foron anulados por resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (en diante, TEAR) do 28.6.2018, na que se estimou a reclamación económico administrativa presentada pola parte interesada e que obra debidamente documentada no expediente, sen que conste que a Administración tributaria teña interposto recurso algún contra aquela resolución, que resulta ser firme determinando pois a nulidade das actuacións practicadas en vía de constrinximento, de modo que na actualidade só son eficaces as actuacións practicadas en vía de xestión logo da anulación da comprobación de valores por resolución do mesmo TEAR notificada á Administración tributaria o 24.10.2016, e que estimou a reclamación económico administrativa presentada pola parte interesada apreciando que a comprobación de valores carecía da adecuada motivación.

Con respecto á caducidade do expediente no momento no que foi intentada a notificación da liquidación, na proposta de resolución, moi parca na análise da concorrencia de tal causa de extinción do procedemento, se entende que "*se se considera que o procedemento se iniciou co requirimento, sendo esta cuestión controvertida nos tribunais, non haberían transcorrido mais de 6 meses ata o primeiro intento de notificación da resolución que pon fin o procedemento*".

Tal consideración desatende a alegación realizada pola parte interesada con cita da sentenza do Tribunal Supremo 1652/2017, do 31 de outubro, na que o tribunal de casación establece doutrina legal sobre a interpretación do prazo do que dispón a Administración para tramitar unha nova liquidación que substitúa á anteriormente anulada.

Da doutrina exposta na citada sentenza se deriva con toda claridade a existencia de caducidade no procedemento cuxa validez se analiza, e iso por canto o *dies a quo* do cómputo do prazo se corresponde co seguinte a aquel en que o TEAR notificou

a súa resolución anulatoria da primeira liquidación, que se corresponde coa data 25.10.2016 (a resolución anulatoria foi notificada o 24.10.2016). Por tal razón, cando a Administración tributaria realizou o primeiro intento de notificación da segunda liquidación, o 16.5.2017, tíñanse superado os 6 meses que como máximo corresponderían á tramitación da comprobación de valores, e dende logo o tempo do que dispoñía a facenda autonómica para notificar a nova liquidación antes de que o procedemento finalizase por caducidade.

Así pois, este Organismo aprecia unha creba da legalidade na tramitación da segunda liquidación, notificada á parte interesada cando xa se tiña producido a caducidade do procedemento que lle servía de sustento formal, conclusión que non muda aínda en aplicación hipotética do criterio establecido en algún pronunciamento previo do propio Tribunal Supremo no que se consideraba que resultaba de aplicación analóxica o prazo previsto no artigo 150.7 LXT, que igualmente prevé un lapso máximo de 6 meses.

Así as cousas, apreciada a caducidade das actuacións no tempo no que se intentou notificar a nova liquidación, este Organismo analiza a continuación no ditame de referencia se, como pretende a parte reclamante, tal circunstancia supón no presente caso, a ausencia absoluta de procedemento para os efectos de ser considerado un vicio de nulidade absoluta susceptible de ser depurado pola presente vía da revisión de oficio.

Ao respecto de tal extremo, na proposta de resolución sostense un criterio contrario a tal posibilidade, con apoio en citas dunha sentenza do Tribunal Supremo e distintos ditames do Consejo de Estado.

Certamente, na súa sentenza 4187/2013, do 4 de xullo, o Alto Tribunal entende que "*la caducidad del expediente sancionador* […] *no justifica la apertura del procedimiento de revisión de los actos administrativos nulos de pleno derecho*". Porén, engade o tribunal a continuación, motivando aquela primeira afirmación, que isto é así porque se considera que "*en el supuesto enjuiciado no resulta manifiesto que concurra en al actuar administrativo el presupuesto de lesión de los derechos y libertades o el de prescindencia total y absoluta del procedimiento legalmente establecido a que alude el artículo 62.1 a) y e) del referido texto legal".*

De tal argumentación debe derivarse a conclusión de que, se ben no dito pronunciamento o Tribunal Supremo entende que a caducidade non constitúe por si mesma unha circunstancia determinante de nulidade de pleno dereito por terse prescindido do

procedemento legalmente establecido, tampouco exclúe a procedencia de tal eventual conclusión, que se desbota para o caso analizado ("*en el supuesto enjuiciado*" acouta a sentenza) a partir da consideración de que nese suposto non resulta manifesto que concorra tal vicio radical.

Por outra parte esa incondicionada conclusión establecida na proposta de resolución (que entende que a caducidade non constitúe en ningún caso un vicio de nulidade de pleno dereito) descoñece a existencia de non poucos pronunciamentos do propio Tribunal Supremo que achegan a expiración do procedemento polo tempo previsto pola súa tramitación a un vicio de nulidade radical para as actuacións posteriores privadas do sustento do procedemento fenecido por caducidade.

Así, faise particular cita no ditame das sentenzas núm. 436 e 438, do 19.3.2018, do Tribunal Supremo. Segundo resalta o Tribunal Supremo nas sentenzas "*La esencia de la caducidad de un procedimiento es que queda inhabilitado como cauce adecuado en el que poder dictar una resolución valida sobre el fondo*".

Tamén se cita a STS do 24.9.2008, chegándose a afirmar en STS 9/2017, do 10 de xaneiro, que "*el procedimiento caducado se hace inexistente*".

Da lectura dos referidos pronunciamentos este Consello Consultivo de Galicia conclúe no ditame CCG 313/2018 que, en determinadas circunstancias, a resolución ditada nun procedemento caducado si pode estar afectada por un vicio de nulidade radical ou de pleno dereito.

E tal é o caso da liquidación combatida no expediente analizado, e iso pola concorrencia de circunstancias e razóns singulares que se expoñen no devandito ditame.

En efecto, as actuacións administrativas contra as que se alza a parte interesada por medio do exercicio da acción de nulidade, non constitúen unha liquidación tributaria ordinaria, e iso por canto a liquidación combatida se dita pola Administración en substitución doutra anterior, previamente anulada polo TEAR.

Esta condición de ser unha liquidación derivada da previa anulación doutra liquidación precedente, outorga a aquela unha singularidade xurídica, da que é nota esencial a esixencia dun especial rigor na súa adecuación ás esixencias legais que disciplinan a súa tramitación e contido.

Unha das restricións nas posibilidades de actuación da Administración, ten particular interese no caso que se analiza. Trátase da censura que a doutrina do Tribunal Supremo realiza da reincidencia no erro por parte da Administración, o que determina

a inviabilidade de realizar unha terceira liquidación para o caso de que foran anuladas as dúas liquidacións precedentes, e iso tanto no suposto de que o erro cometido pola Administración sexa idéntico nas dúas liquidacións anuladas (STS 29.9.2014) coma no caso –como é o do suposto aquí analizado– de que os vicios concorrentes en unha e outra liquidación sexan disimiles (12.11.2015).

Como apunta o ditame CCG 313/2018 da dita doutrina se obtén un criterio de especial rigor xurídico esixible á segunda liquidación que se practica en substitución da anterior anulada, e iso por canto o Tribunal Supremo non para as consecuencias do vicio legal da segunda liquidación na consecuencia propia da concorrencia de tal ilegalidade na liquidación, a súa anulación, senón que estende a sanción xurídica daquela ilegalidade, impedindo unha terceira liquidación aínda que non teña prescrito o dereito da Administración.

E, a ese especial reproche que o Tribunal Supremo formula a respecto dos vicios de legalidade da segunda liquidación hai que engadir que no caso analizado, a conculcación da legalidade se produce respecto dunha singular e reforzada esixencia da procedencia dunha segunda liquidación, pois entre aquelas restricións que condicionan tal posibilidade se atopa, dende logo, a esixencia de que a notificación da nova liquidación se practique en determinado prazo.

E aquela especial censura xurídica que na doutrina do Tribunal Supremo se formula respecto dos vicios de legalidade cometidos pola Administración na segunda liquidación (inspirada en principios como os de seguridade xurídica, boa fe e eficacia na actuación da Administración, ou proporcionalidade que debe presidir a aplicación do sistema tributario) debe conducir á apreciación de que a "*inexistencia de procedemento*" (en palabras do Tribunal Supremo na sentenza xa referida núm. 9/2017, do 10 de xaneiro) no momento no que se ditou a segunda liquidación, por ter caducado as actuacións, debe conducir á apreciación de que existe unha carencia absoluta de procedemento e polo tanto unha nulidade de pleno dereito daquela resolución, pola causa prevista no artigo 217, apartado 2, letra e) da LXT.

A concorrencia de tales circunstancias na liquidación impugnada coa acción de nulidade, determina ademais que non sexan termos de comparación válidos os pronunciamentos do Consejo de Estado citados na proposta de resolución (entre eles o do ditame 203/2018) e iso por canto aqueles recaen sobre liquidacións primixenias ou ordinarias, e non como é o caso, sobre liquidación ditada en substitución doutra previamente anulada.

Na conclusión este Organismo considera que debe ser ponderado igualmente que o vicio legal da caducidade puido e debeu ser apreciado de oficio pola propia Administración, como así resulta do disposto no artigo 104.5 da LXT, o que habilitaba igualmente a posibilidade de proceder á revogación da liquidación instada pola propia parte interesada en escrito do 12.2.2018, sendo contrario a dereito que se faga prevalecer o feito do transcurso dos prazos ordinarios de recurso para manter unha liquidación notablemente antixurídica nos termos expostos no ditame.

Por todo o exposto, este Consello Consultivo de Galicia informa desfavorablemente a proposta de resolución da Administración, sendo apreciable a existencia de nulidade de pleno dereito na liquidación impugnada.

3.3.- Solicitude de nulidade de pleno dereito nun expediente de sucesións por mor da falta de motivación nas valoracións (CCG 49/2019)

Este Consello Consultivo de Galicia analiza unha solicitude de nulidade de pleno dereito nun expediente de sucesións, logo de que o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia anulara a liquidación con data 10.12.2012 por mor da falta de motivación nas valoracións (CCG 49/2019).

A continuación a oficina xestora notificou á parte interesada unha nova proposta de liquidación provisional e xerou unha liquidación na que se desestimaron as alegacións formuladas pola parte interesada. Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, con data 19.7.2017 notificouse a providencia de constrinximento. E a parte interesada solicitou a nulidade dos actos ditados no expediente con base na causa de nulidade prevista no artigo 217.1, letra e), da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en diante, LXT).

A Administración formula unha proposta en sentido desestimatorio.

Na súa solicitude de data 9.3.2018 a parte interesada sustenta a nulidade de pleno dereito das actuacións levadas a cabo pola Administración tributaria, no artigo 217.1, letra e), da LXT, que alude aos actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, e isto con base en diversos defectos procedementais que refire a parte reclamante cales son unha extralimitación da Administración na execución da resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia do 10.12.2012, a caducidade do expediente de comprobación de valores, a prescrición do dereito a determinar a débeda tributaria, e a defectuosa notificación da providencia de constrinximento.

Pois ben, polo que atinxe á extralimitación da administración tributaria na execución da resolución do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia do 10.12.2012, sinálase no ditame de referencia que o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (entre outras, na resolución do 17.7.2017) ten admitido a posibilidade da Administración de xirar unha nova liquidación logo de ter anulado o tribunal unha liquidación previa por falta de motivación e sen ordenar expresamente a retroacción de actuacións:

> *"Por lo que se refiere a la procedencia de efectuar una nueva liquidación en sustitución de la anulada, ha de señalarse que este Tribunal, ha procedido a anular la comprobación de valores y la liquidación por un defecto formal, puesto que el informe de valoración carecía de motivación. En este sentido, el propio Tribunal Central viene manteniendo reiteradamente, desde su resolución de 11 de junio de 1992, que una vez anulada la comprobación de valores realizada por la Administración al carecer de sus requisitos formales, no existe precepto legal ni reglamentario alguno impida efectuar otra nueva, eso sí, dentro del plazo de prescripción, en la que se observen los emocionados requisitos; lo mismo cabe decir de la liquidación en sí, y ello, porque tanto en un caso como en otro, no se trata de actos nulos de pleno derecho, sino de actos meramente anulables, susceptibles de ser convalidados mediante la subsanación de los defectos de que inicialmente adolecían.*
>
> *Este criterio se ha visto confirmado, además, por las sentencias del Tribunal Supremo de 4 de octubre de 1995, 12 de febrero de 1996,do 25 de abril de 1998, en las que se admite la retroacción de las actuaciones y la posibilidad, en consecuencia, de efectuar una nueva valoración, debiendo añadirse, por último, que en la sentencia de 29 de diciembre de 1998 se señala que "los actos administrativos de valoración, faltos de motivación, son anulables, pero la Administración no solo está facultada para dictar uno nuevo en sustitución del anulado, debidamente motivado, sino que está obligada a ello, en defensa del interés público y de los derechos de su hacienda".*

Descartada tal circunstancia como determinante da nulidade de pleno dereito das actuacións tributarias levadas a cabo no caso analizado, este Consello Consultivo de Galicia pasa a analizar a caducidade do expediente de comprobación de valores logo da resolución do Tribunal Económico Administrativo de Galicia do 10.12.2012.

Neste punto este Consello Consultivo trae a colación no seu ditame CCG 49/2019 a doutrina recollida na sentenza do Tribunal Supremo 1652/2017, do 31 de outubro, na que o tribunal de casación establece doutrina legal sobre a interpretación do prazo do que dispón a Administración para tramitar unha nova liquidación que substitúa á anteriormente anulada.

Da doutrina exposta na citada sentenza se deriva con toda claridade a existencia de caducidade no procedemento cuxa validez se analiza no ditame CCG 49/2019, e iso por canto o *dies a quo* do cómputo do prazo se corresponde co seguinte a aquel en que o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia notificou a súa resolución anulatoria da primeira liquidación, que se corresponde coa data 22.2.2013 (a resolución anulatoria foi notificada o 21.2.2013). Por tal razón, cando a Administración tributaria notificou a segunda liquidación, o 3.2.2017, tíñanse superado de forma manifesta os seis meses que como máximo corresponderían á tramitación da comprobación de valores, e dende logo o tempo do que dispoñía a facenda autonómica para notificar a nova liquidación antes de que o procedemento finalizase por caducidade.

Así pois, é apreciable unha creba da legalidade na tramitación da segunda liquidación, notificada á parte interesada cando xa se tiña producido a caducidade do procedemento que lle servía de sustento formal, conclusión que non muda aínda en aplicación hipotética do criterio establecido nalgún pronunciamento previo do propio Tribunal Supremo no que se consideraba que resultaba de aplicación analóxica o prazo previsto no artigo 150.7 LXT, que igualmente prevé un lapso máximo de 6 meses.

Así as cousas, apreciada a caducidade das actuacións no tempo transcorrido ata a notificación da segunda liquidación, este Organismo analiza a continuación se, como pretende a parte interesada, tal circunstancia supón a ausencia absoluta de procedemento para os efectos de ser considerado un vicio de nulidade absoluta susceptible de ser depurado pola presente vía da revisión de oficio.

Pois ben, a este respecto este Organismo fai particular cita no seu ditame das sentenzas números 436 e 438, do 19.3.2018, do Tribunal Supremo.

Segundo resalta o Tribunal Supremo "*La esencia de la caducidad de un procedimiento es que queda inhabilitado como cauce adecuado en el que poder dictar una resolución valida sobre el fondo*".

A partir de tal consideración o tribunal que sentenza acude a pronunciamentos anteriores nos que se apreciou a invalidez das resolucións administrativas ditadas no procedemento caducado ao entender que "*debía considerarse extinguido, y consecuentemente nula la resolución administrativa recurrida*" (STS de 24.9.2008); ou que "*la obligación impuesta en una resolución administrativa dictada en un procedimiento caducado ha perdido su soporte procedimental, y, por tanto, también, su validez y eficacia*" (STS de 3.2.2010); chegándose a afirmar en STS 9/2017, do 10 de xaneiro, que "*el procedimiento caducado se hace inexistente*".

Da lectura das referidas sentenzas conclúese no referido ditame CCG 49/2019, xa que logo, na nulidade de pleno dereito da segunda liquidación por mor da caducidade do procedemento, debendo, así, concluírse na carencia absoluta de procedemento e, polo tanto, na nulidade de pleno dereito da liquidación pola causa prevista no artigo 217.1, letra e), da LXT.

Polo exposto, este Consello Consultivo informa desfavorablemente a proposta de resolución da Administración, sendo apreciable a existencia de nulidade de pleno dereito na liquidación impugnada.

3.4.- A revisión de oficio de Resolucións Reitorais de expulsión temporal da Universidade (CCG 53/2019)

Con ocasión do expediente CCG 53/2019, este Consello Consultivo tivo oportunidade de pronunciarse sobre a revisión de oficio de dúas Resolucións Reitorais de imposición e de execución e de sanción, respectivamente, polas que foron expulsados tres alumnos da Escola de Enxeñería Industrial da dita Universidade de Vigo, ao ser considerados responsables dunha falta grave por ausencia de probidade por terse considerado que na realización dun exame final de determinada materia do seu grado, copiaron parte das respostas dunha fonte externa. Reclaman alegando terse vulnerado o seu dereito á presunción de inocencia.

Tal e como se recolle no ditame de referencia, a contravención do dereito á presunción de inocencia é un vicio determinante de nulidade radical, por afectar a un dereito susceptible de amparo constitucional (art. 47.1.a) LPAC), tanto na súa vertente de regra dinámica ou de procedemento, de modo que toda persoa é inocente mentres non se demostre o contrario, como na súa versión estática ou de regra de xuízo que impide a apreciación de responsabilidade sen proba de cargo razoada e lícita.

Entrando a analizar a posible contravención do dereito á presunción de inocencia das partes interesadas nas resolucións sometidas a exame de revisión de oficio, temos que aqueles foron sancionados por considerarse probado que "*tiveron acceso durante a realización do exame da materia de Cálculo II e ecuacións diferenciais do 22 de xuño de 2016, á resolución externa de parte dos exercicios que conformaban o exame, os cales estaban publicados na páxina web, e que se valeron desta información fraudulenta e privilexiada para falsificar as súas respostas".*

O sustento da responsabilidade apreciada buscouse en medios indiciarios de proba. En particular, valoráronse as declaracións prestadas polos alumnos no curso da instrución das actuacións, considerándose que os estudantes "*recoñecen unanimemente ter*

recibido información previa moi significativa sobre o exame". Tamén se ponderan as declaracións doutros 4 alumnos coinvestigados, distintos das partes interesadas no presente procedemento, que *"recoñecen a veracidade dos feitos imputados"*. Igualmente, se computan as declaracións dos propios expedientados, entendéndose que *"son incapaces de explicar de xeito coherente, racional e minimamente verosímil por que os seus exames son réplicas case exactas entre si"*.

Como engadido, valóranse as copias dos exames e os informes realizados polos profesores, dos que se tira a conclusión de que "s*e documentan numerosas e fortes evidencias para concluír que, á vista da extraordinaria similitude nas respostas dos exames, estas só poden ser consecuencia da copia dun mesmo orixinal externo sen que exista comprensión nin dominio dos conceptos matemáticos necesarios polos estudantes"*.

Este Organismo fai particular referencia no seu ditame ao feito de que a resolución de condena debe asentarse sobre medios de proba válidos, identificados, solventes, e valorados de forma motivada e razoada, con explícita indicación do *iter* seguido para obter a convicción de feitos probados, que derivan na apreciación de responsabilidade do inculpado e con interdición de toda arbitrariedade.

En definitiva, o inculpado só pode ser considerado culpable se media unha actividade probatoria lícita, practicada con observancia das garantías procesuais, e que poida entenderse como concluínte de cargo (STC 33/2015, do 2 de marzo) de maneira que proceda inferir razoablemente tanto os feitos constitutivos do tipo, como a participación do inculpado (STC 68/2010).

Agora ben, tal e como se recolle no ditame CCG 53/2019, pasando a verificar dende tales presupostos os concretos indicios manexados e os medios de proba invocados, temos que, en relación coa asunción por parte das partes interesadas do feito de ter recibido información previa moi significativa sobre o exame non é un feito que se axuste no tipo da sanción imposta segundo a valoración que se realiza na resolución examinada, pois como vai exposto, o pronunciamento se baseou na comisión de fraude "*durante a realización do exame*", de modo que aqueles feitos aceptados polas partes interesadas -de maneira permanente e indubitada no curso das actuacións- en nada aproveitan para a apreciación da responsabilidade apreciada na resolución sancionadora, antes ben, apuntarían á existencia dunha vía de acceso á información sobre o exame que explicaría a homoxeneidade das respostas que se di apreciable na resolución de referencia.

Polo que respecta ás declaracións dos coinvestigados distintos ás partes interesadas, indícase no ditame de razón que as súas declaracións afectan aos feitos dos que eles son responsables a título persoal, e non alcanzan aos feitos que son obxecto de exame nas resolucións controvertidas, nas que se analiza o comportamento de cada un dos expedientados interesados neste procedemento.

Pero ademais, o feito de que eses coinvestigados admitiran o acceso á información externa no curso da realización da proba non proxecta un indicio de que as partes interesadas no procedemento incorreron en idéntica actuación fraudulenta, e iso por canto -máis alá das cautelas con que deben ser examinadas as declaracións de terceiros eventualmente responsables nos feitos que son obxecto de exame- consta que todos os coinvestigados menos un, accederon á rede wifi universitaria no curso da realización da proba, segundo así resulta do informe obrante no expediente, circunstancia aquela que está excluída no caso das partes interesadas no procedemento, que ademais negan tal acceso, de onde se colixe que non existe proba de que estes alumnos accederan a información externa no curso da realización da proba, sendo esta, se insiste, a conduta que é obxecto de censura nas sancións examinadas.

Deste modo, o relato das partes interesadas que negan o acceso á información externa durante a proba, aínda constituíndo unha declaración autoexculpatoria, resulta ser coherente cos feitos comprobados.

En relación cos informes dos profesores sobre os exames realizados polos estudantes, este Consello Consultivo aprecia de novo unha arbitraria valoración da proba, por canto nas resolucións sancionadoras se considera a *"extraordinaria similitude nas respostas dos exames",* conclusión que resulta contraditoria coa moi diferente cualificación obtida polos distintos estudantes (que oscila entre un 1 e un 6), e coas apreciacións dos propios profesores, que manifestan que as respostas dos estudantes contiñan "*diferentes errores*".

Por tanto, a proba indiciaria na que se basean as resolucións sancionadoras carece da eficacia que se pretende, ao partir a referida inferencia dun feito que non está acreditado no expediente, cal é o da extraordinaria similitude nas respostas dos exames, o que vicia de raíz o resultado final do proceso lóxico seguido para obter a conclusión.

Finalmente, en relación coa ausencia dun relato lóxico dos inculpados que preste explicación á homoxeneidade das súas respostas erradas, este Organismo indica que desbotados o resto de indicios e medios de proba que sustentaron a resolución sancionadora, a circunstancia de que as partes interesadas non ofreceran unha versión

dos feitos verosímil e razoablemente alternativa ao defendido na tese acusatoria, carecería de toda relevancia inculpatoria, pois unha das garantías esenciais da presunción de inocencia é a exoneración de proba ao inculpado, ao que lle asiste ademais o dereito a non declarar contra si mesmo, de modo que en absoluto pode servir tal apreciación como sustento probatorio das sancións impostas, sendo así, ademais, que a extraordinaria similitude nas respostas aos exames non consta acreditada, e que unha eventual coincidencia en determinados erros si resultaría explicada no contexto dos feitos aceptados polos propios estudantes, no sentido de que tiveron acceso a información filtrada na data anterior á realización do exame.

En definitiva, non existindo proba de cargo que preste sustento xustificativo aos feitos reprochados nas sancións examinadas, debe prevalecer o dereito á presunción de inocencia das partes interesadas, conforme á doutrina do Tribunal Constitucional que quedou exposta (recollida entre outras na STC 68/2010, do 18 de outubro) garantía fundamental susceptible de amparo constitucional e que resultou polo tanto conculcada nas resolucións de referencia sometidas a exame neste expediente, e que son, por tal razón nulas de pleno dereito.

3.5.- A revisión de oficio por incompetencia material (CCG 69/2019)

O caso analizado, trátase dun expediente de revisión de oficio do acto administrativo polo que se procedeu á contratación menor do servizo de colaboración coa intervención municipal na realización da auditoría da conta xeral do Consorcio As Mariñas correspondente ao exercicio 2017.

Posteriormente, o presidente do Consorcio As Mariñas comunica a resolución pola que se require ao Concello de Oleiros a anulación ou revisión do acto administrativo polo que se adxudica o contrato anterior por consideralo nulo de pleno dereito por mor da falta de competencia e a ausencia do procedemento legalmente establecido para a contratación do devandito servizo. O Concello de Oleiros tramita o expediente, sendo remitido a este Organismo.

Analizando o caso, o contido da proposta de resolución sometida a ditame responde á revisión dun acto que o Consorcio As Mariñas entende viciado por varias das causas de pleno dereito previstas no artigo 47.1 da LPAC, particularmente nos seus apartados b) e e), relativas a aqueles actos "*ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio*"; e, os "*ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido...*".

Así, no que atinxe á incompetencia do órgano que adoptou o acto cuxa revisión insta o Consorcio As Mariñas, refire a parte interesada que o Concello non ten habilitación legal para contratar un servizo que pretende que o Consorcio asuma e pague, toda vez que o órgano de contratación en todo o procedemento debe ser o Consorcio As Mariñas e non o concello de adscrición.

Sobre esta cuestión cómpre indicar que o contrato impugnado ten por obxecto a colaboración co órgano interventor do Concello de Oleiros na realización da auditoría da conta xeral do Consorcio As Mariñas correspondente ao exercicio 2017. É dicir, o Concello contrata a realización de labores de colaboración cun órgano propio do concello para realizar determinadas funcións de control no Consorcio As Mariñas, adscrito a aquel, polo que, en principio, estará incluído dentro da potestade de autoorganización que ten o Concello (artigo 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia).

Do contido do escrito do consorcio que inicia o procedemento de declaración de nulidade dedúcese que este discute o alcance das funcións de control que corresponden ao Concello de Oleiros como administración á que está adscrito o consorcio, pero sen negar tal adscrición e, en consecuencia, a existencia de determinadas funcións de control.

Como engadido debe lembrase que os contratos vinculan ás partes que os subscriben, Administración e contratista, pero non a terceiros, conforme ao principio de relatividade dos contratos que con carácter xeral establece o artigo 1257 do Código Civil, e, xa que logo, un contrato non pode implicar a alteración das competencias das distintas administracións públicas, que virán determinadas nas disposicións xurídicas aplicables.

Certamente, tal e como resalta este Consello Consultivo, o obxecto do ditame non é resolver un posible conflito competencial entre o Concello de Oleiros e o Consorcio As Mariñas, senón, exclusivamente, examinar se o Concello era manifestamente incompetente para subscribir o contrato de referencia.

Polo tanto, tendo en conta que o que se discute non é se o Concello de Oleiros ten competencia en materia de control sobre o Consocio As Mariñas senón o seu concreto alcance, que a xuízo do consorcio resultarían excedidas polo obxecto do contrato impugnado, non semella que esta falta de competencia para contratar un servizo de colaboración cun órgano propio do Concello poida cualificarse como manifesta, na medida en que, como sinala a xurisprudencia, por todas a Sentenza do Tribunal

Supremo do 14.3.2017, "*el carácter manifiesto de la incompetencia debe ser tal que se apreciara sin esfuerzo dialéctico alguno*", o que non concorre no caso analizado no expediente CCG 69/2019 en que a determinación das competencias destas entidades locais requiriría unha análise en profundidade da normativa aplicable, sendo posible manter criterios distintos como resulta do expediente tramitado.

Esta conclusión é ademais coherente coa doutrina do Consejo de Estado que vén considerando de xeito reiterado que un acto se dita por un *"órgano manifiestamente*" incompetente cando ese órgano "*invade de manera estimable y grave, las atribuciones que corresponden a otro*".

A nulidade de pleno dereito, por incompetencia manifesta, esixe, para ser apreciada, que sexa "*notoria y clara, y que vaya acompañada de un nivel de gravedad jurídica proporcional a la gravedad de los efectos que comporte su declaración*" (ditame do Consejo de Estado núm. 49.565, do 28.7.2005). En idéntico sentido pronunciouse o Tribunal Supremo, considerando que a expresión "*manifiestamente incompetente*" significa evidencia e rotundidade.

Aplicando a doutrina enunciada ao suposto examinado, este Consello Consultivo ten en conta o disposto no artigo 122, *Réxime orzamentario, de contabilidade, control económico-financeiro e patrimonial,* apartados 1 e 3, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP), que establece o seguinte:

> *"1. Os consorcios estarán suxeitos ao réxime de elaboración de orzamentos, contabilidade e control da Administración pública a que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. […]*
>
> *3. En todo caso, levarase a cabo unha auditoría das contas anuais, que será responsabilidade do órgano de control da Administración a que se adscribise o consorcio. […]".*

Polo tanto, aínda podendo darse, no caso examinado, un suposto de incompetencia material do Concello de Oleiros como afirma a parte interesada para acordar a adxudicación do contrato que se pretende revisar, o certo é que aquela non pode configurarse como manifesta ao ser o Concello de Oleiros o órgano de adscrición do Consorcio As Mariñas, debendo logo reconducirse este vicio á categoría administrativa da anulabilidade, e non da nulidade como presuposto inescusable para a revisión de oficio.

Por outra banda, denuncia a parte interesada como na adxudicación do contrato polo Concello de Oleiros se prescindiu total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

Sobre esta base, ha de notarse que a causa de nulidade recollida no artigo 47.1.e) da LPAC, ten sido interpretada pola doutrina e a xurisprudencia circunscribíndoa ás vulneracións máis graves dos requisitos procedementais e formais, e á utilización dun procedemento distinto ao legalmente establecido, posuíndo entón unha virtude invalidante limitada, conforme ao disposto no artigo 48.2 da LPAC. Polo tanto, esta causa de nulidade debe limitarse á omisión de trámites esenciais integrantes dun procedemento determinado, pois calquera outra infracción, aínda que sexa importante, non producirá este efecto tan radical, senón que soamente servirá para fundamentar en vía de recurso unha pretensión anulatoria.

Así a xurisprudencia refire este suposto de nulidade á *"omisión global y flagrante del procedimiento actuando la Administración por la vía de hecho"* (Sentenza do Tribunal Supremo do 1.3.1992), á *"omisión parcial pero muy grave del mencionado procedimiento"* (Sentenza do Tribunal Supremo do 15.10.1991), ou a prescindir *"total y absolutamente del procedimiento establecido, etc., sin que baste, por tanto, con haber prescindido de algún trámite"*.

Á vista destas consideracións, parece que o suposto de feito que se presenta no CCG 69/2019 dificilmente encaixa no tipo legal citado pois, á marxe de que o Concello de Oleiros se excedera do legalmente establecido –como afirma a parte interesada–, o certo é que a adxudicación do contrato que se pretende revisar foi precedida dunha tramitación administrativa, polo menos considerando as prescricións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na LRXSP.

Neste sentido non resulta acreditado que se trate da adxudicación de traballos permanentes que se vaian a repetir en máis dun exercicio orzamentario, pois como sinala a proposta de resolución sometida a ditame, non está prevista a súa continuidade cara o futuro, o que xustificará a súa adxudicación como contrato menor.

Ademais que a parte interesada non concreta ningunha irregularidade máis aló da falta de competencia do Concello de Oleiros para a adxudicación do contrato, analizada anteriormente.

Cuestión distinta, e tamén formulada polo Consorcio As Mariñas, é a quen lle corresponde asumir os gastos do contrato. Pois ben, isto é unha cuestión que non ten encaixe en ningún dos supostos de nulidade previstos no artigo 47 LPAC, tratase dunha cuestión que, se for o caso, deberá ventilarse na xurisdición ordinaria.

Por todo o anterior, o xuízo deste Consello Consultivo é favorable á desestimación da revisión de oficio instada pola parte interesada.

3.6.- A revisión de oficio da solicitude de acondicionamento de local e apertura de café-bar (CCG 183/2019)

Con ocasión do expediente CCG 183/2019, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre unha solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito do acordo de reanudación (sic) de licenzas dos expedientes X e X e contra o oficio relativo á actividade de hostalería do establecemento *B*, aberto ao público sen licenza dende hai máis de 20 anos e obxecto dunhas obras de remodelación que deron lugar ás actuacións impugnadas en vía de acción de nulidade.

Logo da inadmisión a trámite da solicitude, a dita resolución foi recorrida en vía de recurso contencioso administrativo que finalizou por sentenza parcialmente estimatoria, na que se ordena ao Concello que tramite en forma a solicitude de nulidade de referencia.

A Xunta de Goberno Local acordou incoar o procedemento de declaración de nulidade do informe xurídico municipal no que se exclúe a existencia de caducidade na solicitude de licenza de actividade e do oficio de funcionamento da actividade, do 21.6.2016, e dar trámite de audiencia ás partes interesadas, que presentaron alegacións, logo das cales se formulou unha proposta de resolución no sentido de entender que non concorre a causa de nulidade invocada.

Examinando a concorrencia da eventual causa de nulidade no caso analizado no ditame CCG 183/2019, os antecedentes parten do feito de que con data 18.11.1996, solicitada unha licenza de actividade para o establecemento de referencia, esta foi respondida pola entidade local cunha serie de requirimentos e con expresa advertencia da procedencia da caducidade do expediente da licenza para o caso de que non se atenderan as esixencias alí consignadas en relación con determinadas obras de adaptación.

Ante o incumprimento por parte do solicitante da licenza dos referidos requirimentos, o Concello declarou a caducidade da solicitude da licenza con data 1.4.1998, se ben, en informes obrantes no expediente e con criterio trasladado á proposta de resolución, o Concello considerou ulteriormente que a dita declaración de caducidade non foi debidamente notificada, por canto foi introducida por debaixo da porta do establecemento por un axente notificador, coa sinatura de dúas testemuñas, pero sen constancia de recepción por parte do particular interesado, nin publicación edictal posterior, de onde a entidade local tira a conclusión de que a declaración de caducidade

non tivo efecto e mantén a vixencia das actuacións practicadas no seu día con base nun criterio que semella asentado na práctica da dita Administración, segundo se indica nos informes, e que se fundamenta, en esencia, en considerar as actividades sen licenza pero asentadas na práctica, como actividades fóra de ordenación, e merecedoras de protección xurídica con base na dita figura xurídica.

Ao respecto das consideracións realizadas pola Administración consultante este Organismo indica no ditame de referencia que a notificación é un condicionante de eficacia, que non de validez do acto administrativo (artigo 57.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común (en diante, LRXPAC) aplicable ao caso por razón da data dos feitos) e igualmente que de conformidade co artigo 58.3 da propia LRXPAC as notificacións que conteñan o texto íntegro do acto "*producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación ou resolución ou interpoña calquera recurso que proceda".*

Tal previsión é relevante no caso analizado, no que se cuestiona a suficiencia da notificación por non ter constancia da súa recepción pola parte interesada e terse prescindido do trámite edictal, e iso por canto, con carácter previo á declaración da caducidade, a parte interesada si recibiu unha notificación coa advertencia da declaración de caducidade para o caso de que non cumprise os requirimentos alí realizados, que non foron atendidos como así se acepta no actuado, de modo que coñecía a eventualidade de tal situación anticipadamente, e coñeceu posteriormente a materialización de tal advertencia logo do seu incumprimento, en momento incerto no tempo pero de existencia non controvertible (*certus an incertus quando*) porque na documentación por el achegada para a práctica do que a propia parte interesada cualifica como unha legalización de actividade, se achega unha copia da referida declaración de caducidade da solicitude de licenza, que foi necesariamente coñecida pola parte interesada, quen viña realizando a actividade sen licenza dende moitos anos antes.

En tales circunstancias, a declaración de caducidade da solicitude de licenza é plenamente eficaz para a parte interesada, que non pode obter beneficio xurídico da situación xurídica de expectativa xerada no seu día coa solicitude de licenza, pero arrombada logo coa declaración da súa caducidade.

E, a este respecto, no ditame CCG 183/2019 este Consello Consultivo non comparte en absoluto o criterio municipal de recoñecer protección xurídica ás actividades sen licenza que se identifican como supostos de fóra de ordenación.

Así, o ditame de razón fai particular cita de que a categoría de fóra de ordenación é unha figura de estrita aplicación ao ámbito urbanístico, polo que a realización de actividades sen autorización pode dar lugar a unha situación de consolidación dende a perspectiva estritamente urbanística, pero non alcanza á tutela do que vai máis alá do estritamente urbanístico, de modo que a licenza de actividade ou a comunicación previa, segundo os casos, son un presuposto para o exercicio de tal actividade, que sen el, é contraria ao ordenamento que non recolle ningunha figura que tutele tales situacións como un interese xurídico digno de protección, polo que as actividades sen autorización son actividades ilegais.

En tal sentido o ditame de referencia salienta que, nin nos informes obrantes nin na súa proposta de resolución, a Administración fai cita de ningún precepto legal que ampare ese recoñecemento de efectos xurídicos ás actividades realizadas sen autorización, e a xurisprudencia da que se fai cita tampouco apoia tal criterio.

Polo anterior, este Consello Consultivo conclúe que o recoñecemento de eficacia xurídica a unha actividade realizada sen licenza para conformar un procedemento de legalización que retomou as actuacións dunha solicitude de licenza previamente caducada e concluíu no pleno recoñecemento de tal situación xurídica co oficio de funcionamento, constitúen actuacións nulas de pleno dereito por terse prescindido totalmente do procedemento legalmente establecido.

A este respecto este Organismo fai particular cita dos argumentos xurídicos da Sentenza do Tribunal Supremo 1128/2018, do 2 de xullo.

No caso examinado, ao terse retomado as actuacións caducadas exonerouse á parte interesada do cumprimento de esixencias legais en vigor no momento no que presentou o proxecto que a propia parte interesada cualificou como de legalización de actividade, e esa exención é xuridicamente grave en relación co fin perseguido polo procedemento preterido que sería de aplicación, que non é outro que o que corresponda ao inicio da concreta actividade que pretende exercer a parte interesada e para a cal debe reunir os requisitos legais requiridos no tempo en que presentou o denominado proxecto de legalización.

Por tales circunstancias procede declarar a nulidade de pleno dereito das actuacións xurídicas impugnadas por medio da acción de nulidade, para as que a Sentenza do 3.9.2018 dispuxo a procedencia da tramitación dun procedemento de revisión de oficio, anulando a inadmisión acordada pola entidade local e considerándoas, pois, actuacións susceptibles de ser revisadas a través dun procedemento de nulidade.

A dita nulidade de pleno dereito proxéctase tanto sobre a situación xurídica de tutela da actividade xerada con posterioridade ás comunicacións previas e consolidada co oficio de funcionamento, como sobre as actuacións anteriores, en canto practicadas prescindindo totalmente do procedemento legalmente establecido, actuacións que, polo tanto resultan legalmente inexistentes (nos termos da propia STS 1128/2018, do 2 de xullo, de constante cita) sendo procedente retrotraer as actuacións e tramitar novamente a solicitude da parte interesada de conformidade coas normas que lle sexan de aplicación na data dos seus efectos.

3.7.- A revisión de oficio do contrato de xestión do servizo público do ciclo integral da auga (CCG 83/2019)

A cuestión foi obxecto de estudo por este órgano consultivo con ocasión da remisión, para preceptivo ditame, dun expediente de revisión de oficio do acto de formalización do contrato de xestión de servizo público, mediante concesión administrativa, relativo ao ciclo integral da auga, adxudicado no 2014.

O acordo de revisión do Concello baséase nun previo informe da intervención municipal no que se aprecia a discordancia existente no importe fixado para a cota fixa de saneamento establecida no anteproxecto de explotación elaborado na fase de preparación do contrato e a contida no referido documento de formalización.

O expediente foi devolto por este Organismo para que o Concello completase as actuacións.

Sucedeu entón que -sen outra actuación previa documentada que o acordo da Alcaldía de retrotraer as actuacións do 15.5.2019, un mes despois da devolución do expediente- con data 29.5.2019, por decreto da Alcaldía, e previo informe do secretario municipal (da mesma data), acordouse a ampliación do prazo para ditar resolución e notificala, por un tempo de 6 meses, con base no suposto previsto no artigo 23 da LPAC, alegándose "*falta de medios persoais derivada das baixas existentes en secretaría e a situación de administración ordinaria na que se atopa actualmente o actual goberno*".

En tal sentido, a ampliación do prazo acordada pola entidade local non pode ser obxecto de recurso inmediato pola contratista, pero si pode ser impugnada mediatamente, para o caso de que se recorra a resolución final, na que se pode cuestionar a legalidade da dita ampliación, como así o evidencia a xurisprudencia xa citada recaída en asuntos nos que o tribunal se pronuncia precisamente sobre o cuestionamento xurídico da ampliación que formula a parte interesada no seu recurso xudicial.

Así as cousas, carecería de sentido que o Consello Consultivo non puidese realizar un pronunciamento sobre a legalidade de tal acordo, demorando a un eventual recurso contencioso administrativo o exame de legalidade eventualmente conducente á anulación do acto cuxa adecuación ao ordenamento xurídico é precisamente sometida a coñecemento deste órgano de consulta.

Tal pronunciamento, polo demais, obedece a un criterio compartido no ámbito dos órganos da función consultiva, e poden citarse como exemplo o considerado no ditame do Consejo Consultivo de Andalucía 368/2017, do 7 de xuño, ou o 151/2015.

Pois ben, ao respecto da adecuación á legalidade do acordo de ampliación do prazo para ditar e notificar a resolución, hai que considerar que, de conformidade co artigo 23 da LPAC, existe unha posibilidade excepcional de ampliación do dito prazo nun suposto específico, cal é o de que se teñan esgotado os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o artigo 21, apartado 5, da dita lei.

Se acudimos ao precepto de remisión, temos que eses medios cuxo esgotamento lexitima a excepcional ampliación do prazo son aqueles que se tiveran habilitado por engadido, polo órgano competente, para cumprir co despacho adecuado e en prazo dos asuntos, cando o número de solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puideran supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución.

Ao respecto contamos cun corpo xurisprudencial que, certamente, alixeira un tanto a excepcionalidade da vía de ampliación, ao interpretar a previsión legal de que se teñan esgotado todos os medios a disposición posibles no sentido de que *"basta una justificación clara y real de la dificultad para resolver en el plazo ordinario para que sea admisible la ampliación del mismo"* (STS 20.4.2011). Para o Tribunal Supremo, a ampliación do prazo non pode concibirse como unha posibilidade extrema *"sino como una posibilidad admisible cuando la Administración no encuentre otra forma razonable para el cumplimiento del plazo y lo justifique adecuadamente"*.

Con todo, esa interpretación do tribunal parte dunha realidade fáctica inexorable cal é a da esixencia legal de que a ampliación obedeza a un contexto dunha concorrencia excepcional dunha multiplicidade de expedientes por resolver, pois aquela hermenéutica se realiza, na mesma sentenza, partindo da situación dunha "*acumulación de un número excesivo de asuntos a resolver*".

Por outra parte, ademais dos presupostos xa aludidos, a lei esixe que a súa concorrencia sexa motivada na resolución de ampliación (artigo 23.1 LPAC).

Trasladando tales previsións ao caso que se analiza temos que, o acordo de ampliación do prazo se fundamenta en "*falta de medios persoais derivada das baixas existentes en secretaría e a situación de administración ordinaria na que se atopa actualmente o actual goberno".*

Nada se indica pois, sobre a existencia dunha acumulación de expedientes que teña esixido a disposición de medios materiais ou persoais, nin se xustifica o número das baixas aludidas, nin a súa eventual importancia pola relación co despacho do asuntos como o que nos ocupa, sendo así, ademais, que cando o acordo de ampliación é adoptado, xa se acordara a externalización do informe relativo á alegación do contratista que motivara a devolución do expediente, realizada 40 días antes de tal acordo de ampliación, cando restaban dous meses e 20 días do prazo inicial.

Polo demais, o feito da existencia dun período electoral en curso tampouco é motivo que xustifique *per se* a concorrencia dos presupostos legais, pois aínda que esa circunstancia demanda a intervención da secretaría, a carga de traballo pode verse compensada cunha minoración dos asuntos non ordinarios, e en todo caso, requiriría dunha motivación e xustificación da existencia dunha acumulación de expedientes non susceptible de ser abordada con medios persoais e materiais complementarios, motivación ausente no acordo de ampliación e o informe previo que lle serve de base.

E ao respecto desta última circunstancia, debe ser ponderada na análise da proporcionalidade da ampliación acordada, que o tradicional prazo máximo de duración dos expedientes de revisión de oficio no noso dereito era de tres meses, prazo notablemente ampliado -duplicado- na LPAC, circunstancia que reforza, se cabe, a esixencia de xustificar a necesidade dunha ampliación do prazo, para fixar este nunha duración de 12 meses, como é o caso examinado no ditame de referencia.

Con todo, atendendo ao criterio amplo da doutrina xurisprudencial citada, entendendo que a falta de motivación formal non implica que materialmente exista e poida ser xustificada, non se aprecia unha conculcación das normas de ampliación do prazo, afirmación que se realiza coas reservas que deben acompañar ao descoñecemento –por falta de motivación– das puntuais circunstancias conxunturais que xustificarían a adopción do referido acordo de ampliación.

E en último termo, a consideración do principio de conservación de actuacións propio do noso dereito administrativo, debe ser igualmente ponderado, de forma que unha ampliación de prazo debidamente xustificada non ten por que ser menos garantista para a parte interesada que unha declaración de caducidade seguida dunha reapertura dun novo procedemento con idénticos presupostos.

Ao respecto das circunstancias que aconsellarían a ampliación do prazo, nos termos do artigo 32 da LPAC temos que o órgano competente para resolver o procedemento, o Pleno Municipal, na súa dobre condición de órgano administrativo e de representación política, está suxeito nas datas de tramitación do expediente a un proceso electoral, que razoablemente pode ralentizar a resolución de procedementos a el legalmente encomendados.

En tales circunstancias, se a resolución chega a ditarse e notificarse dentro do prazo de nove meses, descontados os períodos de válida suspensión, a actuación temporánea do Concello contaría con esta vía engadida de xustificación legal.

En tales circunstancias, e coas reservas indicadas, non é apreciable por este Consello Consultivo a existencia de caducidade do expediente.

Aduce a mercantil de referencia o feito de que a cuestión controvertida foi xa obxecto de anteriores procedementos que remataron en pronunciamentos contrarios aos intereses do Concello, aludíndose á incoación dun previo expediente no que se pretendeu a resolución do contrato, e que chegou a ser obxecto de consulta ante este órgano consultivo, así como á anulación xudicial de sucesivas ordenanzas fiscais do Concello.

A este respecto hai que considerar que o presuposto legal para a viabilidade formal dunha revisión de oficio é que nos atopemos ante un acto firme en vía administrativa ou non recorrido en prazo, existindo pronunciamentos xurisprudenciais que exclúen a revisión de oficio cando os motivos de nulidade xa foron invocados en procedemento anterior.

Mais non é este o caso analizado, pois a resolución do contrato –como a tramitada anteriormente polo Concello– afecta á eficacia do contrato, pero en absoluto supón un cuestionamento da súa validez, como tampouco a supón a anulación das ordenanzas fiscais.

Non pode ser compartido o argumento da existencia de desviación de poder, e no caso analizado non se aprecia que se exerciten potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.

Finalmente, o tempo transcorrido de case 5 anos dende a formalización do contrato non impide o exercicio das facultades revisoras, que é sabido, non están sometidas a prazo de prescrición sen que se aprecie a concorrencia de ningún dos supostos inhabilitantes do exercicio da potestade previstos no artigo 110 da LPAC na medida en que a modificación das condicións económicas que rexeron a licitación do contrato

non poden ser validadas polo simple paso do tempo sen creba transcendente dos principios de contratación de constante cita.

Non existe, pois, traba formal para a verificación da concorrencia ou non do vicio de nulidade invocado.

Entrando no exame da causa de nulidade, a proposta de resolución remitida propugna a invalidez do documento de formalización do contrato administrativo de referencia por apreciar que concorre o motivo previsto no artigo 47 parágrafo 1, letra f), da LPAC.

Enténdese que iso é así por canto no anteproxecto de explotación elaborado na fase de preparación do contrato, se tería establecido un importe de cota fixa de saneamento en contía (3,5 €) inferior á establecida posteriormente na formalización do contrato (5,1044 €).

A adxudicataria, de contrario, alega que tal variación non existe.

Ao respecto da variación aducida pola Administración nas estipulacións consignadas na formalización do contrato, hai que considerar que a mercantil adxudicataria nega tal extremo aducindo que para que o custo unitario ofertado por ela sexa de 1,980 €/m3, a cota fixa de saneamento ten que ser de 5,1044 €, ademais considera que o único dato fixo ao longo de todo o proceso de contratación é o do custo unitario e non a cota fixa de saneamento, respecto da cal existen varias magnitudes no anteproxecto de explotación do ciclo integral da auga, que serviu de base á licitación. Adúcese igualmente que a cota fixa de saneamento non foi obxecto de oferta contractual, pois a mellora so podía operar sobre o custe fixo (1,98 €/m3). Tamén se argumenta que a cota fixa de saneamento establecida no documento de ratificación foi a aplicada nas sucesivas ordenanzas fiscais aprobadas polo Concello. Como engadido, alégase que a Administración contratante respostou a un licitador que facía obxección aos cálculos económicos a partir da cota fixa de saneamento fixada en 3,5 €, que tal contía da cota era equivocada, remitíndoo a un apartado do anteproxecto de explotación no que se recollía o importe de 4,5 €.

Analizando as sucesivas alegacións realizadas pola adxudicataria resulta, en primeiro lugar, que é certo que a cota fixa de saneamento aparece recollida en distintas cantidades no anteproxecto de explotación que serviu de base económica aos pregos de contratación. Con todo, se anticipa xa, tal circunstancia non depara as circunstancias pretendidas pola entidade mercantil, por dúas razóns de distinta orde.

En primeiro lugar, porque non pode afirmarse que aquela diverxencia de magnitudes producira na contratista unha dúbida razoable sobre o importe ao que ascendía a referida cota fixa de saneamento.

E isto porque temos que a consignación dunha contía distinta se realiza nun cadro inicial do que se deriva un ulterior cadro que recolle a contía de 3,5 € coincidente coa recollida no corpo propio da memoria, polo que non existe a contradición apuntada pola entidade adxudicataria.

E sendo así que o prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 35) se remite ás tarifas establecidas no anteproxecto de explotación, resulta que estas resultan incorporadas *in alliunde* ao texto do prego, de modo que é apreciable que por este instrumento se determinou a cota fixa de saneamento no importe de 3,5 €, o que é contido propio do contrato na medida en que o artigo 115.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP) dispón que "*Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas se consideran parte integrante deles*".

Da simple lectura das alegacións obtense a conclusión incontestable de que a propia mercantil entendía entón (antes mesmo de presentar a súa oferta) que as condicións de licitación establecían unha cota fixa de saneamento por importe de 3,5 €.

Argumenta a adxudicataria que as consideracións realizadas en tal estudo non afectan á cota fixa de saneamento porque esta non é susceptible de oferta pola licitadora. Sendo isto último certo, en canto a oferta económica dos licitadores se restrinxía ao custe unitario en €/m3, o canon inicial e as posibles melloras, tal realidade non impide apreciar que das argumentacións da propia contratista realizadas naquel estudo se desprende, igualmente, que coñecía cal era a cota fixa de saneamento fixada pola Administración nas condicións de licitación, e con carácter previo á presentación da súa oferta, que decidiu achegar igualmente, en tales circunstancias.

Por outra parte, logo de aquedarse fronte á resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante, TACRC) e presentarse ao procedemento de licitación, a mercantil quedou suxeita ao réxime propio dos licitadores na contratación pública, o que supón, entre outros extremos, a aceptación dos pregos contractuais, que pasan a ser despois a lei do contrato para o adxudicatario.

En efecto, na data na que se publicaron os pregos que habían de rexer a licitación do contrato do ciclo integral da auga do Concello de Cangas, o artigo 40, apartado 1,

letra c), do TRLCSP recollía a posibilidade de impugnar aqueles pregos por vía de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo, vía infrutuosamente seguida pola entidade mercantil, como vai dito, que, ante esa situación, podía ter feito uso da libérrima opción de non presentarse á licitación.

A alternativa de concorrer como licitadora, supoñía, en troques, a aceptación dos pregos, como así se consigna nas propias cláusulas, de modo que a proposición da mercantil debía axustarse ás condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 145 TRLCSP), sen outra posibilidade de impugnación que a vía indirecta de instar a revisión de oficio dos pregos.

Por tales circunstancias, resulta absolutamente inidónea a pretendida impugnación do contido dos pregos contractuais no procedemento que nos ocupa, que se para en verificar a adecuación do contido do documento de formalización do contrato ás condicións establecidas nos pregos e o expediente de contratación.

Con todo, a incoherencia da resposta dada pola entidade local, non suficientemente aclarada no actuado, non aproveita aos intereses da contratista adxudicataria, e iso por diversas razóns de diversa índole, entre as que destaca que hai que ponderar que a resposta incoherente dada pola entidade local non puido xerar un contido vinculante para ela, na medida en que non xerou unha confianza lexítima nos licitadores, e dende logo non no caso da adxudicataria, polas razóns expostas, e sendo así que no tempo da preparación do contrato non estaba aínda en vigor a previsión do artigo 138 da LCSP respecto da vinculación da Administración, en determinadas circunstancias, á información complementaria dada ás partes interesadas.

Por outra parte, tampouco o aducido feito de que as ordenanzas fiscais recollesen a cota de saneamento fixada na formalización do contrato salva a ilegalidade da separación dos termos do previsto nas condicións de licitación, e iso porque a execución dun contrato non sanda as eventuais ilegalidades que poidan afectar ao negocio xurídico, sendo de ponderar, ademais, que, como xa se indicou, as ordenanzas fiscais non regulan as relacións contractuais entre Administración e contratista, ámbito propio do contrato de xestión de servizo público analizado, senón o réxime fiscal aplicable aos usuarios do servizo, polo que en nada afectan á validez das cláusulas contractuais.

Establecido pois que o prego de cláusulas particulares do contrato dispoñía, por remisión ao anteproxecto de explotación, unha cota fixa de saneamento por importe de 3,5 €, e desbotada a posibilidade de revisar tal extremo no presente procedemento,

procede determinar as consecuencias xurídicas a derivar do feito de que no documento de formalización do contrato, en concreto na súa cláusula 6, con afastamento das condicións establecidas nos pregos, se fixase un importe de 5,1044 €.

A este respecto este Consello Consultivo trae a colación a consolidada doutrina compartida polos órganos administrativos especializados en recursos contractuais que, recollendo unha xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo (establecida, entre outras, en sentenza do 29.9.2009), consideran que os pregos que rexen a licitación e execución dos contratos constitúen a lei destes e teñen forza vinculante tanto para licitadores que concorren aceptando o seu contido, como para as entidades promotoras do procedemento, de xeito que, de non ter sido impugnadas e anuladas algunha das súas cláusulas, todas elas deben ser aplicadas na súa integridade. Tal é así que, unha vez aprobados e publicados os pregos, a Administración non pode variar o seu contido, nin unilateralmente nin de acordo cos licitadores, supoñendo o contrario unha contravención dos principios de igualdade, non discriminación e transparencia que deben presidir calquera procedemento de adxudicación (cítase por todas a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 35/2012, do 28 de marzo), doutrina esta, polo demais, compartida por este Consello Consultivo en anteriores pronunciamentos como o realizado no ditame CCG 110/2018.

Por tal razón a lei esixe, como xa vai exposto, que os contratos se formalicen en documento que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, proscribindo a inclusión de cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación (art. 156 TRLCSP) previsións legais estas que, polo exposto, resultaron conculcadas na formalización contractual que nos ocupa.

Á hora de determinar se tal contravención constitúe o vicio de nulidade radical invocado pola Administración, isto é, se por medio de tal vulneración se adquiriron dereitos malia carecer dos requisitos esenciais para tal adquisición, debemos considerar en primeiro lugar que, en contra do alegado pola adxudicataria, si se produce unha adquisición de dereitos a través da modificación operada e que se concreta no incremento da cota fixa de saneamento a aboar polas partes interesadas, e iso na marxe de que, certamente, a cota fixa de saneamento non fose susceptible de oferta económica polos licitadores, razón que non aproba da condición de magnitude condicionante das percepcións económicas a percibir na execución do contrato, e xa que logo, de dereito adquirido a través de tal negocio xurídico.

Resolto o que precede, este Organismo delimita no seu ditame CCG 83/2019 o alcance do concepto xurídico de requisito esencial, facendo particular cita do ditame CCG

14/2019, entre outros e da doutrina do Consejo de Estado 2/2014, do 23 de xaneiro, concluíndo que a modificación operada no contrato, cun incremento notable da cota fixa de saneamento, alterou de xeito transcendente e efectivo aquela concorrencia, de modo que os dereitos económicos adquiridos pola mercantil como consecuencia da consignación de tal modificación dos pregos, se materializaron con conculcación dos requisitos esenciais de concorrencia, publicidade e igualdade, pola sinalada circunstancia de ser condicións distintas ás que conformaron as regras da licitación concorrente no contrato.

En tal sentido, faise particular referencias ás conclusións do informe 32/2012, do 20.6.2014, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, que razoa que a inclusión de novos dereitos suporía "*que el contrato no se ajustara con exactitud a las condiciones en que se llevó a cabo la licitación, resultando por tanto, contrario a los principios de igualdad y no discriminación; respeto a la libre competencia y confianza legítima, que deben observarse en toda contratación administrativa*".

Da proxección dunha notable variación das condicións económicas sobre os referidos principios esenciais da contratación que resultan conculcados, non pode tirarse outra consecuencia que a de apreciar que a modificación operada no documento de formalización supuxo a adquisición de dereitos para a contratista carecendo dos requisitos esenciais, polo que resulta nula de pleno dereito de conformidade co argumentado.

Apreciada pois a nulidade de pleno dereito da modificación operada no documento de formalización do contrato e a procedencia da súa declaración, finalmente este Consello Consultivo analiza o alcance que deba corresponder a tal declaración.

Alégase pola contratista que a formalización do contrato é un documento administrativo no que non concorre ningún dos vicios de nulidade radical legalmente previstos. Ao respecto do alcance xurídico do documento de formalización, procede remitirse ao xa indicado respecto da improcedencia de introducir variacións respecto das condicións de licitación, modificacións que, de ser introducidas, e en canto xeren unha aparencia de dereitos recoñecidos, deben ser depuradas pola vía da súa anulación ou a interpretación do contrato segundo as disposicións dos pregos, cando este último mecanismo abonde para o axuste da execución do contrato ás regras fixadas no proceso de licitación.

Dado que a nulidade non afecta á preparación do contrato nin á súa adxudicación, senón a unha cláusula do documento de formalización, é de aplicación o previsto

no artigo 42, apartado 2, da LCSP, que, inspirado no principio de conservación de actuacións, dispón que a nulidade dos actos preparatorios só afectará a estes e as súas consecuencias, e polo tanto non nos atopamos ante a nulidade do propio contrato prevista no apartado 1 do mesmo precepto, sendo preciso delimitar, entón, o alcance xurídico do vicio de legalidade existente no documento de formalización.

En tal sentido, na proposta de resolución sometida a ditame se prevé a declaración de nulidade de pleno dereito do propio acto de formalización do contrato.

Este Organismo entende que tal pronunciamento, co alcance indicado, desborda as actuacións necesarias para salvagardar a legalidade esencial conculcada por aquela modificación. E iso por canto a declaración de nulidade do acto de formalización, salvados os trámites anteriores non afectados por tal nulidade, conduciría á procedencia dunha nova formalización do contrato, que precisaría de importantes axustes vinculados á circunstancia de que teñen transcorrido case 5 anos de execución do contrato dende que este foi formalizado, e polo tanto non procede retrotraer as actuacións, porque como vai dito, a empresa contratista ao presentarse ao proceso concorrente de adxudicación, aceptou as condicións de licitación, que eran distintas das recollidas no documento de formalización no extremo concreto da cota fixa de saneamento.

Por tal razón se entende mais proporcionado ás esixencias de restablecemento da legalidade que a declaración de nulidade se restrinxa á mención modificada da cota fixa de saneamento, sen necesidade de proxectar a declaración de nulidade a outros aspectos da formalización, que permanece por tanto válida e eficaz coa sola excepción do importe correspondente a tal cota fixa, que podería ser incorporado, se se entende oportuno, por medio dunha addenda ao documento de formalización, ou pode ser simplemente aplicado en desenvolvemento da previsión legal do artigo 115.3 TRLCSP que prevé que os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos, de modo que eliminada toda aparencia de legalidade da cláusula que establece a cota de saneamento fixo no documento de formalización, aplícanse sen condicionamentos as previsións dos pregos, que como vai dito, se remiten ao sinalado contido do anteproxecto de explotación. E en tal sentido procede considerar que o propio prego de condicións administrativas particulares (cláusula 2ª) prevé que "*o contrato que se asine axustarase ao contido deste PCAP e ao PPT, cuxas cláusulas se consideran parte integrante del"* engadindo que *"no caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas*

administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes no contrato".

No caso analizado temos que a parte viciada (a determinación da cota fixa de saneamento) é perfectamente illable do resto do contrato, e a súa validez non se proxecta transversalmente sobre a do resto das estipulacións, sendo susceptible de rectificación autónoma para a súa adecuación á legalidade sen afectación da validez do resto das estipulacións, que en aplicación do referido principio de limitación dos efectos da nulidade de parte dunha actuación administrativa, poden e deben permanecer sen variación e sen necesidade, polo tanto, dunha nova formalización.

En definitiva, polas razóns que van expostas, considérase procedente declarar a nulidade da previsión do documento de formalización do contrato que alterou a cota fixa de saneamento establecida nos pregos.

3.8.- A revisión de oficio dunha licenza urbanística por construír unha nova planta sen cobertura pola licencia excedendo da mesma (CCG 67/2018)

Con ocasión do expediente CCG 67/2018, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre a solicitude do 3.6.2013 de M. para a revisión de oficio da licenza outorgada o 19.4.2000, na que se lle autorizaba a M. a edificación dunha vivenda unifamiliar, ditame emitido o 23.10.2019.

O concello inadmite a acción de nulidade exercitada, resolución que é recorrida en vía contencioso-administrativa que finaliza por sentenza do 28.6.2016 que estima o recurso e anula a resolución impugnada e ordena ao concello a tramitación do procedemento de revisión instado pola parte reclamante.

Tramitado o expediente, o Concello propón non declarar a nulidade da licenza controvertida.

Como cuestión inicial este Organismo analiza se debe ser apreciada a improcedencia do exercicio da potestade revisora en atención aos límites establecidos no artigo 110 da LPAC, considerando que a acción pública de nulidade en materia de urbanismo foi exercitada 13 anos despois do outorgamento da licenza.

Ao respecto de tal extremo hai que considerar que tal cuestión foi obxecto de específico pronunciamento na sentenza do 28.6.2016 que condenou á Administración impoñéndolle a obriga de tramitar o procedemento que nos ocupa e na que se considerou expresamente que non procedía a aplicación dos límites previstos no artigo 106 da LRXPAC sobre a consideración de que "*la actora desde el primer momento ha*

combatido por medio de diferentes procedimientos judiciales lo que consideraba unas obras no conformes al ordenamiento jurídico".

Por tal razón, a alegación da titular da licenza non pode ser estimada sen contrariar o pronunciamento da sentenza, e sen incorrer, polo tanto, na nulidade de pleno dereito sancionada no artigo 103.4 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Entrando no exame do fondo do asunto, alégase que a edificación excede da altura máxima permitida para as edificacións pola normativa urbanística de aplicación, e igualmente, que contén unha planta máis das 3 autorizadas por aquela. Criterio que se comparte no informe da pericial xudicial emitido pola arquitecta técnica o 29.11.2012, no curso das actuacións en vía xudicial.

O Concello, que entende que non concorre a referida causa de nulidade, apoiase no criterio da arquitecta municipal, para considerar que a parte superior da edificación constitúe un aproveitamento baixo cuberta, de onde se deriva a dobre conclusión amparada nas normas urbanísticas de aplicación (Normas Subsidiarias do Concello publicadas o 18.9.1985) de que, por unha parte se respecta o número máximo de plantas, pois aquela normativa exclúe do cómputo o aproveitamento baixo cuberta, adaptándose a licenza igualmente á altura máxima, que se mide por referencia á última planta con exclusión do baixo cuberta.

Deféndese polo Concello que a parte superior do edificio constitúe un aproveitamento baixo cuberta a partir da consideración de que cumpre coas determinacións urbanísticas ao respecto, que condicionan tal posibilidade a unha dobre restrición, cal é que non se exceda no aproveitamento o 75 % do que corresponde á planta inferior e que os ocos sexan tratados como mansardas.

Este Consello Consultivo amosa a súa discrepancia respecto do criterio da arquitecta municipal en relación co suposto cumprimento da normativa urbanística respecto das esixencias do aproveitamento baixo cuberta.

Como a propia técnica municipal indica no seu informe, as mansardas son ventás que se abren por riba do tellado, fóra do plano de cuberta, e tal circunstancia non se da na licenza analizada, na que a solución de apertura se realizou por medio de terraza, que en ningún caso pode ser considerada unha mansarda como pretende a técnica municipal sobre a consideración de que o planeamento non regulaba as dimensións das mansardas. Non existe elevación sobre plano de cuberta, nin aproveitamento baixo

a cuberta interrompida pola terraza, que supón ademais un tratamento de fachada, como así se considera pola perito xudicial.

En efecto, a técnica designada para realizar a pericia xudicial, resalta no seu informe que se trata *"de una verdadera nueva planta*".

E a realidade de tal apreciación se comproba con absoluta claridade na contemplación dos planos da licenza e a súa materialización na edificación realizada, na que a cuberta non contén mansardas abertas sobre o plano de cuberta e un aproveitamento baixo ela, senón, como vai dito, unha terraza que conforma unha prolongación da fachada inferior e unha nova planta.

E tal conclusión non resulta afectada polo feito de que o punto 5.2.3.3 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal permita a edificación de terrazas entrantes, pois en ningún momento se xustifica que esa sexa unha habilitación para o aproveitamento baixo cuberta, que, antes ben, e como vai argumentado, resulta excluída nas normas de aplicación xa referidas.

Tampouco aproveita á tese do Concello o feito alegado de que sexa unha solución tradicional no Concello a de permitir que no aproveitamento baixo cuberta se realice a apertura dunha terraza, pois sendo tal solución contraria ao ordenamento urbanístico, non pode existir un precedente vinculante para a Administración na ilegalidade, conforme reiterada xurisprudencia da xurisdición contencioso administrativa.

Da conclusión se deriva que a licenza de referencia incorreu nunha conculcación do ordenamento xurídico, restando por determinar, nos termos do artigo 47.1.f) da LPAC, se tal vulneración supuxo a adquisición de dereitos con carencia dos requisitos esenciais para que isto tivera lugar.

Adúcese nas actuacións a improcedencia de considerar que as vulneracións referidas poden supoñer a carencia de requisitos esenciais, e iso con cita do ditame do 15.4.2000 do Consejo de Estado que limitaría tal posibilidade aos supostos de licenzas afectantes a usos e edificacións en zonas verdes, dotacións, equipamentos públicos ou viarios.

Non pode ser compartido tal criterio, que polo demais non encaixa na doutrina deste Consello Consultivo, e iso por canto, limitado con tal restritivo alcance o suposto de nulidade de pleno dereito da licenza, iso conduciría á conclusión absurda de que non poderían ser revisadas licenzas que amparasen feitos tipificados na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia como infraccións graves tales como o incumprimento de normas relativas a parcelacións, aproveitamento urbanístico, uso do solo, superficie e volume edificable ou tal e como é o caso, altura e número de plantas.

Así pois, en canto que a través da licenza cuestionada se adquiriron dereitos para edificar con vulneración das normas de altura e número de plantas, e conformando a materialización da licenza uns feitos que son tipificados como infracción grave, necesariamente hai que concluír que se carecía dos requisitos esenciais para a adquisición dos dereitos outorgados pola licenza, que resulta afectada, xa que logo, por un vicio de nulidade radical.

En todo caso, en aplicación do principio de conservación de actos previsto no artigo 51 da LPAC, o alcance da nulidade non debe afectar a aquela parte dos dereitos recoñecidos pola licenza cuxo contido se mantería igual de non terse cometido a infracción, polo que debe ser restrinxida á autorización da terraza, na medida en que o requisito da limitación do aproveitamento ao 75 % da planta inferior se afirma cumprido tanto pola técnica municipal como pola perito xudicial.

3.9.- A revisión de oficio solicitada en base a unha certificación urbanística (CCG 392/2019)

Con ocasión do expediente CCG 392/2019, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre se unha certificación urbanística é ou non un acto administrativo no que pode ampararse unha solicitude de revisión de oficio.

O expediente parte do feito de que con data 4.10.2018 a secretaria do Concello certifica que o enxeñeiro municipal emitiu informe urbanístico sobre o carácter público dun camiño existente no municipio.

A Xunta de Goberno Local acorda a revisión de oficio para a declaración de nulidade de pleno dereito da certificación urbanística emitida con data 4.10.2018, relativo á inexistencia de camiño público entre as parcelas X e X, conforme o art. 47.1º.f) da LPAC, en base ao informe emitido pola secretaria do concello.

Tal e como se indica no ditame de razón, no expediente remitido a este Consello Consultivo, o *"acto"* sometido a revisión non é tal, pois trátase dunha certificación administrativa dun informe urbanístico.

Porque con independencia da normativa reguladora, nin un informe nin unha certificación dun informe son actos administrativos en sentido técnico xurídico, e como tal non son susceptibles de revisión, pois non participan da súa natureza, nin dos carácteres esenciais de legalidade e executividade.

Así as cousas, unha información urbanística errónea ou inexacta, pode e debe ser corrixida por medio doutra información urbanística que depure os erros,

inexactitudes ou omisións da anterior, como parece que xa se fixo á vista do expediente remitido.

Existen lexislacións urbanísticas autonómicas que estipulan claramente que as informacións urbanísticas non vinculan á Administración, sen prexuízo da responsabilidade polos danos derivados do seu carácter erróneo ou inexacto.

Pero en calquera caso, este Consello Consultivo reitera, non son actos administrativos, polo que este organismo informa desfavorablemente a proposta de resolución.

3.10.- A revisión de oficio dun contrato administrativo de Dereito Privado (CCG 442/2019)

Os feitos parten do ano 2014, data na que o delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense e o presidente da Xunta Reitora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común L., asinaron un contrato de cesión de uso temporal sobre unha porción de monte da comunidade de montes.

Con data 13.9.2019 a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, por delegación do conselleiro de Facenda, ditou unha proposta de resolución no sentido de declarar a nulidade de pleno dereito do negocio xurídico formalizado o 5.3.2014, co recoñecemento dunha indemnización de 84.718,50 € a favor da comunidade de montes veciñais en man común.

Este Consello Consultivo comeza analizando no ditame de referencia se, como pretende a administración, é posible revisar de oficio un negocio xurídico bilateral (un contrato de cesión de uso temporal), como o formalizado o 5.3.2014.

Pois ben, verbo da imposibilidade de revisar de oficio un contrato tense pronunciado a xurisprudencia e, así, a Sentenza da Audiencia Nacional do 24.2.2016 sinalou:

> *"(...) nunca puede ser su unilateral declaración de voluntad, mediante el fraude jurídico de la utilización de la revisión de oficio, sino que deberá acudir a los órganos jurisdiccionales".*

Esta postura é a tamén mantida polo Consejo de Estado, podendo citarse, por todos, o ditame número 3412/1999, do 9.3.2000:

> *"Se plantea en la presente consulta la revisión de oficio que el Ayuntamiento pretende hacer del contrato (...). Ello no es posible porque, en primer lugar, la revisión de oficio supone el ejercicio de una potestad administrativa para la revocación de actos administrativos, no de contratos (...)".*

Polo tanto, non resulta posible a revisión de oficio dun contrato asinado pola Administración, sen prexuízo da posibilidade de revisar de oficio as actuacións administrativas que precedesen ao outorgamento do contrato, mesmo aínda se, como acontece no caso analizado, se trata dun contrato sometido ao Dereito privado, como recoñece o acordo de incoación do 7.8.2019. Sobre este particular faise particular cita das Sentenzas do Tribunal Supremo do 1.2.1999 ou a do 23.1.1987, así como da doutrina deste Consello Consultivo (por todos, o CCG 875/2013 e o CCG 245/2015).

A pesar do dito, no ditame de referencia indícase expresamente que aínda que estas consideracións xa enervan a revisión de oficio pretendida, polo que atinxe á eventualidade da incoación dun novo procedemento revisorio das actuacións preparatorias que levaron á formalización do contrato de cesión, estima este órgano consultivo pertinente realizar un pronunciamento verbo da competencia para a revisión daquelas actuacións, consideracións que, por ende, deben estenderse á competencia para incoar e resolver o procedemento revisorio que é examinado no ditame de referencia.

Ao respecto este Organismo, logo de analizar a normativa aplicable ao caso, como o artigo 3.1.b) da Lei 6/2001, do 29 de xuño, da adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que debe cohonestarse co disposto no artigo 4.1 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, conclúe que considerando que no caso examinado a actuación do delegado territorial tivo lugar baixo a dependencia funcional da consellería con competencias en materia de medio rural (segundo a cláusula primeira do contrato formalizado, a porción de monte veciñal cedido estaba destinado a aeródromo de emerxencias, prevención e extinción de incendios), de acordo coa regra consagrada no artigo 3.1, letra b), da Lei 6/2001, do 29 de xuño, a competencia para a revisión de oficio correspondería á persoa titular da Consellería de Medio Rural, e non á persoa titular da Consellería de Facenda.

3.11.- A revisión de oficio do nomeamento dun funcionario interino cando excedía a idade máxima de xubilación (CCG 468/2019)

A cuestión foi obxecto de estudo no ditame CCG 468/2019, coa remisión dun expediente de revisión de oficio da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública pola que se nomeou funcionario interino do corpo administrativo da Xunta de Galicia a S.

S. resultou seleccionado e foi nomeado funcionario interino do corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1), mediante Resolución da Dirección Xeral da Función Pública de data 1.8.2019, sendo así que con posterioridade, o 9.10.2019, constatouse que cando se efectuou o chamamento a parte interesada excedía da idade de xubilación forzosa legalmente establecida, nos termos dos preceptos legais que se deixan referidos.

Tratase dun acto administrativo firme, expreso e atributivo de dereitos ao interesado en virtude do que este foi nomeado funcionario interino do corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1).

Séndolle aplicable ao persoal interino, en canto resulte adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira, consonte ao disposto no artigo 10.5 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (en diante, TREBEP), é de ter en conta que entre os requisitos xerais para poder participar en procesos selectivos, o artigo 56.1.c) do TREBEP contempla o de non exceder da idade máxima de xubilación forzosa, precisándose ademais a este respecto que só por lei poderá establecerse outra idade máxima distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

Pola súa banda, o artigo 67 do TREBEP dispón que a xubilación dos funcionarios poderá ser voluntaria ou forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

En idénticos termos se expresa o artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante, LEPG).

En efecto, a parte interesada cumpriu 65 anos de idade o 5.6.2018, polo que na data na que se efectuou o chamamento (23.7.2019), a súa idade excedía, manifestamente, da idade de xubilación prevista tanto no artigo 67 do TREBEP, no artigo 68 da LEPG así como na establecida pola normativa da Seguridade Social.

En atención ao exposto, no presente caso cómpre ter por acreditado que a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública de data 1.8.2019 atribúe á parte interesada unha condición, a de persoal funcionario interino, carecendo dun requisito esencial para a adquisición da referida condición, como o é o de idade previsto nos artigos 56 e 67 do TREBEP e 68 da LEPG, polo que este Organismo emite o seu parecer favorable á revisión de oficio da referida resolución.

3.12.- A revisión de liquidacións xiradas polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana (plusvalía) (CCG 445/2019, CCG 446/2019, CCG 447/2019, CCG 448/2019, CCG 449/2019 e CCG 450/2019)

Con ocasión da análise de varios expedientes (CCG 445/2019, CCG 446/2019, CCG 447/2019, CCG 448/2019, CCG 449/2019 e CCG 450/2019), este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre a revisión de oficio de liquidacións xiradas polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana.

Así, os feitos parten en todos os expedientes dos escritos presentados polas partes reclamantes nos que solicitan a revisión de actos nulos de pleno dereito en relación coas liquidacións tributarias respectivas, xiradas polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana.

A proposta do Concello é desestimatoria en todos os casos.

CCG 449/2019:

O ditame emitido considera que a solicitude de revisión presentada fai unha invocación absolutamente xenérica do suposto previsto no artigo 217.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en diante, LXT), pero non se indica nin se xustifica que concreto dereito ou liberdade susceptible de amparo constitucional foi presuntamente obxecto de lesión coa practica da liquidación tributaria.

Certo que na solicitude faise cita do artigo 31.1 da Constitución Española, que recolle o principio de capacidade económica, pero ese principio non ten encaixe no artigo 217.1.a) da LXT pois non constitúe un dereito "*susceptible de amparo constitucional"* ao non estar entre os antes referidos, polo cal non cabe basear nel unha eventual revisión daquela liquidación.

Procede, dese modo, rexeitar a solicitude de revisión en canto pretende ampararse no artigo 217.1.a) da LXT.

Invócase na solicitude, asemade, o suposto de nulidade de pleno dereito recollido no artigo 217.1.f) da LXT, relativo aos actos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

No ditame de referencia déixase constancia, en primeiro termo, de que este Consello Consultivo de Galicia non comparte a doutrina mantida por un sector da Administración consultiva que, no eido da relación xurídica tributaria, preconiza a restrición daquel suposto legal aos actos que afecten á adquisición de dereitos polos

administrados, negando a súa aplicación aos actos dos que se derive a adquisición de dereitos ou facultades pola Administración. E non a comparte porque se da relación xurídica tributaria poden derivarse obrigacións, cos correlativos dereitos ou facultades, tanto para os administrados como para a Administración (artigo 17.2 da LXT), nada permite, con esquecemento do principio de que onde a lei non distingue non cabe distinguir, interpretar o silencio do artigo 217.1.f) da LXT no senso de que a súa aplicación queda limitada aos casos de adquisición de dereitos polos administrados.

Con todo, resulta obvio que, por concepto, naquel suposto de nulidade só poden encaixar os actos susceptibles de producir un efecto adquisitivo dun dereito ou facultade. Porén, non é ese o caso que estamos examinando, no que a adquisición pola Administración do dereito á prestación tributaria, á que a entidade Bankia, S.A. refírese, non o xera a liquidación tributaria cuxa declaración de nulidade se pretende, dado que esa liquidación non é outra cousa que un acto resolutorio que se limita a realizar as operacións de cuantificación necesarias e determinar o importe da débeda tributaria (artigo 101.1 da LXT), senón que o que determina e fundamenta tal adquisición é a realización do feito impoñible, é dicir, o presuposto de feito a cuxa realización vincula a lei o nacemento da obrigación tributaria (artigo 20.1 da LXT).

Por ser ese así, e por non ser a liquidación cuxa nulidade se pretende o acto determinante da adquisición polo Concello do dereito á prestación tributaria discutida, procede desestimar tal solicitude en canto se trata de amparar no artigo 217.1.f) da LXT.

Por último, a solicitude de revisión formulada o abeiro do artigo 217.1.g) da LXT, que permite declarar a nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria cando así se estableza expresamente nunha disposición de rango legal, faise descansar polas partes reclamantes na dicción do artigo 47.2 da LPAC:

> *"2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á lei e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais."*

Como queira que a declaración de nulidade solicítase, no caso analizado, respecto dunha liquidación tributaria en cada caso, resulta indubidable que o artigo 47.2 da LPAC non é aplicable ao suposto examinado, porque literalmente tal precepto refírese a "*disposicións administrativas"* e non a *"actos administrativos"*, como é o acto de liquidación.

Doutra banda, o artigo 217.1.g) da LXT, ao prever a referida causa de nulidade, require que se trate dun suposto que se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei. Pero o certo é que ningunha disposición legal recolle expresamente como causa de nulidade de pleno dereito dunha liquidación a declaración de inconstitucionalidade da lei que a ampara, razón pola que non é posible a revisión da liquidación obxecto deste procedemento pola vía do artigo 217.1.g) da LXT.

Resta dicir que o feito de que o Tribunal Constitucional declarase inconstitucionais determinados preceptos da lei reguladora do tributo en cuestión non determina dun xeito automático a nulidade radical e non emendable de todas as liquidacións tributarias xiradas sobre a base daqueles, sendo o propio Tribunal Constitucional, na recente Sentenza 126/2019, do 31 de outubro, o que vén a precisar, sobre o alcance do fallo que declaraba inconstitucional o artigo 107.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que:

> *"Por exigencia del principio de seguridad jurídica (art. 9.3 CE), y al igual que hemos hecho en otras ocasiones (por todas, SSTC 22/2015 de 16 de febrero, FJ 5; y 73/2017, de 8 de junio, FJ 6), únicamente han de considerarse situaciones susceptibles de ser revisadas con fundamento en esta Sentencia aquellas que, a la fecha de publicación de la misma, no hayan adquirido firmeza por haber sido impugnadas en tiempo y forma, y no haber recaído todavía en ellas una resolución administrativa o judicial firme".*

Considerando todo o que precede, o xuízo deste órgano consultivo é favorable á desestimación da solicitude, ao non concorrer na liquidación tributaria en cuestión os vicios de nulidade de pleno dereito invocados.

CCG 445/2019:

No ditame CCG 445/2019 a parte interesada solicita a revisión da liquidación xirada polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana con base no art. 217.1.e), por canto que a parte interesada considera que a liquidación foi practicada aplicando preceptos dunha norma declarados inconstitucionais, e polo tanto, ao marxe do procedemento legalmente establecido.

Con respecto a este motivo, a doutrina deste Consello Consultivo é pacífica, considerando, para apreciar esta causa, que é necesario que a conculcación do procedemento teña sido de tal magnitude que supoña a concorrencia de anomalías na tramitación que se caractericen pola súa especial gravidade.

En relación con estas concretas causas, cómpre recordar o sinalado, entre outras, na sentenza do Tribunal Supremo do 9.6.2011, a teor da cal:

"(...) el apartado a) del artículo 217.1 de la Ley General Tributaria (...). Por su parte, el apartado e) del referido artículo 217.1 recoge como supuesto de nulidad de pleno derecho de los actos dictados en materia tributaria, el de "que hayan sido dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido para ello o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad en los órganos colegiados".

Ello nos lleva a distinguir los siguientes casos:

1º) Cuando se prescinde total y absolutamente del procedimiento, habiéndose referido a este supuesto las Sentencias de esta Sala de 10 de octubre de 1979, 21 de marzo de 1988, 12 de diciembre de 1989, 29 de junio de 1990, 31 de enero de 1992, 7 de mayo, 4 de noviembre y 28 de diciembre de 1993, 22 de marzo y 18 de junio de 1994 y 31 de octubre de 1995, entre muchas otras).

Se trata de un supuesto reservado, como se ha señalado en la Sentencia de 8 de febrero de 1999, "para aquellas vulneraciones de la legalidad con un mayor componente antijurídico", debiendo ser la omisión "clara, manifiesta y ostensible" (Sentencias de 30 de abril de 1965, 22 de abril de 1967, 19 de octubre de 1971, 15 de octubre de 1997 y 30 de abril de 1998) y no pudiéndose calificar como supuesto de nulidad de pleno en caso de omisión de un mero trámite (por todas la Sentencia de esta Sección de 24 de febrero de 2004, dictada en el recurso de casación 7791/2008 [sic]), salvo que el mismo sea esencial.

2º) Cuando se utiliza un procedimiento distinto del establecido en la Ley.

Realmente, se asimila a la ausencia de procedimiento y así se reconoce en la Sentencia de esta Sección de 26 de julio de 2005 (recurso de casación 5046/2000), pero también puede ocurrir que en el que se siga se cumplan los trámites esenciales del omitido, no dando lugar a la nulidad de pleno derecho.

3º) Cuando se prescinde de un trámite esencial. Así se ha reconocido en las Sentencias de 21 de mayo de 1997, 31 de marzo de 1999 y 19 de marzo de 2001.

Un ejemplo típico de este tipo de nulidad de pleno derecho es la imposición de sanciones de plano, que atenta contra los artículos 24 y 25 de la Constitución y al que se ha referido la Sentencia de esta Sala y Sección de 21 de octubre de 2010 (recurso de casación número 34/2006)".

Pois ben, a totalidade da fundamentación xurídica da nulidade invocada, vén a referirse á inconstitucionalidade dos arts. 107.1, 107.2.a) e 110.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en diante, TRLRFL) declarada polas SSTC 26/2017, do 16 de febreiro, 37/2017, do 1 de marzo e 59/2017, do 11 de maio.

Así as cousas, non se discute que a liquidación foi practicada atendendo á normativa vixente no seu momento, polo que a cuestión radica en determinar se o feito de que os preceptos fosen posteriormente declarados inconstitucionais afecta ás liquidacións xiradas con anterioridade á devandita sentenza, ou, expresado en termos do presente debate, se hai unha ausencia total de procedemento para liquidar o imposto por aplicarse normas sobrevidamente inconstitucionais.

E a este respecto, manifesta este Organismo que o feito de que o TC anulase determinados preceptos da lei reguladora do tributo en cuestión non determina dun xeito automático a nulidade radical e non emendable de todas as liquidacións tributarias xiradas sobre a base do devandito imposto, e polo tanto a posibilidade de exercitar a revisión de oficio con respecto a estas.

O art. 40 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, establece que:

> *"Las sentencias declaratorias de la inconstitucionalidad de Leyes, disposiciones o actos con fuerza de Ley no permitirán revisar procesos fenecidos mediante sentencia con fuerza de cosa juzgada en los que se haya hecho aplicación de las Leyes, disposiciones o actos inconstitucionales, salvo en el caso de los procesos penales o contencioso-administrativos referentes a un procedimiento sancionador en que, como consecuencia de la nulidad de la norma aplicada, resulte una reducción de la pena o de la sanción o una exclusión, exención o limitación de la responsabilidad".*

En coherencia co anterior, a moi recente Sentenza do Tribunal Constitucional 126/2019, do 31 de outubro, vén a pechar dun xeito expreso e inequívoco o debate aberto sobre a posible produción de efectos *ex tunc* da eventual nulidade das liquidacións do imposto realizadas con base nos preceptos do TRLRFL declarados inconstitucionais, afirmado que:

> *"El alcance de la declaración: (...) Ha de añadirse una precisión sobre el alcance concreto del fallo. Por exigencia del principio de seguridad jurídica (art. 9.3 CE), y al igual que hemos hecho en otras ocasiones (por todas, SSTC 22/2015 de 16 de febrero, FJ 5; y 73/2017, de 8 de junio, FJ 6), únicamente han de considerarse situaciones susceptibles de ser revisadas con fundamento en esta Sentencia aquellas que, a la fecha de publicación de la misma, no hayan adquirido firmeza por haber sido impugnadas en tiempo y forma, y no haber recaído todavía en ellas una resolución administrativa o judicial firme".*

Resolta a cuestión sobre a retroactividade dos efectos da sentenza, a decisión deste Consello ten necesariamente que seguir a pauta marcada polo supremo intérprete

da CE. Como se ten sinalado noutras ocasións, un informe deste Consello non podería prevalecer fronte ás resolucións xurisdicionais. Polo demais, se o criterio deste órgano non fose coincidente cos dos órganos xurisdicionais, contribuiría a fomentar inseguridade xurídica sobre a cuestión. En definitiva, tratándose dun asunto xa resolto por sentenza xudicial firme, só cabe remitirnos aos fundamentos destes pronunciamentos (CCG 46/2019).

Considerando todo o que precede, o xuízo deste órgano consultivo debe ser favorable á desestimación da solicitude, ao non concorrer na liquidación tributaria en cuestión os vicios de nulidade de pleno dereito invocados.

CCG 446/2019 e CCG 447/2019:

Finalmente, nos ditames CCG 446/2019 e CCG 447/2019 as partes interesadas invocan como causa de nulidade o artigo 217.1, letras c) e f) da LXT.

Polo que respecta á causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 217.1, letra c) da LXT, *"acto que teña un contido imposible"*, esta imposibilidade viría determinada polo feito de que os preceptos aplicados para realizar a devandita liquidación - arts. 107.1, 107.2.a) e 110.4 do TRLRFL - foron obxecto de declaración de inconstitucionalidade polas sentenzas do Tribunal Constitucional 26/2017, do 16 de febreiro; 37/2017, do 1 de marzo; e, 59/2017, do 11 de maio.

Pois ben, con respecto a esta causa de nulidade, debe sinalarse que a imposibilidade á que se refire a lei é unha imposibilidade material ou física, non xurídica, e que, ademais, debe ser orixinaria. Neste sentido este Consello Consultivo ten razoado que ese aspecto material da imposibilidade require que esta se evidencie á marxe de valoracións xurídicas, ou da ponderación ou transcendencia que en dereito corresponda a unha situación fáctica determinada, o cal non quere dicir que determinadas situacións cualificables como de *"imposibilidade xurídica"*, non se poidan asimilar ou encadrar na *"imposibilidade material"*, como sen dúbida ocorre cando o acto de que se trate entra en clara e patente contradición co propio ordenamento xurídico, alén da simple vulneración ou transgresión xurídicas eventualmente determinantes da súa anulabilidade (vide, CCG 313/2019, CCG 346/2004, 383/2005, 459/2006 ou 483/2010). En idéntico sentido cabe citar os ditames do Consejo de Estado 2865/2000, do 19 de outubro, e 1364/2003, do 26 de xuño. Asemade, esta opinión tamén é pacífica na xurisprudencia (vide, Sentenza do Tribunal Supremo do 19.5.2000).

Polo tanto, semella claro que a aplicación na liquidación dos preceptos declarados inconstitucionais non constituiría un suposto de imposibilidade fáctica, senón

xurídica, determinante, xa que logo, dun eventual vicio de anulabilidade, e non de nulidade de pleno dereito.

Así as cousas, non se aprecia a concorrencia da causa invocada para revisar o acto.

4.- O RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN

4.1.- Recurso extraordinario de revisión por erro de feito nun expediente sancionador (CCG 353/2019)

No caso sometido a ditame CCG 353/2019, M. presentou un escrito solicitando a revisión do expediente sancionador por infracción de tráfico instruído polo Concello.

No caso analizado, o boletín de denuncia da Policía Local dá conta do feito denunciado "*estacionar nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada (parada de autobuses*)".

O axente fai constar no boletín de denuncia a circunstancia pola que non se notificou a denuncia no acto ao condutor, "*conductor ausente (vehículo estacionado*)". Achega co boletín de denuncia unha fotografía do vehículo denunciado.

A este respecto, a fotografía achegada polo axente denunciante xunto co boletín de denuncia, en ningún caso coincide co vehículo identificado no boletín.

A causa invocada é a sinalada no artigo 125.1.1ª da LPAC, consonte ao que:

> *"1. Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interporse o recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:*
>
> *a) Que ao ditalos se incorrese en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente".*

A circunstancia primeira do devandito artigo, esixe que a resolución recorrida incorrese nun erro de feito.

No caso analizado, do exame do expediente, en base a proba (documental gráfica) resulta o erro na resolución do expediente sancionador, xa que a fotografía achegada polo axente denunciante xunto co boletín de denuncia –no que se ve un automóbil de catro rodas– en ningún caso coincide co vehículo denunciado no boletín, que resulta ser "*una motocicleta de 2 ruedas, s.sid*".

Neses termos e en mérito das precedentes consideracións xurídicas, este Consello conclúe co pleno respaldo á proposta favorable á estimación do recurso, por apreciarse a concorrencia dun suposto de erro de feito imputable á Administración ao sancionar a unha persoa distinta da responsable, o cal ten maior transcendencia incluso no suposto que se considera por tratarse dun expediente sancionador, no que debe serlle esixido á Administración un maior rigor formal dada a natureza singular dese procedemento.

4.2.- Recurso extraordinario de revisión por prazos hábiles e a súa cualificación como erro de feito ou erro de dereito (CCG 389/2019)

O expediente CCG 389/2019 parte do acordo da Alcaldía do concello, que a raíz da denuncia dun particular e á vista dunha acta de inspección urbanística, suspende as obras de edificación do Edificio B., así como incoar un expediente de reposición da legalidade.

Posteriormente, por resolución da Alcaldía do 26.4.2018 acordouse ampliar a orde de suspensión cursada á totalidade das obras de construción da edificación ao non axustarse ás condicións dispostas na licenza por razón da alteración da rasante definida no proxecto, ampliando o obxecto do expediente de reposición ao conxunto das obras de construción por tal presunta alteración.

A entidade interesada interpuxo un recurso de suspensión o 2.5.2019 fronte á citada ampliación da orde de suspensión cautelar.

O 24.7.2018 a Alcaldía do concello ditou unha resolución na que estima parcialmente o recurso de reposición presentado.

O 8.5.2019 a Alcaldía do concello ditou unha resolución na que require á entidade coa fin de que no prazo de tres meses axustase as obras en curso ás condicións sinaladas na licenza de edificación.

Este acto foi notificado á mercantil o 9.5.2019.

O 10.6.2019 presentou en Correos un recurso de reposición interposto pola empresa fronte a Resolución da Alcaldía do 8.5.2019, interesando a mercantil o arquivo do expediente.

O 13.6.2019 a empresa presentou, a través da sede electrónica, unha copia do recurso de reposición.

O 24.6.2019 a Alcaldía inadmitiu o recurso presentado por extemporáneo.

O 10.7.2019 a empresa presentou un recurso extraordinario de revisión fronte á Resolución da Alcaldía do 24.6.2019.

No caso examinado no expediente CCG 389/2019, a entidade mercantil recorrente non invoca expresamente ningunha causa do artigo 125 da LPAC, do teor do seu escrito resulta indubitada a fundamentación do seu recurso na causa prevista na letra a) daquel precepto. O dito apartado sinala que:

> *"1. Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interporse o recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución, cando concorra algunha das circunstancias seguintes: a) Que ao ditalos se incorrese en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente".*

Pois ben, polo que ao caso se refire, a entidade recorrente considera que se produciu un erro de feito na resolución da Alcaldía do concello do 24.6.2018 pola que se inadmitiu o recurso de reposición presentado ao resultar extemporáneo. Sinala así a mercantil interesada:

> *"A Resolución impugnada declara a inadmisibilidade do recurso de reposición (...) por entender que foi interposto fora do prazo de un mes, xa que a presentación en Correos tivo lugar o día 10.06.19.*
>
> *Agora ben, é evidente que cando na Resolución, (...) xa que no cae na conta de que o día 9 era domingo, polo que, en aplicación do disposto no artigo 30.5 da Lei 39/2015, en relación co artigo 30.2 da mesma lei, enténdese prorrogado ao día seguinte hábil, isto é, o día 10.06.19, que foi cando se presentou o recurso por correo certificado.*
>
> *Por outra banda, o documento se presentase por correo certificado e non por medios telemáticos non pode en ningún caso conducir á inadmisión do recurso, porque non figura dentro das causas posibles de inadmisión do recurso que enumera o art. 116 da Lei 39/2015. Polo tanto, trátase dun defecto subsanable".* (Sic)

Con base nesta argumentación da parte recorrente, o primeiro extremo que examina este órgano consultivo no ditame de referencia é se a resolución do 24.6.2018 incorreu, ou non, nun erro de feito, advertindo que este debe consistir nun dato puramente fáctico que resulte constatable da documentación incorporada ao expediente, sen necesidade de recorrer a ningunha interpretación xurídica.

Ao respecto, este Organismo fai particular cita de anteriores pronunciamentos deste, así, os ditames CCG 166/2011 ou CCG 100/2018, sobre a doutrina do erro de feito

(Sentenzas do Tribunal Supremo do 6.2.1975, 28.9.1984 e 4.10.1993 e doutrina do Consejo de Estado).

No caso examinado o erro no que, segundo a sociedade recorrente, tería incorrido a resolución do 24.6.2018, consistiría precisamente nun erro na determinación do *dies ad quem* para a interposición do recurso de reposición, extremo este que non pode cualificarse como erro de feito, xa que non existindo erro nas datas (día 9.5.2019 data de notificación da resolución recorrida, 10.6.2019 data de interposición do recurso de reposición en Correos e 13.6.2019 data de presentación electrónica do mesmo recurso de reposición), a discrepancia no cómputo de prazos non se reconduce a un erro de tal natureza, senón a unha cuestión xurídica, cal é a relativa á aplicación do artigo 68.4 da LPAC a unha entidade, como a recorrente, obrigada a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas en virtude do artigo 14.2, letra a), da lei.

> *"Artigo 68. Emenda e mellora da solicitude.*
>
> *(...)*
>
> *4. Se algún dos suxeitos a que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3 presenta a súa solicitude presencialmente, as administracións públicas requirirán o interesado para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda".*

Consecuentemente, este Consello Consultivo considera procedente a desestimación do recurso extraordinario de revisión que motiva o presente ditame, por non mediar o suposto previsto no artigo 125.1, letra a), da LPAC, que autoriza a adopción de tal excepcional e extraordinaria medida.

4.3.- Recurso extraordinario de revisión e análise de se un certificado ten o carácter de documento esencial posterior (CCG 425/2019)

Este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse ao respecto con ocasión do expediente CCG 425/2019 que parte da seguinte realidade fáctica.

Con data 20.1.2017 A. presentou recurso extraordinario contra a resolución do xefe territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense do 2.5.2016, ditada no procedemento de desconformidade de dereitos de acometida.

Con data 17.4.2017, o xefe territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense ditou a resolución inadmitindo o recurso por non estar baseado en ningún dos supostos previstos no artigo 125.1 da LPAC.

Contra a dita resolución alzouse a parte interesada en vía contencioso-administrativa, obtendo sentenza favorable do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense na que estimando o recurso xurisdicional se revogou o acordo de inadmisión dispoñéndose que pola Administración demandada se procedese a tramitar o recurso extraordinario de revisión no seu día interposto.

Este Consello Consultivo analiza a posible concorrencia da causa na que fundamenta a entidade mercantil o recurso extraordinario de revisión, temos que lembrar que a parte recorrente basea aquel recurso na causa sinalada no artigo 125.1, letra b), da LPAC, consonte ao que:

> *"Artigo 125. Obxecto e prazos.*
>
> *1. Contra os actos firmes en vía administrativa poderá interporse o recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou, que tamén será o competente para a súa resolución, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:*
>
> *(...)*
>
> *b) Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución impugnada.*
>
> *(...)".*

Pois ben, polo que ao caso se refire, a entidade recorrente considera que o certificado do Concello do 5.12.2016 que aclara o certificado emitido o 27.10.2015 é un documento de valor esencial que evidencia un erro na resolución do xefe territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense do 2.5.2016, ditada no procedemento de desconformidade de dereitos de acometida, e que declara que a empresa ten a obriga de soportar os gastos derivados da realización das obras precisas para atender a demanda de subministración eléctrica. Considera a entidade mercantil que o referido certificado determina que a obriga de soportar os gastos derivados da realización das obras precisas para atender a demanda de subministración eléctrica corresponde a A.C. SL e non a entidade recorrente ao variar a calificación urbanística da finca.

O precepto esixe a aparición de documentos de valor esencial para a resolución do asunto, aínda que sexan posteriores.

O Consejo de Estado ten interpretado tal requisito considerando que: *"... la apreciación de que se aportan documentos nuevos de carácter esencial requiere que, respeto de estos, se aprecie su valía en tal modo que, de haber existido, aparecido o*

constado en el momento de dictarse la resolución que se combate, este habría variado sustancialmente de sentido y signo". (Ditame do 14.9.2000, entre outros).

Agora ben, este non é o caso examinado no expediente, no que o novo certificado non varía o sentido da resolución, posto que como recolle a proposta de resolución, máis alá da calificación urbanística do terreo en cuestión, o relevante é acreditar se nel se concentran as dotacións e servizos urbanísticos necesarios que o fagan acredor da condición de solo urbanizado de acordo co previsto no art. 25.1 do Real decreto 1048/2013, do 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica, que dispón:

> *"1. Las instalaciones de nueva extensión de red necesarias para atender nuevos suministros o ampliación de los existentes de hasta 100 kW en baja tensión y 250 k" en alta tensión, en suelo urbanizado que con carácter previo a la necesidad de suministro eléctrico cuente con las dotaciones y servicios requeridos por la legislación urbanística en el artículo 12.3.b del texto refundido de la Ley de Suelo, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2009, de 20 de junio, serán realizadas por la empresa distribuidora de la zona, dando lugar a la aplicación de los correspondientes derechos de extensión.*
>
> *(...)".*

Pois ben, no caso estudado queda probado no expediente administrativo que a finca de referencia conta con tales servizos, de acordo co certificado do 16.5.2019 do Concello.

Consecuentemente, por non concorrer a causa de revisión alegada este Organismo conclúe que non procede a desestimación do recurso extraordinario interposto.

5.- A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

5.1.- Modificación de contrato (CCG 55/2019)

Con ocasión da análise dun expediente contractual, este Consello Consultivo de Galicia tivo ocasión de pronunciarse verbo da modificación dun contrato de obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo.

Os antecedentes do caso serían os seguintes:

Con data 15.12.2017 publicase no DOG o anuncio de licitación do contrato de obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo.

Con data 9.4.2018 asinase o contrato de obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a mercantil adxudicataria S.J. S.A. por un importe de x € e un prazo de execución de 21 meses.

Con data 28.1.2019 tivo entrada na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un escrito presentado pola dirección de obra solicitando a autorización para a redacción dun proxecto modificado das ditas obras.

Con data 30.1.2019 o Servizo de Obras e Proxectos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas Xustiza, habilitado para actuar como Oficina de Supervisión de Proxectos, informou favorablemente o proxecto básico presentado.

Con data 31.1.2019 o contratista manifestou expresamente á súa aceptación.

Con data 4.2.2019 a asesoría xurídica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza informou favorablemente a dita modificación contractual.

En relación coa normativa de aplicación á modificación de referencia hai que considerar que, de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en diante, LCSP), os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da dita lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída expresamente a súa modificación, pola normativa anterior.

No caso examinado, atendida a data do anuncio licitación que se modifica, resultan de aplicación as previsións do TRLCSP.

Sentado o anterior, o ditame CCG 55/2019 fai unha precisión. A Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición transitoria primeira, número segundo, da LCSP no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor desta, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e asumindo así un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento puntual deste Consello (CCG 250/2018).

Así as cousas, e dada a natureza das obras que se pretenden levar a cabo, de acordo co exposto nos informes técnicos e xurídicos incorporados ao expediente, particularmente no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, e segundo se desprende da propia solicitude da dirección facultativa da obra (en diante, DF), no presente suposto atoparíamos ante un proxecto complementario, toda vez que o artigo 105, apartado 2 do TRLCSP define este como aquel que ten por finalidade *"engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non previstas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente"*.

O artigo 171.b) TRLCSP contemplaba que a tramitación do dito suposto se levase a cabo acudindo a un procedemento negociado sen publicidade celebrado co *"contratista da obra principal"*. Non obstante, a vixente LCSP non prevé esta posibilidade, regulando as circunstancias descritas no art. 171.1.b) do TRLCSP como un suposto de modificación do contrato (art. 205.2 da LCSP), o que na práctica implica que para estes supostos débese acudir a unha modificación contractual.

De todo o exposto resulta que, a xuízo deste órgano, debe aplicarse, dunha banda, a normativa procedemental propia da modificación de contratos prevista na nova LCSP, xa que nesta nova lei non existe o procedemento negociado sen publicidade *"celebrado co contratista principal para a realización de prestacións complementarias";* e doutra, a normativa substantiva prevista no artigo 171.b) do TRLCSP, en relación aos requisitos de fondo que determinan a procedencia da contratación de prestacións complementarias.

Tamén resulta defendible a posibilidade de considerar aplicable, como lexislación substantiva, a Directiva 2014/23/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, tendo en conta a demora na súa transposición por parte do Estado español, en tanto que dende a data límite para esta transposición -18.4.2016-, a interpretación do dereito nacional debería ser realizada de conformidade con ela.

A esta cuestión, pola súa innegable transcendencia, faise cumprida referencia máis adiante no ditame.

Sentado o anterior, o ditame solicitado a este órgano consultivo ten carácter preceptivo se se dan as circunstancias previstas no artigo 191.3.b) da LCSP que esixe o informe do Consejo de Estado ou consello consultivo equivalente nos casos de modificacións de contrato cando a contía destas, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo primitivo do contrato, e este sexa igual ou superior a 6.000.000 €.

E ámbalas circunstancias concorren cumulativamente no expediente analizado no que a modificación proposta acada unha contía de 10.649.995,73 €, equivalente ao 39,1 % do prezo de adxudicación do contrato.

Finalizando co procedemento, este Organismo lembra no seu ditame que unha vez aprobada a modificación do contrato, deberá darse cumprimento ás novas exixencias de publicidade previstas no artigo 207.3 da LCSP.

Unha vez analizado o aspecto formal, e entrando no fondo do asunto, este Consello Consultivo fai particular referencia a que é un principio básico dos contratos o de *ne varietur*, ou de invariabilidade do acordado, principio este que aparece recollido en distintos preceptos da lexislación de contratos das administracións públicas. Así, o artigo 22.2 do TRLCSP prevé que *"os entes, organismos e entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública"*.

Pero certo é tamén que os contratos administrativos, ao contar cun prazo medio de execución xeralmente longo, vense sometidos a numerosas vicisitudes de orde técnica e económica, ás veces imprevisibles, o que fai necesario en certos casos modular singularmente o principio de inmutabilidade referido.

Como xa se dixo, no suposto analizado atoparíamos ante un proxecto de obras complementarias, toda vez que o artigo 105, apartado 2, do TRLCSP define este como aquel que ten por finalidade *"engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non previstas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente"*.

Neste sentido, o artigo 171 do TRLCSP contempla para as prestacións complementarias unhas esixencias de carácter substantivo moi similares ás previstas no vixente art. 205.2 da LCSP para as modificacións non previstas nos PCAP.

Pois ben, do exame do expediente este Consello Consultivo conclúe que a presente modificación cumpre os requisitos substantivos previstos tanto para a realización das denominadas *"obras complementarias"* (art. 171.b) do TRLCSP) coma para as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares (art. 205.2 LCSP).

Así as cousas, e dada a natureza das obras que se pretenden levar a cabo, e segundo se desprende da propia solicitude da DF, así como do informe da Oficina de Supervisión

de Proxectos resulta que coa contratación destas prestacións complementarias –a través do procedemento modificado da nova LCSP– o que se pretende é dar unha nova solución ao sistema estrutural do complexo da Cidade da Xustiza de Vigo, executando unha nova cimentación e estrutura nos brazos das haches e adoptando una nova solución construtiva relativa á contención de terras na zona suroeste da parcela e construción de gardería.

Tanto a solicitude da DF coma o informe da Oficina de Supervisión, argumentan razóns de interese público que motivan que resulte indispensable acometer a nova solución ao sistema estrutural completo (cimentación e estrutura) da parte correspondente aos brazos das *"Hs"* e da zona suroeste da parcela.

O ditame reproduce as razóns do mesmo por consideralo esencial.

Ademais, o informe da Oficina de Supervisión conclúe con claridade e contundencia afirmando, en plena sintonía coa DF, que *"trátase de obras complementarias e imprescindibles, a realizar debido á constatación sobrevinda dunha serie de patoloxías imprevisibles de gran entidade na estrutura do edificio, non detectables con anterioridade aínda co máximo celo profesional"*. Este Consello Consultivo de Galicia, pola natureza das súas funcións e competencias, non está facultado para discutir tal afirmación.

Tamén resulta acreditado o cumprimento do requisito cuantitativo fixado polo art.171.b) do TRLCSP ("*o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato"*), en tanto que a realización das novas prestacións por parte do actual adxudicatario ascendería á cantidade de 10.649.995,73 €, o que supón un 39,1 % do importe de adxudicación da obra principal (27.232.899,02 €).

Finalmente, este Organismo sinala que se podería en hipótese defender que a lexislación substantiva aplicable é a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE de 26.2.2014, por razón combinada da demora na súa transposición normativa e o *"efecto directo"* das Directivas, sempre que se considerase que o suposto do que se trate ten unha regulación clara, precisa, e diferente na norma comunitaria.

Pero con esa tese, chegaríase á idéntica conclusión que á previamente exposta, pois o art. 72.1.b da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE regulaba un suposto idéntico ao previsto no art. 171.1.b) do TRLCSP, aínda que non coma un suposto lexitimador do procedemento negociado sen publicidade, senón coma unha modificación contractual.

Sendo así, toda a argumentación precedente pode darse por reproducida aquí e, en resumo, do expediente resulta que a modificación cumpre tanto os requisitos previstos no art. 171.1.b) do TRLCSP -normativa que entendemos aplicable ao fondo do asunto- coma do art. 72.1.b) da Directiva, que foi obxecto de transposición ao noso ordenamento polo artigo 205.2.a) da LCSP.

5.2.- Resolución de contrato por incumprimento do prazo por ser este esencial (CCG 39/2019)

Con ocasión da análise do expediente CCG 39/2019, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre a resolución dun contrato por incumprimento do prazo por considerar este esencial.

Así, a causa de resolución invocada na proposta de resolución é a demora no cumprimento do prazo de entrega por parte da contratista, prevista como causa xeral de resolución dos contratos administrativos no artigo 221.1, letra d), da LCSP. A esta causa de resolución tamén se refire o artigo 306 da lei, relativo ao contrato de subministración, cando remite ás causas xerais de resolución dos contratos administrativos previstas no artigo 211.1.

Pois ben, da documentación que figura no expediente despréndese como a Dirección Xeral de Administración Local concedeu no mes de maio de 2018 ao Concello unha subvención por importe de 169.600,73 €, debendo destinarse 142.780,00 € á adquisición dun camión guindastre con caixa e equipo para colectores, fixando ao tempo un prazo para a xustificación do gasto até o 15.11.2018.

Consta no expediente que o Concello licitou a "*subministración de camión ríxido, con grúa elevadora e equipo porta contenedores*" polo procedemento aberto ordinario. No Prego de cláusulas administrativas particulares establécese, no seu anexo I "*Cuadro de características del contrato*", un prazo de execución que remataba o día 31.10.2018.

Sobre esta base resulta suficientemente acreditada no expediente a demora na subministración por parte da contratista, xa que a adxudicataria non procedeu á entrega até o día 15.11.2018, decorrido, logo, o prazo máximo previsto no prego.

Neste punto cómpre recoñecer que, tal e como sinala o informe do Servizo de Contratación do 15.1.2019, naquela data do 15.11.2018 o Concello aínda mantiña a súa disposición de aceptar a subministración, malia ter expirado o prazo para a entrega. No entanto, tal intento de recepción viuse frustrado ao comprobar o Concello que o vehículo non contaba con todos os elementos descritos no Prego de cláusulas de prescricións técnicas.

En consideración ao que precede, debe darse por acreditada a demora na subministración, procedendo a determinar se tal demora é imputable á adxudicataria, para o cal é preciso examinar as distintas alegacións formuladas pola contratista no seu escrito do 28.12.2018.

Neste sentido, a contratista refire que "*ni en la memoria ni en los sucesivos pregos de cláusulas administrativas particulares se hace mención alguna a que el plazo de ejecución de tal contrato fuese esencial por estar vinculado a una subvención*", afirmación esta que este órgano consultivo non pode compartir de acordo co sinalado no punto número 1 da Memoria preparatoria contractual, que sinala que o Concello participou na Orde do 21.12.2017 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinada a entidades locais de Galicia, presentando un proxecto con "*destino a dar un mejor funcionamiento de los servicios municipales dedicados a la protección del medio ambiente y del espacio natural. En esta memoria justificativa se incluía la adquisición de camión de gama pesada en su versión rígida equipado con grúa elevadora y equipo porta contenedores para el apoyo en las tareas de control y emergencia ambiental".*

Este Consello Consultivo fai particular referencia a que tampouco pode obviarse que en todo contrato administrativo se atopa ínsito o interese público, de xeito tal que a entrega da subministración en prazo non pode cualificarse como irrelevante para aquel interese, e de feito o artigo 211.1 da LCSP non supedita a concorrencia de causa de resolución prevista na letra d) a que o prazo sexa, ou non, cualificado como esencial.

Tamén alega a contratista a existencia dunha contradición entre o Prego de cláusulas administrativas e o Prego de prescricións técnicas no que se refire ao prazo de entrega, así como o feito de que con data 16.11.2018 solicitou unha prórroga para a execución do contrato.

Polo que atinxe á contradición entre os pregos con respecto ao prazo de entrega, certamente o Prego de prescricións técnicas sinala que "*El contrato de suministro finalizará el 15.9.2018, fecha en la cual deberán ser puestos a disposición y operativo para este ayuntamiento todo el suministro*", namentres que o Prego de cláusulas administrativas particulares estableceu no seu anexo I o prazo do 31.10.2018, trasladándose esta contradición á formalización do contrato con ocasión da reprodución de ambos os dous pregos.

Con todo é preciso indicar que tal contradición debe salvarse en prol do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, que é o documento ao que corresponde determinar os dereitos e obrigas das partes, tal e como establece o artigo 122.2 da LCSP e tamén ten reiterado o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante, TACRC), entre outras, na súa Resolución 165/2016.

Polo tanto, no que atinxe ás previsións relativas ao réxime de dereitos e obrigas derivadas do contrato, debe prevalecer o disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares sobre o Prego de prescricións técnicas (neste sentido, a Resolución 23/2017, do TACRC ou a Resolución 77/2015 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid).

Por outra banda, tampouco pode eludirse o feito de que a cláusula sétima do documento de formalización do contrato estableceu un prazo de execución de até o 31.10.2018, sendo así que nestes termos é difícil que a devandita contradición inducise a error á adxudicataria, mais cando a data prevista no Prego de prescricións técnicas era mesmo anterior á data de adxudicación do contrato.

Noutra orde de cousas, polo que respecta á solicitude de prórroga formulada pola contratista con data 16.11.2018, é preciso sinalar que esta foi presentada unha vez expirado o prazo de execución, o que impedía a súa concesión de acordo co previsto no artigo 100.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Para dar cabo coa análise das alegacións da empresa contratista, esta refire tamén que a demora na subministración non lle resulta imputable, xa que o atraso foi debido a unha falta de stock do fabricante do equipamento, alegación que tamén debe ser rexeitada á vista do principio de risco e ventura consagrado tradicionalmente na lexislación de contratación administrativa e, na actualidade, no artigo 197 da LCSP. Verbo da vinculación do principio de risco e ventura coa configuración *prima facie* da obriga da contratista como unha obriga de resultado, pode citarse, entre outras, a Sentenza do Tribunal Supremo do 27.10.2009 ou o ditame do Consejo de Estado núm. 669/2014, do 10 de xullo.

Atendendo a todo o que vén de sinalarse este Organismo conclúe na concorrencia de causa de resolución contractual prevista no artigo 211.1, letra d), da LCSP.

Finalmente, no ditame de referencia, faise un pronunciamento verbo dos efectos da resolución contractual, propugnando a proposta de resolución do 26.3.2019 unha indemnización a cargo da adxudicataria por un importe de 142.780,00 €, cantidade

equivalente á contía da subvención concedida con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, debendo aboarse esta contía primeiramente mediante a incautación completa da garantía definitiva.

Ao respecto debe sinalarse que a incautación da garantía nos supostos de resolución contractual por causa imputable á contratista resulta do previsto no artigo 213.3 da LCSP.

Verbo desta incautación da garantía nos procedementos de resolución contractual, por causa imputable á contratista, tense pronunciado o Consejo de Estado no seu ditame 1116/2015, do 10.3.2016, considerando tamén aquel órgano consultivo que, cando non se acredite a cuantificación dos danos, abonda con aquela incautación para entender resarcida á Administración dos danos e perdas causados.

No suposto examinado, o Concello pretende cuantificar os danos e perdas causados no importe da subvención que non puido percibir por mor do incumprimento da adxudicataria. Porén, nesta cuantificación óbvianse dous elementos relevantes que obrigan á minoración daquela contía, cales son, dunha banda, o feito de que o Concello poida concorrer a outra convocatoria e obter unha nova subvención para o efecto; e, doutra, que a contratista foi a única empresa que concorreu á licitación, o que tería determinado a declaración do concurso como deserto no caso de ser excluída a súa proposta.

Ámbalas dúas circunstancias impiden asumir a cuantificación dos danos e perdas que propugna o Concello, porque para considerar a perda da subvención como un dano efectivo imputable ao contratista sería necesario acreditar que o Concello realizou a actividade subvencionada; é dicir, que adquiriu o vehículo obxecto desta, ou cando menos tiña opción reais de o poder adquirir, sen que no expediente remitido estean acreditadas estas circunstancias. Porén si poden considerarse acreditados outros danos, cando menos os derivados da necesidade de resolver o contrato e licitar outro novo, coa conseguinte demora da satisfacción do interese público perseguido por el, pero estes resultan imposibles de cuantificar cos datos que figuran no expediente; procedendo, xa que logo, a falta doutra avaliación daqueles danos, ao resarcimento da Administración co importe da garantía definitiva incautada, nos termos do precitado ditame do Consejo de Estado núm. 1116/2015, do 10.3.2016, antes reproducido.

Por todo o exposto, este Consello Consultivo conclúe que procede a resolución do contrato.

5.3.- Resolución de contrato por concurso (CCG 80/2019)

O expediente CCG 80/2019, partía da seguinte situación fáctica:

Con data 14.8.2006, a Xunta de Goberno Local do Concello aprobou o expediente de contratación do concurso para a xestión, mediante a concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas correspondentes, e o anteproxecto de explotación e das obras, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

O 21.5.2007 adxudicouse o lote 2 deste concurso a *P. Grupo de Empresas.*

Posteriormente, a solicitude da empresa, a Xunta de Goberno Local completou o acordo de adxudicación no sentido de precisar que, consonte coa súa oferta, a adxudicataria constituiría unha sociedade unipersoal, á que achegaría o capital comprometido, e coa que se outorgaría o contrato adxudicado, polo que se entendía que o acordo era extensivo a *C.*

Con data 10.10.2007 formalizouse o contrato administrativo.

Por auto de data 20.4.2017, o Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores a *C.* Por novo auto do 7.6.2017 acordouse a apertura da fase de liquidación do contrato.

Con data 20.6.2017 a administración concursal de *C.* en liquidación, dirixiu un escrito ao concello sinalando que a referida situación era causa de resolución do contrato, polo que solicitaba que se procedera á súa resolución administrativa e liquidación. Ao mesmo tempo, puña os aparcadoiros a disposición do concello, requiríndoo para que os recibise canto antes e, en todo caso, no prazo máximo dun mes.

A anterior solicitude foi denegada por acordo da Xunta de Goberno Local do 10.8.2017.

Fronte a esta resolución a administración concursal de *C.* interpuxo un recurso contencioso-administrativo, que foi tramitado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo como procedemento ordinario.

Paralelamente, no seo do procedemento concursal, o Concello de Vigo impugnou o inventario e a listaxe de acredores elaborados pola administradora concursal, instando a exclusión do inventario dos activos correspondentes á concesión administrativa; pretensión que foi desestimada polo Xulgado do Mercantil na sentenza do 14.11.2017, confirmada en apelación por outra da Audiencia Provincial da Coruña do 10.5.2018.

Por auto do 16.2.2018, o Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña, acordou o cesamento da actividade empresarial da mercantil concursada, e o peche das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular.

Na vista do aludido auto, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 1.3.2018, acordou requirir a *P.* para que no prazo dun mes a contar desde a recepción da resolución, continuase coa xestión da concesión, apercibíndoa de que en caso contrario, se procedería á resolución do contrato por incumprimento grave das súas obrigas esenciais, ou a declarar a caducidade da concesión, segundo procedese.

En data 16.3.2018, a administración concursal de *C.* comunicou ao concello que, en cumprimento do auto do 16.2.2018, procedería ao peche dos aparcadoiros o 31.3.2018.

Como consecuencia desta comunicación, en sesión extraordinaria e urxente do 21.3.2018, a Xunta de Goberno Local acordou requirir a *P.* para que, no prazo dos tres días seguintes á recepción da resolución, continuase coa xestión da concesión, apercibíndoa de que en caso contrario, se procedería a asumir temporalmente o servizo consonte co disposto no artigo 127.1.3ª do Regulamento de servizos das Corporacións locais, así como a incoar expediente para determinar a eventual procedencia de declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas obrigas esenciais, ou, no seu defecto, declarar a caducidade da concesión.

En acordo adoptado o 27.3.2018, a Xunta de Goberno Local resolveu:

> *"1°.- Declarar o incumprimento de P., SA, titular da concesión de servizo para a construción, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de maio de 2007, da súa abriga de explotación dos aparcadoiros (...).*
>
> *2°.- Asumir temporalmente a execución directa do servizo público de explotación dos aparcadoiros subterráneos de uso mixto situados nas rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, consonte ao disposto no artigo 127.1.3ª RSCL.*
>
> *[...]*
>
> *6°.- Incoar expediente para determinar se procede declarar a resolución do contrato por incumprimento grave do concesionario das súas abrigas esenciais, ou, no seu caso, declarar a caducidade da concesión.*
>
> *7°.- Dar traslado do presente acordo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa".*

Previo ao transcrito acordo, con data 23.3.2018, *P.,* presentara alegacións aos requirimentos municipais do 1.3.2018 e 21.3.2018, nos que en síntese sinalaba que a titular da concesión era *C.*, e non *P.,* así como que o contrato de concesión xa estaba resolto por ministerio da lei dende que, por auto do 7.6.2017, o Xulgado do Mercantil acordara a apertura da fase de liquidación do concurso de acredores da concesionaria, polo que non podía resolverse de novo, nin declararse a caducidade da concesión.

Con data 6.2.2019, recaeu a sentenza no procedemento ordinario número 328/2017 seguido a instancia de *C.* en liquidación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo.

A sentenza, que estima a demanda, declara contraria ao ordenamento xurídico e anula a resolución da Xunta de Goberno Local do 10.8.2017, e condena ao concello "*a que admita a trámite la solicitud de liquidación del contrato de concesión y continúe con su tramitación para finalmente resolver sobre su importe*".

Unha copia da referida resolución xudicial foi achegada a este procedemento de resolución contractual por *P.* o 14.2.2019.

O 21.2.2019 formulouse a proposta de resolución do contrato.

No caso analizado no ditame CCG 80/2019 suscítase unha cuestión, cal é a discutida existencia do vínculo contractual entre o Concello de Vigo e *P.*, cuxa necesaria resolución, precisamente favorable á tese do concello, constitúe un requisito de carácter previo a calquera ulterior análise en relación coa procedencia do exercicio da prerrogativa de resolución unilateral do contrato por parte da administración municipal.

Esta nuclear cuestión vén de ser resolta, en sentido precisamente desfavorable á tese municipal, pola Sentenza 36/2019, do 6.2.2019, recaída en autos do procedemento ordinario número 328/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo, que estimou a demanda interposta por *C.* en liquidación fronte ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10.8.2017, denegatorio da solicitude da administración concursal da demandante en relación coa declaración da resolución do contrato de concesión do servizo público e a súa liquidación.

A sentenza fai seus, e transcribe en parte, os razoamentos da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña do 10.5.2018, que confirmou a ditada polo Xulgado do Mercantil o 14.11.2017, que desestimara a pretensión do concello de que se excluísen do inventario da concursada *C.* os activos correspondentes a esta concesión administrativa.

Igualmente, aborda a cuestión dos efectos da declaración do concurso, logo da cita dos artigos 111.b) en relación co 167 e 112, apartados 1 e 2 do TRLCAP.

A proposta de resolución á que a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade, se ben deixa constancia da súa emanación, lonxe de abordar a cuestión relativa aos efectos que esta sentenza proxecta sobre o expediente aquí analizado, limítase a sinalar (antecedente trixésimo oitavo):

> *"Esta sentenza aínda non é firme e a Asesoría Xurídica municipal manifesta a súa intención de recorrela. En consecuencia, non afecta ós fundamentos xurídicos recollidos no presente informe".*

Non cabe compartir este aserto.

Como razoa a STS do 31.12.1991 (fundamento xurídico 6º):

> "*... no siempre puede resolver la Administración por vía de autotutela y sin acudir a los Tribunales los conflictos que le afecten, si es que expresamente no se le ha concedido esa facultad por el ordenamiento jurídico para el caso de que se trate, y mucho menos sin cumplir los requisitos que se exijan al respecto, y más cuando el ejercicio de aquélla pueda resultar dudoso para las cuestiones que surjan de la relación contractual de que la Administración forme parte*".

Ou, como temos sinalado no noso ditame CCG 28/2004:

> *"... se a dobre autotutela que protexe a Administración a posiciona vantaxosamente á hora de decidir sobre moi variadas vicisitudes do contrato (...), tales prerrogativas fundaméntanse na potenciación da protección eficaz do interese público subxacente ó contrato administrativo, pero este criterio de eficacia non pode operar á marxe do principio de legalidade, de sorte que as consecuencias deste priman sobre as esixencias daquel. Por iso, aínda que a eficacia da Administración é un ben constitucionalmente protexido polo artigo 103.1, tal principio é de rango inferior ó da tutela xudicial efectiva (artigo 24 CE), principio ó que está sometido o lexislador, de forma que non podería buscarse a eficacia da Administración con medidas que atenten contra aquela tutela, nin o dito principio pode servir de xustificación para limita-la efectividade das garantías xudiciais".*

Pois ben, aínda para o suposto examinado -non expresamente acreditado no expediente- de que o Concello teña recorrido a sentenza, non pode obviarse que a resolución do contrato xa se produciu *ope legis* coa empresa titular da concesión, *C.*; sendo esta unha cuestión resolta con carácter firme pola sentenza do Xulgado do Mercantil do 14.11.2017, confirmada en apelación pola sentenza da Audiencia

Provincial da Coruña do 10.5.2018, que tamén rexeita a tese municipal segundo a que esta era unha simple entidade instrumental de *P.*.

En definitiva, e como resulta dos pronunciamentos xurisdicionais que se citan expresamente no ditame CCG 80/2019, unha vez que se acordou a apertura da fase de liquidación da concesionaria *C., a* partir daquel momento quedou resolto o contrato, carecendo o Concello de capacidade para impor a continuidade da concesión á mercantil que no seu día compareceu á licitación coa obriga de constituír unha sociedade que sería a titular da concesión, segundo o autorizado polo artigo 232.3 do TRLCAP, sen prexuízo das responsabilidades que lle puidesen resultar polo incumprimento daquelas outras obrigas que como cedente se derivasen do prego de cláusulas administrativas particulares.

En consecuencia, non procede acordar novamente, con base nun presunto incumprimento das obrigas esenciais de *P.*, a resolución do referido contrato.

Polo anterior, este Consello Consultivo informa desfavorablemente a proposta de resolución do Concello.

5.4.- Interpretación de contrato (CCG 9/2019)

Con ocasión da análise do expediente CCG 9/2019, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre a interpretación do contrato respecto á posibilidade de aprobar o plan anual de limpeza viaria e o plan anual de recollida de residuos do contrato do servizo público de limpeza urbana e de recollida e transporte de residuos sólidos do Concello.

Con data 30.12.2009 foi adxudicado definitivamente o contrato do servizo público de limpeza urbana e de recollida e transporte de residuos sólidos á UTE F., asinándose o contrato o 29.1.2010.

Tal e como se fai particular cita no ditame CCG 9/2019 a prerrogativa de interpretación unilateral do contrato de que dispón a Administración, se ben persigue o interese xeral, non permite a mingua das lexítimas expectativas do contratista nin ignorar a posición xurídica deste.

A cuestión que suscita o expediente de referencia é a relativa a aprobación do plan de traballo do servizo de limpeza urbana e recollida de residuos.

O artigo 54 do Prego de Prescricións Técnicas (en diante, PPT) establece:

> *"Los licitadores, en sus ofertas, deberán elaborar un Plan anual de limpieza urbana, definiendo en cada uno de los trabajos señalados con anterioridad los servicios más eficaces de acuerdo con las directrices de este pliego de condiciones.*
>
> *El Plan anual de limpieza urbana estará compuesto por el Plan anual de limpieza viaria, que incluirá tanto los servicios permanentes, incluyendo la limpieza de los viales de los parques, jardines y zonas verdes, así como los servicios periódicos y excepcionales, y los planes específicos para barrios y zonas periféricas".*

O artigo 85 do mesmo PPT dispón:

> *"Anualmente la empresa adjudicataria procederá a analizar las posibles variaciones que sean convenientes realizar, presentando al Ayuntamiento el nuevo Plan Anual, que recoja estas variaciones, para su aprobación. Así, el adjudicatario mediante la presentación cada año de su Plan Anual de Organización de los servicios (referido a un año natural) expondrá sus previsiones relativas a la organización y funcionamiento de los trabajos y a la distribución de los recursos humanos para llevarlos a cabo, así como cualquier otra información que considere relevante. Estos Planes anuales deberán ser presentados ante el Servicio de Medio Ambiente con una antelación mínima de un mes".*

As posturas das partes en relación con esta cuestión veñen resumidas no informe do asesor xurídico do concello do seguinte xeito: O concello, asumindo o reparo da Intervención do 2.2.2018 e informes complementarios nos que ratifica o seu parecer, pronunciase no sentido de interpretar na súa literalidade o artigo 85 do PPT, é dicir, o Plan anual está *"referido a un año natural",* polo que *"a Intervención municipal remítese á dicción literal deste, así como aos artigos 3 e 1281 do Código Civil, segundo os cales, cando os termos dun contrato sexan claros deberá estarse ao sentido literal das súas cláusulas".*

Así mesmo, considera que o plan que se pretende aprobar excede do establecido no artigo 85 do PPT, xa que se trata dun *"plan xenérico que non esta contemplado nin regulado no contrato asinado".*

Pola súa banda, a adxudicataria, nos sucesivos escritos de alegacións, pronúnciase no sentido de que o feito de que transcorrese a anualidade non impide a aprobación do Plan, que se trata dun feito alleo á empresa e responsabilidade do concello, en tanto que a UTE presentou varios plans anuais e solicitou a súa aprobación sen que o concello respondese, e polo tanto a UTE cumpriu coas a súas obrigas. Finalmente, insiste en que non se trata dunha modificación contractual, senón dunha mera adaptación dos servizos prestados pola empresa ás necesidades da cidade, simples reaxustes ordinarios e habituais nesta modalidade contractual.

Expostas así as posturas, e á vista do expediente, son varias as consideracións que este Organismo ten en conta para emitir o seu ditame.

En primeiro lugar, resulta indiscutido que a UTE presentou varios plans anuais de traballo solicitando a súa aprobación, e que o concello non deu a debida resposta.

Esta situación é especialmente inexplicable no caso do último plan de traballo presentado, por canto que foi elaborado por unha consultora externa elixida e contratada polo concello, contratación cuxo gasto foi repercutido á UTE. En resumo, a UTE abonou un plan de traballo contratado polo concello, realizado baixo as súas directrices, e que o propio concello rexeita aprobar.

Doutra banda, a interpretación postulada polo Concello, asume os informes da Intervención no sentido de considerar que o último plan presentado pola UTE – elaborado por unha consultora independente a instancias do concello – constitúe unha modificación do contrato legalmente improcedente, xa que non se dan os requisitos previstos na normativa de contratación pública para unha modificación contractual, choca frontalmente coa postura mantida desde o servizo municipal responsable do contrato.

Así, o técnico responsable da contrata informou con data 12.5.2017 que comparte a valoración económica realizada pola empresa consultora, no sentido de considerar que o plan non altera o equilibrio económico das prestacións resulta esencial, considera que coas propostas realizadas queda ben cuberto o servizo, que o obxecto do contrato segue cumpríndose de maneira óptima cos cambios pactados, e considera beneficioso para o concello o novo plan. En resumo, conclúe que a súa implantación é beneficiosa para o servizo, e comparte a valoración económica e a metodoloxía empregada.

Velaí onde nos atopamos coa circunstancia singular de que, namentres o Servizo municipal responsable do contrato informa que o último plan proposto pola UTE e elaborado por unha consultora en activa colaboración co concello non altera o equilibrio económico financeiro do contrato, cubre o servizo obxecto do mesmo de maneira óptima e resulta beneficioso para o desenvolvemento do contrato, a intervención municipal considere que é *"un Plan xenérico que non só non está contemplado nin regulado no contrato asinado, senón tamén sobre que existen serias dúbidas no que atinxe aos efectos e esixibilidade"* (sic).

Neste estado das cousas, non pode ser obxecto dunha valoración positiva a actuación do concello xa que, primeiro por indeterminación, e despois por contradición, está a incumprir o art. 85 do PPT, e mesmo sitúa á UTE en situación de indefensión.

Este Consello Consultivo de Galicia, pola súa composición e funcións netamente xurídicas, carece de competencias para opinar sobre a corrección dun plan de traballo dun contrato de limpeza e xestión de residuos, pero si considera no seu ditame CCG 9/2019 que a devandita competencia corresponde aos técnicos municipais adscritos ao servizo responsable do contrato, ben sexa pola lóxica que debe presidir a contratación publica (artigos 281 e ss LCSP), ben sexa porque así o prevé o artigo 85 do PPT. Así as cousas, a crítica realizada pola Intervención municipal non vén fundamentada en argumentos técnicos ou doutra índole, máis aló do feito indiscutido de que o plan presentado abrangue máis dun ano natural.

E neste punto é onde se produce a discrepancia fundamental, relativa á posibilidade de recoller no plan que se aprobe "*las posibles variaciones que sean convenientes realizar"* que se viñeran realizando dende que comezou o servizo, tendo en conta que o concello non aprobou os sucesivos plans de traballo presentados pola empresa, ou ben, e de acordo coa literalidade do artigo 85 do PPT, o plan que se aprobe debe ir *"referido a un año natural"*.

Así as cousas, é opinión deste Consello Consultivo de Galicia que un contrato coma o do caso analizado, cun obxecto diverso e complexo, dinámico por canto está vinculado á evolución dunha cidade, cunha duración prolongada e que debe contemplar múltiples continxencias (festividades, migración da poboación, cambios climáticos e estacionais, eventos celebrados en espazos públicos) é absolutamente imposible de executarse a satisfacción da Administración, e en última instancia, dos cidadáns, como unha foto fixa nun prego ao principio da contrata, e manterse así durante todo o período da prestación do servizo.

Sentado o anterior, a aprobación dun plan de traballo anual polo concello que recolla as adaptacións que a propia natureza deste tipo de servizos esixe, respectando os límites fixados para as modificacións contractuais na normativa da contratación pública aplicable a este contrato (art. 202 e ss; art. 282 LCSP), é un instrumento idóneo para evitar o efecto nocivo da petrificación do contrato.

Do mesmo xeito, cando por circunstancias alleas á UTE o plan anual non fose aprobado polo concello tal e como establece o art. 85 do PPT, este Consello Consultivo de Galicia entende que é perfectamente posible emendar esta irregularidade e proceder a aprobación dun plan de traballo que recolla todas as adaptacións do servizo requiridas polo propio concello, previo informe favorable do servizo responsable do contrato, e respectando os límites establecidos para non producir unha modificación contractual.

Ao proceder deste xeito, quedarían validadas as irregularidades consistentes na falta de aprobación dos plans anuais anteriores. Non obstante, non pode abusarse deste proceder xa que o PPT esixe claramente que o plan sexa anual.

Certamente, a interpretación literal (arts. 3 e 1281 do Código Civil) é un mecanismo de interpretación das leis e contratos. Pero tamén existen outros, coma a interpretación teleolóxica, considerada *"fundamental"* polo devandito art. 3 do Código Civil, a sistemática, ou a auténtica, así coma os principios de boa fe e confianza lexítima que deben presidir toda actuación das administracións públicas.

En conclusión, é opinión deste Consello que o Concello pode –e mesmo debe– emendar a situación de legalidade na que se atopan as adaptacións realizadas no servizo desde o seu inicio, aprobando un plan de traballo que recolla todas as modificacións operadas no mesmo, previo informe favorable do servizo responsable do contrato que, ao marxe do contido técnico do mesmo –idoneidade das adaptacións para a mellor e máis eficiente prestación do obxecto contractual–, manifeste que as devanditas modificacións non constitúen unha modificación contractual *"de facto"* nin alteren o equilibro económico da contrata. En diante deberá procederse conforme ao teor literal do PPT, e aprobarse un plan de traballo anual.

Atendendo a todo, o criterio deste Consello Consultivo é desfavorable á interpretación contractual proposta.

5.5.- Interpretación do contrato de limpeza de centros educativos municipais e exame do termo período non lectivo (CCG 33/2019)

No expediente CCG 33/2019, este Consello Consultivo interpreta o contrato de limpeza de centros educativos municipais do Concello para comprobar se efectivamente existe un prexuízo económico real para a empresa, que é alegada por ela na súa reclamación.

Dicir con carácter previo ao exame do fondo do asunto que por acordo da Xunta de Goberno Local do día 29.7.2017 adxudicouse o contrato de limpeza de centros educativos á empresa O., tendo unha duración de dous anos, contados dende a firma da acta de iniciación do servizo.

Dado que o contrato adxudicouse o día 29.12.2017, a normativa aplicable vén constituída polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro (en diante, TRLCSP).

A cuestión que se suscita no presente expediente vén dado pola queixa da empresa contratista de que o contrato estase a desenvolver cun grave desequilibrio ao non axustarse ás bases económicas previstas no inicio da licitación.

No caso examinado, a Xunta de Goberno Local, propón rexeitar a solicitude realizada por O.

A cuestión que formula a empresa contratista refírese a unha baixada na facturación mensual que lle produce un grave desequilibrio económico e insta a que se adopten as medidas oportunas para restablecer o equilibrio económico do contrato.

Pola súa banda o informe xurídico do Concello de data 10.10.2018, sinala:

> *"Como o propio anexo establece, as horas semanais son unha mera previsión, sen que exista compromiso polo concello de chegar a ese número de horas".*

Pois ben os informes emitidos polo concello na instrución do procedemento, xustifican que a baixada na facturación resulta de non traballar nos períodos de vacacións escolares, ou sexa períodos non lectivos, porque os colexios permanecen pechados.

Neste contexto, este Organismo lembra no seu ditame que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en diante, PCAP) (folio 981) sinala no artigo 25 as obrigas do contratista durante a execución do contrato e sinala no apartado b)*:*

> *"Prestar el servicio de limpieza durante el calendario fijado en los Pliegos. El servicio se prestará sin interrupciones, salvo las debidas a causas de fuerza mayor".*

Pola súa parte, o Prego de Prescricións Técnicas (en diante, PPT) establece que a empresa contratista realice as labores de limpeza dos centros educativos nos períodos de vacacións escolares –ou sexa, en período non lectivo–, sempre que non causen interferencias coas outras actividades dos centros e previa comunicación e autorización da Concellería de Educación.

Neste punto este Consello Consultivo fai as seguintes reflexións, o inicio do expediente de interpretación do contrato de limpeza de centros educativos municipais articulouse sobre a pretensión da empresa contratista de restablecer o equilibrio contractual que manifestou en escritos presentados ao Concello nos que sinalaba unha baixada de facturación nas horas traballadas.

O Tribunal Supremo, Sala de lo Contencioso-Administrativo, en sentenza do 10.2.1999, sostén que *"la facultad interpretativa de la Administración no tiene otro alcance que el encontrar el verdadero sentido y contenido a las cláusulas a que se someten las partes..."*, sen que poida ser entendida dun modo absoluto, que xustifique un proceder non adecuado a unha relación concertada (STS 20.4.1999).

Así, a prerrogativa interpretativa da Administración non é unha vía para a reformulación do contrato, nin pode encubrir modificacións, só permitidas nos supostos legalmente previstos e para as que se ten establecido unha tramitación específica.

No caso examinado, logo de iniciado o procedemento de interpretación contractual, os informes dos servizos municipais emitidos na instrución xustifican que a baixada de facturación nas horas de traballo se corresponde aos meses con períodos non lectivos. Así o informe xurídico refire:

> *"(...) o que esta a suceder non pode interpretarse mais que como unha falta de previsión por parte da adxudicataria, ou ben de descoñecemento do funcionamento do contrato, que non se presta en períodos non lectivos toda vez que os colexios están pechados.*
>
> *Polo tanto, o descenso da facturación so se produce nos meses en que hai períodos non lectivos, e iso debeu ser tido en conta pola empresa no momento de formular a súa oferta".*

A proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local adoptada en sesión ordinaria do 9.5.2019, rexeita a solicitude realizada pola entidade mercantil de adopción de medidas que restablezan o equilibrio económico, sen que conste un pronunciamento sobre o alcance ou interpretación dalgún artigo ou apartado concreto dos pregos que serviron de base á licitación do contrato.

No caso analizado advírtese que a execución do contrato non foi acorde ás previsións fixadas no PPT en canto ao horario e organización do traballo o que motivou unha baixada na facturación das horas traballadas cos conseguintes efectos económicos.

En efecto, por un lado está recollido expresamente no PPT que a empresa contratista realice labores de limpeza nos períodos de vacacións escolares –ou sexa, en período non lectivo– sempre que non causen interferencias coas outras actividades dos centros, ao tempo que o prego establece expresamente como prestación a cargo do adxudicatario que certas actividades de limpeza tales como desinfección, desinsectación e desratización se teñen que desenvolver precisamente ao comezo do curso e no mes de decembro ***sempre en período non lectivo.***

Debese salientar que no expediente non consta documentalmente que a situación sobre a execución de limpeza durante os períodos non lectivos fose advertida por parte da empresa contratista ao Concello durante o desenvolvemento do mesmo.

Deste xeito e por todo o exposto, non se aprecia neste caso unha discrepancia entre as partes no que se refire ao senso e alcance das cláusulas contractuais.

A situación fáctica plasmada no expediente afecta a aspectos propios da realización e execución das prestacións contractuais cun desaxuste en certas obrigas fixadas nos pregos, que non foron debidamente ponderadas polas partes polo que se considera que non procede a súa valoración nun procedemento de interpretación contractual.

Por todo o exposto, este Consello Consultivo informa desfavorablemente a proposta de resolución.

5.6.- Resolución do contrato de servizos de atención e control do público en *VigoZoo* por incumprimento culpable do contratista (CCG 265/2019)

Con ocasión do expediente CCG 265/2019, este Consello Consultivo se pronuncia sobre a resolución do contrato de servizos de atención e control do público en *VigoZoo* por incumprimento culpable do contratista.

Logo de tramitarse o expediente para a contratación, polo procedemento aberto, a Xunta de Goberno Local acordou a súa adxudicación a C. por un prazo de dous anos, formalizándose o contrato con data 28.9.2016, e comezar a súa execución o día 1.10.2016.

Con data 20.9.2018, a XGL aprobou a primeira prórroga do contrato, dun ano de duración, dende o 1 de outubro dese ano até o día 30.9.2019.

Con data 28.2.2019, a mercantil comunicou ao Concello a súa intención de non prorrogar o contrato e solicitou a súa resolución por mutuo acordo, e manifesta a súa intención de non continuar a prestación do servizo dende o día 1 de marzo.

Con data 4.3.2019, o director de réxime interior de *VigoZoo* informa de que "*a empresa C. o pasado día 1/03/2019 e ata o día de hoxe non presentou ningún persoal ao servizo de taquilla en VigoZoo, polo que tivo que ser atendido o control de acceso do público por persoal propio*" (sic).

No caso obxecto do ditame, o Concello de Vigo pretende a resolución do contrato por incumprimento do contratista en relación á demora no cumprimento dos prazos de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Logo dun estudo da documentación remitida, o plano das realidades que afectan ao cumprimento do contrato, pódese dicir que á vista dos informes dos responsables do contrato que obran no expediente, non semella ofrecer ningunha dúbida que a dita causa resolutoria se evidencia no presente caso dunha forma clara e terminante e que ademais se atopa nunha circunstancia allea completamente ao círculo de actuación da Administración e polo tanto imputable exclusivamente á contratista.

En efecto, as referencias que constan no expediente en torno a que a empresa contratista abandonou o servizo de control de acceso e atención ao público son concluíntes, de modo que non ofrecen nin a máis mínima marxe de reserva acerca da veracidade deste

extremo. Así se desprende do informe do director de réxime interno de *VigoZoo* cuxas afirmacións constan na documentación do expediente.

Tendo en conta que o obxecto do contrato conforme cos documentos que rexeron a contratación era o da "*prestación do servizo de atención e control do público para as instalacións de VigoZoo"* pódese comprender facilmente como o feito motivador da resolución que se pretende é de tal maneira esencial que afecta ao cumprimento mesmo da obriga que constitúe o obxecto ou prestación contida no contrato, ata o punto de que o fai inviable en si mesmo. Deste xeito desde este órgano consultivo considérase que queda cuberta formalmente a causa lexitimadora do acordo de resolución que se propón.

Polo exposto, este Consello Consultivo de Galicia, informa favorablemente a resolución do contrato.

5.7.- Resolución de dous contratos de execución de obras de reparación de rúas e anexos por incumprimento culpable do contratista (CCG 165/2019 e CCG 166/2019)

Con ocasión da análise de dous expedientes de execución de obras de reparación de rúas e anexos, este Organismo tivo ocasión de examinar a contradición entre as alegacións do contratista e as ordes do director de obra, concluíndo que existe un incumprimento culpable do contratista (CCG 165/2019 e CCG 166/2019).

Nos dous ditames CCG 165/2019 e CCG 166/2019 faise unha precisión importante con carácter previo, sinalando que a Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición transitoria primeira, número segundo, da LCSP no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á súa entrada en vigor, liña tamén marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid.

Nos dous casos, o Concello insta o procedemento de resolución dos contratos de obra polo incumprimento *"da obriga esencial consistente na execución defectuosa das obras por culpa imputable exclusivamente á empresa contratista"* (sic).

O Concello considera que os incumprimentos son notorios e evidentes á vista do estado final das obras. Así mesmo, vén documentado nun extenso informe da DF, elaborado especificamente para dar cobertura á resolución contractual.

As propostas de resolución sometidas a ditame conclúen que:

> *"Así que si a obra está mal executada e non hai defectos no proxecto de execución e a dirección facultativa actuou correctamente, e todas estas circunstancias son admitidas de facto pola empresa contratista, só queda atribuírlle a ela a responsabilidade".*

Pero este Consello Consultivo manifesta expresamente nos dous ditames que non pode estar de acordo coas afirmacións que, dun xeito apodíctico, realiza a proposta de resolución. As circunstancias que poden determinar o deficiente estado da vía unha vez executada a obra poden ser diversas, e polo tanto poden ter o seu orixe en causas diferentes dunha neglixente execución imputable á contratista. E doutra banda, o Concello non pode resolver un contrato polo deficiente estado da obra executada, sen ter claro que esa deficiencia é exclusivamente imputable ao contratista.

Así, e de acordo co TRLCSP, a resolución do contrato non é a única opción posible de que dispón a Administración para reaccionar fronte a eses supostos de inobservancia do contratista dos seus compromisos pactados, dado que aquela conta con outro mecanismo alternativo ao seu alcance como é a imposición de penalidades, sen dar por concluída a relación contractual, e forzar ao contratista ao estrito cumprimento das súas obrigacións (artigo 212). Por tanto, e cando concorra unha causa legal de resolución atribuíble ao contratista, a extinción da relación contractual convértese nunha posibilidade que a Administración promotora do contrato pode exercitar discrecionalmente, xunto á outra solución posible como é a de esixir ao contratista a rigorosa observancia das obrigacións incumpridas con imposición de penalidades.

Neste contexto e atopándonos ante unha facultade discrecional, a xurisprudencia delimitou os presupostos para a viabilidade da opción resolutoria, e proclama para estes efectos que se require a concorrencia de dous requisitos. Un de carácter obxectivo e que alude á entidade do incumprimento contractual, e outro subxectivo referente á culpa do contratista.

En canto ao primeiro dos requisitos citados, non bastaba calquera incumprimento do contratista para xustificar a resolución, senón soamente aqueles que afectasen ás obrigacións principais do contrato e que orixinasen unha grave perturbación do seu obxecto.

En canto ao segundo –a culpa no comportamento do contratista– podemos observar que a doutrina xurisprudencial foi evolucionando. E así, nun principio (STS do 27.9.1985, entre outras), para a resolución do contrato por causa imputable ao contratista

seguíanse os mesmos principios reguladores da culpa contractual no ámbito civil (artigo 1124 do Código Civil), de maneira que a facultade de resolución contractual facíase depender sen máis do feito obxectivo do incumprimento do contratista. Con todo, esa liña xurisprudencial creba a partir da STS do 14.6.2002, na que se afirma que a circunstancia obxectiva do mero incumprimento como razón xustificativa para a resolución do contrato é unha afirmación que non pode compartirse sen matices. Engadindo que o réxime contractual das relacións xurídico-privadas non é trasladable ao ámbito da contratación administrativa en coherencia coas esixencias do interese público que presiden esta institución. Isto tradúcese en que a imputabilidade do contratista no incumprimento detectado é fundamental para poder extinguir o vínculo contractual.

En definitiva, e ao contrario do que manifesta a proposta da resolución, son esenciais, as condicións que concorreron no desenvolvemento do contrato a fin de valorar se houbo neglixencia do contratista, de acordo coa natureza das obrigacións e as circunstancias concretas de tempo e lugar (SSTS do 21.12.2007 e 9.4.2008).

Sentado o anterior, a continuación este Organismo procede a analizar se os incumprimentos invocados polo Concello (que nos dous expedientes son iguais) constitúen un incumprimento de obrigas esenciais previstas como tales no prego ou no contrato.

Sinálase nos ditames que debe estarse en todo caso ao da obriga principal do contrato, aínda que non exista unha expresa mención como tal nos pregos, para evitar que o criterio formal apuntale situacións contrarias ao interese público (*vide* ditame CCG 250/2018) e ese criterio está recollido na actual LCSP, que no seu artigo 211 recolle como causa de resolución dos contratos o incumprimento da obriga principal, e por outra parte, o das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas foran cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento descritivo.

Así as cousas, non ofrece dúbidas o feito de que os incumprimentos analizados afectan a unha obriga esencial do contrato, ou mais en concreto, ao obxecto do contrato definido no apartado I.1.1) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Por máis que dos informes que figuran no expediente resulte que o viario respectivo en cada caso está aberto á circulación, tanto se tomamos como certas as explicacións do concello –obra neglixentemente executada, sendo preciso a súa nova e completa execución– coma as da contratista –proxecto técnico que incumpre a normativa– o

certo é que non se está a cumprir o obxecto do contrato, ou, dito doutro xeito, hai un incumprimento dun elemento esencial do contrato.

E concorrendo un incumprimento do obxecto, este habilita a resolución do contrato pretendida pola Administración, sendo así que esta xustifica adecuadamente a conformidade ao interese público da referida rescisión contractual.

De seguido este Consello Consultivo analiza se, tal e como esixe reiterada doutrina deste órgano consultivo, o incumprimento contractual, e en definitiva, as deficiencias na execución da obra, son exclusivamente imputables á adxudicataria da contrata.

Neste sentido, no trámite de audiencia, cada mercantil achega un informe pericial asinado por un enxeñeiro de camiños, e elaborado *ad hoc* para analizar as causas dos defectos na execución da obra. En resumo, as contratistas argumentan que existen vicios ou defectos nos proxectos, e que as contratas axustáronse "*100% al proyecto*", e que *"si el material elegido por el proyectista no es el más adecuado para dichos viales es una cuestión ajena por completo a mi representada y que el Ayuntamiento deberá tramitar con quien corresponda, pero en ningún caso podrá imputar a la contratista cuando lo que se ha colocado es el material indicado en el proyecto y por la dirección de obra"* (sic).

Pola súa banda, as conclusións das DF son radicalmente contrarias ás sinaladas nos devanditos informes, manifestando, en esencia, que as contratas non se axustaron totalmente aos proxectos, que as reparacións realizadas non alcanzan unhas condicións que permitan a recepción das obras, que o problema é maior que unha mera deficiencia na superficie das pistas, que existen razóns fundadas para crer que nas obras existen vicios ocultos e que en todo caso os contratistas excederon do prazo contractualmente previsto.

Pois ben, expostas como preceden as posturas da Administración e das contratistas, este órgano consultivo pretendeu recadar a opinión dos responsables dos contratos designados para tal efecto pola Administración (art. 52 TRLCSP).

Este informe afirma con rotundidade, e en relación coa execución da obra, que:

> *"el contratista no ha sabido cumplir las prescripciones técnicas del proyecto constructivo, ni de las instrucciones dictadas por la dirección facultativa (...)".*

Así as cousas, tendo en conta que estamos perante unha discusión de índole técnica e certamente complexa, sobre a que este Consello, pola súa composición e natureza de órgano de asesoramento xurídico, carece dos necesarios coñecementos, valóranse

as probas outorgándolle preponderancia, pola súa exhaustividade e fundamentación, aos informes da DF, por outro lado referendada polos responsables municipais dos contratos.

Así as cousas, e concorrendo un grave incumprimento dos obxectos dos contratos acreditados nos informes das DF e dos responsables dos contratos, resultan procedentes e xustificadas as resolucións contractuais pretendidas.

6.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL SANITARIA

O número de ditames sobre reclamacións de responsabilidade patrimonial, aínda que foi diminuíndo nos últimos anos, segue sendo o máis numeroso cuantitativamente (368 ditames).

O seu peso, no conxunto da actividade do Consello Consultivo de Galicia, é do 72,02 % de todos os ditames emitidos.

Tendo en conta o seu peso específico, a materia de responsabilidade, en concreto a sanitaria, foi obxecto dunha especial atención por parte do Consello Consultivo de Galicia no ano 2019.

6.1.- A responsabilidade patrimonial sanitaria e o exame do burofax como medio de interrupción da prescrición. Solidariedade propia e impropia (CCG 187/2019 e CCG 342/2019)

A) CCG 187/2019

Con ocasión da análise dun expediente de responsabilidade patrimonial sanitaria, este Organismo tivo ocasión de pronunciarse sobre a responsabilidade patrimonial da Administración e o efecto de interrupción ou non da reclamación por medio dun burofax á aseguradora do Sergas (CCG 187/2019).

O expediente parte dunha reclamación de responsabilidade patrimonial sanitaria polo falecemento do cónxuxe e pai da parte reclamante.

A proposta de resolución, desestimatoria da reclamación, basease na extemporaneidade da reclamación formulada, por terse efectuado unha vez transcorrido o período de vixencia da póliza de seguro de responsabilidade civil e patrimonial subscrita por SegurCaixa, S.A. e a Xunta de Galicia a través da Consellería de Facenda, consignándose a tal efecto que:

> *"... tal como manifiesta el reclamante, en el caso de asegurador y asegurado estamos ante un supuesto de solidaridad propia, incluso si el asegurado es la Administración, por lo que la reclamación dirigida contra la aseguradora de una Administración, por los daños derivados de la responsabilidad patrimonial, interrumpiría el plazo de prescripción para reclamar contra la administración.*
>
> *Sin embargo, en este caso sucede que la fecha de vencimiento de la póliza suscrita entre la Administración y Segurcaixa Adeslas s.a. es el 30/6/2018, tal como consta en la portada de la misma, y el burofax fue remitido en fecha 31/07/18, es decir más allá del período de vigencia de la misma, por lo que esta comunicación, dada la inexistencia de vínculo entre la aseguradora y la Administración, carecería de efecto interruptivo del plazo de prescripción"* (sic).

A conclusión á que chega a instrutora non é aceptada, polos seguinte motivos:

a) Tal e como consta no expediente administrativo, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia subscribiu con SegurCaixa Adeslas, S.A. de seguros xerais e reaseguros, unha póliza de responsabilidade civil e patrimonial cuxa finalidade é a de amparar, segundo a súa cláusula 3ª "*as reclamacións que se formulen ao asegurador, por primeira vez tanto durante o período de vixencia do seguro, por errores, omisións ou actos neglixentes ocorridos tanto durante dito período de vixencia como con anterioridade á entrada en vigor do presente contrato con independencia da data da ocorrencia"* No parágrafo 2º da aludida cláusula establécese que "*Se outorga un prazo de 12 meses posteriores á cancelación da póliza para trasladar ao asegurador as reclamacións recibidas polo tomador do seguro en vixencia do contrato*".

b) O período de vixencia da póliza de seguro abarca dende o día 1.7.2017 ata o día 30.6.2018.

c) Producido o falecemento o día 21.7.2017, é evidente que o feito causante da reclamación patrimonial tivo lugar durante o período de vixencia da póliza de contrato de seguro, e os seus efectos esténdense máis alá da data de finalización do contrato por aplicación das propias estipulacións consignadas na póliza.

A reclamación por responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde derivada do falecemento de I., ocorrido o día 21.7.2017, efectuouse o día 10.12.2018, transcorrido o prazo máximo dun ano establecido no artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). O representante da parte reclamante, saíndo ao paso da posible prescrición da acción de reclamación patrimonial, advirte no seu escrito de reclamación que "*La presente reclamación se interpone dentro del plazo legalmente establecido;*

a fecha de hoy no ha transcurrido el plazo de prescripción de un año exigido por ley, toda vez que en fecha 31.07.2018 se remitió burofax a la compañía aseguradora del Sergas, cuya copia se adjunta". O representante da parte reclamante, no seu escrito de alegacións do día 22.4.2019, reitera que *"La interrupción de la prescripción se realizó en fecha 31/07/2018 por medio de burofax con acuse de recibo y certificación de contenido a SegurCaixa Adeslas, S.A.,(...)"*.

No suposto analizado é fundamental partir do escrito remitido pola representación da parte reclamante en data 31.7.2018 a SegurCaixa Adeslas, S.A., compañía aseguradora do Servizo Galego de Saúde no período comprendido entre o 30.6.2017 e o 31.7.2018.

Sobre a posibilidade da interrupción da prescrición en supostos de reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración, a Sala 3ª do Tribunal Supremo ten declarado, en sentenza de data 24.4.2018 e nas que nela se citan, a admisibilidade da interrupción do prazo de prescrición, no ámbito propio do dereito administrativo, se ben está suxeita ás súas propias regras, e acóllese no ámbito administrativo, non sen certas modulacións con respecto ao seu réxime establecido con carácter xeral pola lexislación civil. Así, ten declarado que:

> *"La sola manifestación de la voluntad de reclamar, y del fundamento sobre el que descansa la reclamación, no sirve a los efectos pretendidos, por la sencilla razón de que en tal caso de manera artificial podía alargarse sin remedio el plazo legalmente establecido y volver a tener que proceder al inicio de su cómputo. Incluso, de admitirse así, tampoco se atisba por qué no cabría, llegado el caso, tratar de reincidir en el intento -interrumpir el plazo de prescripción- en más de una ocasión con la sola manifestación de la indicada voluntad se vendría, en suma, a sustituir de este modo y a defraudar la voluntad legal en la determinación del plazo de prescripción el plazo de prescripción- en más de una ocasión con la sola manifestación de la indicada voluntad se vendría, en suma, a sustituir de este modo y a defraudar la voluntad legal en la determinación del plazo de prescripción"* (Fundamento cuarto c)).

Segundo reiterada doutrina da Sala 3ª do Tribunal Supremo, nos supostos de responsabilidade patrimonial da administración, prodúcese a interrupción do prazo de prescrición:

> *"cuando se dirige o ejercita dentro de plazo cualquier acción o reclamación idónea para obtener la indemnización de los perjuicios causados, que ponga de manifiesto la voluntad de obtener la reparación patrimonial correspondiente".* (Sentenza do 18.12.2017)

Do contido do escrito remitido a SegurCaixa Adeslas S.A. pola representación da parte reclamante en data 31.7.2018, dedúcese con claridade que a súa finalidade era

a de interromper o prazo de prescrición, ata o punto de que se menciona literalmente *"Sirva este documento para interrumpir la prescripción conforme a Derecho"*. Outro tanto cabe dicir da súa manifestación no escrito de reclamación, do que xa se deixa feita mención, cando afirma que "*La presente reclamación se interpone dentro del plazo legalmente establecido; a fecha de hoy no ha transcurrido el plazo de prescripción de un año exigido por ley, toda vez que en fecha 31.07.2018 se remitió burofax a la compañía aseguradora del Sergas*". Resulta claro que a finalidade da remisión do burofax a entidade aseguradora non era propiamente a de efectuar unha reclamación nos termos do artigo 67.2 da LPAC, senón que era a de interromper prazo de prescrición.

O burofax remitido o 31.7.2018 á entidade aseguradora SegurCaixa Adeslas S.A. poderá ter efectos interruptivos da prescrición nunha hipotética reclamación civil dirixida contra a citada aseguradora, pero non nun procedemento administrativo no que a reclamación de responsabilidade se demanda da administración (STS 10.12.2018).

Polo exposto, este Consello Consultivo de Galicia informa favorablemente a proposta de resolución de inadmisión da reclamación por extemporánea.

CCG 324/2019:

Con data 13.3.2019 C. interpón unha reclamación de responsabilidade patrimonial por mor da demora no diagnóstico da cerebelite aguda postinfecciosa que padecía, no Hospital POVISA no ano 2015.

Este Organismo examina, en primeiro termo, a eventual extemporaneidade da acción á que alude a proposta de resolución do 31.7.2019, cando sinala como:

> *"(...) figura en historia clínica que en marzo de 2017 se inicia fase de secuelas. Un año más tarde, marzo 2018, el abogado presenta un burofax a la aseguradora y refiere (en la hoja nº 2 del escrito de presentación de la RP) que dicha acción interrumpe el cómputo de prescripción de la patrimonial. En marzo de 2019 presenta RP entendiendo esta instructora que el periodo de presentación de dicha patrimonial había prescrito en el momento de su presentación".*

Pois ben, ao respecto debe considerarse que a presunta demora no diagnóstico da doenza do Sr. A. á que alude a parte reclamante se tería producido no ano 2015, constando na historia clínica a estabilización das súas secuelas, cando menos, nos meses de maio e xuño do ano 2017 (neste sentido o informe do Servizo de Medicina Interna do 7.6.2017 e o informe do Servizo de Rehabilitación do 30.5.2017).

Con todo, a representación da parte interesada, saíndo ao paso da posible prescrición da acción de responsabilidade exercitada, refire no seu escrito do 13.3.2019 ter interrompido tal prescrición coa remisión dun burofax o 19.3.2018 á aseguradora do Servizo Galego de Saúde.

Considerando esta circunstancia debe facerse unha expresa consideración á posibilidade de interrupción da prescrición da acción exercitada por mor da remisión dun burofax á entidade aseguradora do Servizo Galego de Saúde.

En efecto, é unha cuestión pacífica, tanto legal como xurisprudencialmente, que o prazo dun ano para o exercicio da acción de reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración establecido polo artigo 142.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (actual artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas –en diante, LPAC–) é un prazo de prescrición e non de caducidade e, polo tanto, susceptible de interrupción, reiniciándose o seu cómputo unha vez desaparecida a causa xeradora da súa interrupción.

Aínda que a posición deste Consello Consultivo de Galicia inicialmente foi favorable á eficacia interruptiva do burofax remitido e recibido pola entidade aseguradora (por todos, o CCG 629/2014), o certo é que posteriormente este órgano consultivo (neste sentido, o CCG 187/2019) ten mudado o seu posicionamento con base na doutrina fixada pola Sala 3ª do Tribunal Supremo na súa sentenza 671/2018, do 24.4.2018. En concreto, a referida sentenza, resumindo a doutrina fixada pola Sala, estableceu que:

> *"En la legislación administrativa no existe una previsión concreta sobre las causas interruptivas del plazo de prescripción contemplado por el artículo 142.5 de la Ley 30/1992 (actual artigo 67.1 da LPAC). Pero nuestra jurisprudencia ha contribuido a esclarecer este pormenor. Nuestra Sentencia de 2 de marzo de 2011 (RC 1860/2009), que por lo demás vino a confirmar la resolución dictada por el Tribunal Superior de Justicia de Canarias (Sentencia de 2 de noviembre de 2008), vino así a establecer: 'La invocación del Art. 1973 del Código Civil es superflua y carece de virtualidad en este proceso porque la responsabilidad patrimonial de las Administraciones Públicas es exigible exclusivamente de acuerdo con la Ley 30/1992, que regula tanto sus aspectos sustantivos como procesales, en el título X, capítulo primero, y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo...'".*

Segundo o razoado na aludida sentenza do 24.4.2018, non é admisible aplicar mimeticamente en sede administrativa as mesmas regras que puidesen deducirse

da normativa civil, sen que sexa suficiente para producir a interrupción do prazo de prescrición da acción de reclamación a soa manifestación da vontade de reclamar, e do fundamento sobre o que descansa a dita reclamación.

A interrupción do prazo dun ano para o exercicio da acción de responsabilidade patrimonial da Administración só se produce polos dous citados motivos: a) A iniciación dun proceso penal que verse sobre feitos delituosos aos que poida estar ligado o exercicio da responsabilidade civil ou, b) Pola pendencia dunha acción civil dirixida a esixir a responsabilidade patrimonial da Administración, excepto no caso de que resulte manifestamente inadecuada. É evidente que, neste último caso, a reclamación do dano ou perda debe dirixirse necesariamente contra a Administración responsable (Sentenzas do Tribunal Supremo do 21.3.2000 e 18.3.2009, entre outras moitas).

Neste sentido o Tribunal Supremo, en numerosas sentenzas, estimou como medio idóneo para a interrupción do prazo de prescrición da reclamación de danos e perdas fronte á Administración, a formulación de demanda civil contra o organismo responsable do dano ou perda obxecto de reclamación, a pesar de que o litixio finalizase –como é natural– pola sentenza declaratoria de incompetencia da xurisdición civil para o coñecemento da reclamación (por todas, STS do 26.5.1998). Pola contra, non recoñeceu eficacia interruptiva da prescrición ás reclamacións efectuadas en vía civil contra terceiros ou suxeitos privados posibles corresponsables coa Administración dos danos e perdas obxecto da reclamación administrativa (Sentenza do Tribunal Supremo do 18.3.2009, entre outras).

En resumo, parece razoable soster que as únicas causas de interrupción da prescrición da acción de reclamación contra a Administración son, única e exclusivamente, as indicadas.

Á vista desta consolidada e uniforme xurisprudencia da Sala 3ª Administrativo do Tribunal Supremo sobre a interrupción do prazo de prescrición da acción de reclamación por responsabilidade patrimonial da Administración, non cabe, xa que logo, atribuír efectos interruptivos do prazo de prescrición ao burofax remitido pola parte reclamante á compañía aseguradora do Servizo Galego de Saúde, polos motivos, ademais dos xa expostos, que deseguido se expoñen, de suficiente peso xurídico por si mesmos para desestimar a súa pretensión.

En primeiro lugar, a Sentenza da Sala 3ª do TS, de data 14.6.2005, resolutoria e desestimatoria dun recurso de casación interposto para a unificación de doutrina, que

a representación da parte reclamante cita en apoio dos seus argumentos para atribuír ao burofax remitido á compañía aseguradora SegurCaixa Adeslas, S.A. virtualidade interruptiva da prescrición, non é doutrina emanada do Tribunal Supremo, senón que a sentenza citada limítase a transcribir, nun texto entre comiñas, o razoamento xurídico quinto da sentenza ditada pola Sección Oitava da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional que, polo demais, non só non contradí senón que establece claramente que:

> *"(...) cuando se ha admitido, excepcionalmente, un efecto interruptivo de la prescripción en supuestos de envío de telegramas (así, las sentencias de otras Secciones de este Tribunal de 9 de enero y 16 de mayo de 2002), ha sido por asignar a la comunicación telegráfica la consideración de reclamación cuando en ella se contienen los elementos precisos para propiciar una reacción de la Administración, es decir, cuando se informe del lugar, momento y circunstancias en que se produjo el daño, así como la identidad del perjudicado y la entidad y alcance de los daños, informaciones todas ellas que aquí brillan por su ausencia. Cabe indicar, además, que constituye un fraude de ley la sucesiva remisión a la Administración de varios telegramas cuando no existen razones que impidan o dificulten el ejercicio de la reclamación, pues el único eventual obstáculo para deducirla".*

É claro, en liña con reiterada xurisprudencia da Sala 3ª do Tribunal Supremo, que os telegramas (e outro tanto se pode dicir dos burofax), poden interromper o prazo de prescrición cando reúnan os elementos e circunstancias suficientes para que poidan ser considerados como unha reclamación. O telegrama, o burofax e calquera outro soporte distinto do papel pode ser un instrumento idóneo para tal fin.

En definitiva, aplicando a xurisprudencia emanada da Sala 3ª do TS sobre esta cuestión, o burofax remitido á entidade SegurCaixa Adelas, S.A., si tería efectos interruptivos da prescrición da acción de reclamación se se tivese dirixido á Administración responsable, pois reúne tódolos requisitos básicos para a súa consideración como reclamación por responsabilidade patrimonial fronte á Administración.

Segundo reiterada doutrina da Sala 3ª do Tribunal Supremo (por todas, a Sentenza do 18.12.2017), nos supostos de responsabilidade patrimonial da administración, prodúcese a interrupción do prazo de prescrición:

> *"cuando se dirige o ejercita dentro de plazo cualquier acción o reclamación idónea para obtener la indemnización de los perjuicios causados, que ponga de manifiesto la voluntad de obtener la reparación patrimonial correspondiente. Así lo viene estableciendo nuestra jurisprudencia, caso de la sentencia de 2 de marzo de 2011, (rec.1860/2009), que en relación con la prescripción de la acción el art. 142.5 de la*

Ley 30/1992 y con referencia a la sentencia de esta Sala Tercera Sección Cuarta de veintiuno de marzo de dos mil, recurso 427/2006, señala que se produce la interrupción de la prescripción en virtud de cualquier «reclamación que manifiestamente no aparezca como no idónea o improcedente encaminada a lograr el resarcimiento del daño o perjuicio frente a la Administración responsable, siempre que comporte una manifestación de la voluntad de hacer efectiva la responsabilidad patrimonial de la Administración por alguna de las vías posibles para ello".

Polo tanto, o burofax remitido o 19.3.2018 á entidade aseguradora poderá ter efectos interruptivos da prescrición nunha hipotética acción civil dirixida con aquela, pero non nun procedemento administrativo no que a indemnización dos danos e perdas se demanda da Administración (sentenza do Tribunal Supremo do 10.12.2018).

Dito o que precede, este Consello Consultivo conclúe na extemporaneidade da acción exercitada, se ben semella preferible que a resolución que finalmente se dite sexa desestimatoria da reclamación presentada, e non de inadmisión, xa que a inadmisión debe ter lugar *a limine*, e non unha vez tramitado todo o procedemento, que foi o que aconteceu no suposto sometido a ditame.

6.2.- A responsabilidade patrimonial e o exercicio da reclamación pola maioría de idade (CCG 359/2019)

O expediente CCG 359/2019 parte dunha unha reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A. polos danos derivados das graves lesións neurolóxicas producidas con ocasión do seu nacemento, o 31.5.2000, no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro de Vigo, tras un parto con sufrimento fetal perinatal que a parte reclamante atribúe a unha inadecuada asistencia sanitaria.

Solicita ser indemnizado na suma de 2.500.000,00 €.

A proposta de resolución propugna o arquivo da reclamación por extemporánea.

A parte reclamante, no escrito presentado con ocasión do trámite de audiencia, sostén a vixencia da acción argumentando que a reclamación se interpuxo dentro do ano seguinte ao cumprimento da súa maioría de idade o 31.5.2018, así como tamén dentro do prazo dun ano dende a resolución do 8.6.2018 pola que lle foi recoñecido o grao de discapacidade. A este respecto afirma "*... que la reclamación patrimonial puede hacerse por quien suscribe cuando cuenta con la capacidad de obrar inherente a la mayoría de edad, o cuando se conoce el alcance de las secuelas, indistintamente*". Mais tales asertos non poden compartirse por este Consello Consultivo.

A vixencia da acción de responsabilidade non pode anoarse ao cumprimento da maioría de idade da parte interesada, pois sobre non existir previsión en tal sentido no ordenamento xurídico, é evidente que a referida acción puido ser exercitada, en prazo legal, por quen ostentase a patria potestade ou, de ser o caso, a tutela do menor.

Tampouco cabe entender que a determinación do alcance das secuelas, co conseguinte inicio do cómputo do prazo para reclamar, se teña producido coa resolución da Consellería de Política Social do 8.6.2018. Como sinala a proposta sometida a ditame, á referida resolución ten por obxecto a revisión do grao de discapacidade da parte interesada, polo que o só feito de que nela se modificase a porcentaxe de minusvalía recoñecido anteriormente carece de relevancia en orde ao nacemento da acción de responsabilidade patrimonial.

Como este Organismo sinala noutros ditames (por todos o CCG 324/2018), a xurisprudencia (así, as sentenzas do Tribunal Supremo de 11.10.2006 e 6.10.2004) ten desbotado a eficacia interruptiva da prescrición das declaracións administrativas do grao de discapacidade, que non afectan en ningún modo á evolución da enfermidade ou á estabilización das secuelas.

En consecuencia, conclúese afirmando o carácter extemporáneo da reclamación, e a procedencia da súa inadmisión por tal motivo, sen necesidade dun pronunciamento sobre o fondo da cuestión controvertida.

7.- A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

7.1.- A responsabilidade patrimonial extracontractual e contractual da nova Lei de contratos do sector público (Ditame CCG 17/2019 e Resolución de incompetencia CCG 237/2019)

O Consello Consultivo de Galicia tivo ocasión de pronunciarse sobre a responsabilidade patrimonial contractual e extracontractual con ocasión do exame dos expedientes CCG 17/2019 e CCG 237/2019.

CCG 17/2019:

Os antecedentes fácticos do expediente son os seguintes:

O 15.5.2015, o Concello e F., subscribiron un contrato de xestión de servizo público para a construción e subseguinte explotación do servicio dunha cafetería na Cidade Deportiva Municipal da Torre.

O día 11.5.2018, F., interpuxo unha reclamación de responsabilidade patrimonial fronte ao Concello por unha inactividade do Concello por incumprimento da obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos (artigo 21 da LPAC), impedindo levar a efecto o contrato; de todo o que se derivan prexuízos económicos para a parte reclamante, cuxo importe avalía, á data de interposición da reclamación, 36 meses despois da presentación da proposta de mellora do proxecto, na suma de 377.136,04 euros, en concepto de lucro cesante; afirmando que se trata dun dano continuado, pois segue a producirse.

O día 3.1.2019 a instrutora elaborou unha proposta de resolución que propugna a desestimación da pretensión "*por falta del requisito de la efectiva realidad de un daño o perjuicio causado que sea consecuencia del funcionamiento de un servicio municipal*".

Unha cuestión que suscita o suposto sometido a ditame é a relativa á natureza da pretensión, e a conseguinte idoneidade do procedemento de responsabilidade patrimonial observado na súa tramitación. Como acertadamente sinala a proposta de resolución, se ben a reclamación fundaméntase nunha suposta inactividade do Concello, ao non pronunciar unha resolución expresa verbo da proposta de mellora do proxecto de construción da cafetería, o certo é que a referida proposta preséntase pola parte reclamante na súa calidade de adxudicataria dun contrato administrativo, 11 días despois da sinatura do contrato, polo que non cabe dúbida de que a dita proposta realízase dentro da fase de execución do contrato ou cumprimento deste.

Pois ben, ao respecto da cuestión aludida cabe recordar o sinalado polo Consejo de Estado, na súa memoria correspondente ao ano 2005, sobre o artigo 106.2 da Constitución:

> *"En este sentido, el Consejo de Estado desea recordar la doctrina que ha venido manteniendo […] en numerosos dictámenes de que no procede encauzar una petición de indemnización por la vía de la responsabilidad extracontractual de la Administración cuando el supuesto de hecho causante y la correspondiente reparación del daño tiene otra vía procedimental específica, prevista en el ordenamiento jurídico. Ello es así porque, tratándose de daños y perjuicios susceptibles de consideración a través de una vía específica, es en el marco de esa vía, y no en las disposiciones sobre responsabilidad patrimonial de la Administración en general, donde deberán examinarse las reclamaciones formuladas por los interesados. Tal es la doctrina general que ha venido configurando sobre la materia el Consejo de Estado en casos de daños producidos en el seno de una relación contractual o concesional, en el ámbito de una*

relación expropiatoria, o también en el seno de una relación de servicios profesionales. (En la misma línea pueden consultarse los Dictámenes de este Alto Órgano Consultivo 2863/2003, y los que en éste se citan)".

Consonte a esta doutrina, observada por este órgano consultivo en numerosos ditames (entre eles os CCG 234/2005, CCG 687/2014 e CCG 177/2015), o procedemento de responsabilidade patrimonial só caberá naqueles casos nos que non existan outras vías específicas de reclamación en virtude dunha relación que una ao particular coa Administración, situación que se presenta no caso examinado no expediente CCG 17/2019, no que a parte reclamante actúa na súa condición de adxudicatario, dun contrato cualificado como de xestión de servizo público.

Tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas, entre outras, do 7.12.1999 e do 25.7.2000, sostén que cando a reclamación de danos se produce no seo dunha relación contractual é nesta sede onde deben ventilarse as diferenzas existentes, en troques de acudir ao instituto da responsabilidade patrimonial.

A pretensión de F. sitúanos, por tanto, diante dun suposto de responsabilidade contractual da administración, ao que non lle resulta aplicable a normativa reguladora do instituto da responsabilidade patrimonial contida na LPAC e na LRXSP, senón na lexislación de contratación administrativa, o que suscita a cuestión sobre a competencia deste órgano para emitir o ditame solicitado.

En efecto, o Consello Consultivo veu considerando de xeito constante que nos supostos de reclamacións dos contratistas derivadas da responsabilidade contractual da administración non procedía a consulta a esta institución, ao non contemplarse estas nos supostos de ditame preceptivo enumerados no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, letras g) e h).

Pola súa banda, o artigo 211.3 do TRLCSP, aplicable ao contrato que nos ocupa, atendida a súa data de adxudicación, de conformidade co establecido na disposición transitoria primeira, punto 1 da LCSP, limita a esixencia de ditame aos casos de "*interpretación, nulidade e resolución dos contratos, cando se formule oposición por parte do contratista*".

Esta situación vén de mudar coa citada LCSP, cuxo artigo 191.3.c) introduce un novo suposto no que o ditame do órgano consultivo será preceptivo:

"c) As reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual en que esta puidese incorrer, nos casos en que as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros. Esta contía poderase rebaixar pola normativa da correspondente comunidade autónoma".

A inclusión deste novo suposto na sección que regula os efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos, podería levar a concluír, nunha interpretación literal da Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LCSP, que o mandato legal non alcanza aos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á súa entrada en vigor, o que levaría a reafirmar a falta de competencia deste Consello Consultivo para emitir o ditame solicitado. Sen embargo, a natureza de requisito procedemental deste novo trámite, e o reforzamento das garantías que a súa práctica representa tanto para o acerto da resolución administrativa, como en garantía dos dereitos das eventuais partes interesadas, debe conducir a afirmar a procedencia da súa emisión

Así, polo demais, o ten afirmado este Consello Consultivo no recente ditame CCG 55/2019, en cuxa consideración segunda razóase:

> *"En relación coa normativa de aplicación á modificación de referencia hai que considerar que, de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.2.2014 (en adiante LCSP), os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da dita lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída expresamente a súa modificación, pola normativa anterior.*
>
> *No presente caso, atendida a data do anuncio licitación que se modifica, resultan de aplicación as previsións do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP).*
>
> *Sentado o anterior, e imprescindible facer unha precisión. A Sección de Ditames deste Consello Consultivo de Galicia, na súa reunión do 13.2.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da LCSP no sentido de que a remisión normativa cínguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedimentais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e asumindo así un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento puntual deste Consello (CCG 250/2018)".*

Como con toda claridade se deriva do expediente, son as circunstancias postas de manifesto logo da adxudicación do contrato, as determinantes de que, a data de emisión do ditame, non se teñan levado a cabo as obras para a instalación da cafetería nin, por conseguinte, se teña iniciado a prestación do servizo cuxa xestión constitúe o obxecto do contrato.

Delas da conta, en particular, o informe do xefe do Servizo de Deportes do 31.12.2018, no que se pon de manifesto que se atopa pendente de adoptar a solución máis adecuada no plano da súa viabilidade técnica e xurídica, e para a satisfacción dos intereses municipais.

Pode apreciarse que estamos ante criterios técnicos dispares cuxa resolución debe incardinarse no réxime xurídico do contrato administrativo analizado e no seu caso da responsabilidade contractual que para o Concello puidera derivarse.

En calquera caso non cabe descoñecer que foi a propia contratista, que concorreu á licitación con pleno coñecemento e aceptación dos pregos e do proxecto aprobado pola administración, quen poucos días despois de subscribir o contrato instou a mellora do referido proxecto e, posteriormente, o 9.8.2016, segundo resulta do informe do aludido servizo, presentou para a súa tramitación un proxecto modificado; circunstancia que propiciou un proceso de estudo de alternativas, no marco dos condicionantes urbanísticos e de deseño da estrutura destinada á prestación do servizo de cafetería postos de manifesto no expediente.

Un proceso no que, por tanto, a contratista veu tendo unha activa participación, como resulta dos antecedentes analizados, tendo cabal coñecemento das dificultades inherentes ás limitacións de índole urbanística que afectarían á modificación da solución construtiva por el proposta.

Non se trata, en suma, dun incumprimento unilateral dos seus deberes, por parte do concello, que, a data de hoxe, permita atribuírlle a este unha eventual responsabilidade indemnizatoria no marco da relación contractual; e tampouco é posible, como xa se razoou, concretar a produción duns danos que a concesionaria non teña o deber xurídico de soportar á marxe da referida relación.

A proposta de resolución recolle axeitadamente estes argumentos, e propugna a desestimación da pretensión da concesionaria con criterio que este Consello Consultivo comparte.

CCG 237/2019: RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA.

Sométese a ditame deste Consello Consultivo unha proposta de resolución correspondente ao pagamento á empresa concesionaria, P., S.L., da suma de 27.672,46 € en concepto de mantemento do equilibrio financeiro da concesión para xestionar a Escola Infantil Luís Seoane do Concello da Coruña.

Neste expediente tense en conta o sinalado no informe da Asesoría Xurídica do 21.5.2019, que, logo de pronunciarse en sentido favorable ao contido da proposta de reequilibrio financeiro elaborada polo Servizo de Educación, e en presenza do establecido na Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LCSP, efectúa a seguinte observación de carácter procedemental:

> "[…]
>
> *O contrato sobre o que opera o re-equilibrio é anterior á vixente LCSP. Por iso, e segundo establece a súa Disposición transitoria primeira, parágrafo dous, este contrato réxese pola normativa anterior. De aí que non resulten de aplicación os artigos 190 e 191 citados no acordo de inicio, e en particular o apartado 3, letra c) deste último, que establece a esixencia do ditame do Consello Consultivo de Galicia nas reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual cando as cantidades reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros.*
>
> […]
>
> *A consecuencia do exposto é a innecesariedade de someter este expediente ao Consello Consultivo de Galicia. Porén, debe ser quen teña a responsabilidade da instrución do expediente quen lle dea o trámite que corresponda, recomendándose, en caso de dúbida, e para garantir a maior seguridade xurídica, a remisión do expediente, con informe proposta de re-equilibrio, ao Consello Consultivo para a súa consideración.*
>
> […]".

No recente ditame CCG 17/2019 este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre o alcance da previsión legal contida no artigo 191.3.c) da LCSP, en relación cos contratos adxudicados con anterioridade a súa entrada en vigor.

No referido ditame, superando unha interpretación literal da Disposición transitoria primeira, apartado 2, da LCSP, o Consello Consultivo considerou que, atendida a natureza de requisito procedemental deste novo trámite, e o reforzamento das garantías que a súa práctica representa tanto para o acerto da resolución administrativa, como en garantía dos dereitos das eventuais partes interesadas, resultaba procedente a emisión de ditame nas reclamacións formuladas con fundamento na responsabilidade contractual da Administración, tamén no caso dos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da nova LCSP.

No entanto, como non podía ser doutro xeito, a preceptividade do ditame, consonte á nova previsión legal, vén determinada pola esixencia de que a súa contía sexa igual ou superior a 50.000 €; circunstancia que non concorre neste suposto.

En virtude do exposto, non tratándose dun suposto de ditame preceptivo, cómpre apreciar a falta de competencia do Consello Consultivo de Galicia para ditaminar sobre a proposta de resolución remitida.

Xa que logo, o Concello poderá continuar a tramitación do presente expediente, até a súa resolución, sen que sexa preciso incorporar o ditame deste órgano consultivo.

7.2.- A responsabilidade patrimonial por licenzas de obras (CCG 466/2018, CCG 252/2019 e CCG 343/2019)

A) A responsabilidade patrimonial polos danos pola demolición de vivenda unifamiliar (CCG 466/2018)

Con ocasión da análise dun expediente de responsabilidade patrimonial, este Organismo tivo ocasión de pronunciarse sobre a responsabilidade patrimonial da Administración polos danos e perdas sufridos como consecuencia da demolición da súa vivenda familiar, logo da nova doutrina do Tribunal Supremo (CCG 466/2018, emitido o 9.10.2019).

No suposto que se examina, a solicitude de indemnización vén determinada polos presuntos danos que teñen a súa orixe na anulación xudicial da licenza urbanística para a construción dunha vivenda no núcleo rural de "*O Cruceiro*".

Dende esta perspectiva, o ditame de referencia parte do artigo 32.1 da LRXSP en canto dispón que *"a anulación en vía administrativa ou por orde xurisdicional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativos non presupoñen o dereito á indemnización"*. A interpretación do devandito precepto suscita diversas cuestións xerais, das que xa se ocupara este Consello Consultivo en anteriores ditames.

Así, pode afirmarse que o precitado artigo, debe interpretarse no sentido de que a ilegalidade e a responsabilidade non están necesariamente unidas, polo que, en definitiva, non pode afirmarse que a anulación exclúa a responsabilidade nin tampouco que toda ilegalidade comporte responsabilidade; como así ten sostido reiteradamente tamén o Consejo de Estado.

A doutrina xurisprudencial e a propia do Consejo de Estado, recollidas por este Consello, insisten nunha liña argumental, xa consolidada, en que a cuestión ten que situarse no marco do instituto da responsabilidade obxectiva de sorte que o fundamento da obriga de indemnizar radica no dato obxectivo da ilegalidade do prexuízo e non tanto no aspecto subxectivo da actuación antixurídica da Administración.

Mais non abonda coa existencia dun prexuízo, senón que máis específica e cualificadamente se require a certeza dunha lesión ou detrimento patrimonial que a parte interesada non debe soportar por non existir título ou causa lexítimos que os impoñan, (S. 13.1.1992, Ar. 555) e que sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos nunha relación de causa e efecto directa, inmediata e exclusiva (Ss. 2 e 22.2.1993, Ar. 580 e 542).

A responsabilidade patrimonial derivada da anulación de licenzas é obxecto de atención específica polo lexislador, que se reflectiu nas sucesivas leis urbanísticas. Así, o artigo 30 da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo; artigo 35 do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo; e, artigo 48.d) do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana que, partindo da aplicación e requisitos xerais establecidos nas normas que regulan a responsabilidade patrimonial, excepcionan de maneira expresa a indemnización nos casos de dolo, culpa ou neglixencia graves imputables ao prexudicado.

Para tal efecto, o ditame de razón fai particular referencia á xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre esta materia que se recolle, entre outras, na sentenza do 27.5.2008.

> *"La indemnización de daños y perjuicios por causas de anulación de licencias municipales (de obra, edificación, etc) es correlativo lógico de toda revocación de licencias por tal causa, tal como prevenía el art. 16 del Reglamento de Servicios y en el art. 172 de la anterior Ley, y hoy recoge el art. 232, párrafo 1 del texto legal vigente y el art. 38 de Disciplina Urbanística al proclamar el principio de responsabilidad de la administración conforme al régimen jurídico general, por ser indudable que la anulación de una licencia ocasiona a su titular unos daños y perjuicios ciertos y determinables, porque, en todo caso, supone la imposibilidad de continuar realizando la actividad autorizada e incluso puede llegarse a la demolición de lo realizado.*
>
> *Por ello es claro que el administrado en estos supuestos sufre una lesión patrimonial que es consecuencia directa del obrar no correcto de la Administración, y así la procedencia de la indemnización que como regla nadie discute con base en la declaración de la responsabilidad que los preceptos citados consagran en relación con el principio constitucional consagrado en el art. 106 de la Constitución.*
>
> *Sin embargo, en esta materia, la regla general tiene una importante excepción en la norma contenida en el núm. 2 del art. 232 de la citada Ley, al preceptuar que 'en ningún caso habrá lugar a indemnización si existe dolo, culpa o negligencia graves imputables al perjudicado', prueba que ha de correr a cargo de quien la alegue -como causa de exoneración- conforme a las reglas generales".*

Desde esa óptica procédese a examinar o suposto do expediente CCG 466/2018, indicando que a etioloxía do dano padecido polo titular da licenza de obra viciada de ilegalidade é residenciable no funcionamento do servizo público local, no sentido de que a hipotética eliminación daquel actuar administrativo, ou sexa, a eliminación da omisión padecida no control de legalidade da licenza, tería evitado o resultado lesivo que motiva a reclamación.

A proposta de resolución, nun primeiro termo, rexeita a existencia de responsabilidade patrimonial por apreciar a prescrición do prazo para presentar a reclamación. En concreto sinala que:

> *"Entendemos que a prescrición da acción produciuse no prazo dun ano dende que lle foi notificada ou tivo coñecemento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 4288/2008 de 23 de xullo, resultando evidente que a notificación ou no seu caso o coñecemento da sentenza firme que ordenaba a demolición pala parte recorrente e o transcurso do prazo legal dun ano dende a súa notificación ou coñecemento, produciuse con moita mais antelación que a que se deriva da presente reclamación, que se formula en data de 22 de maio de 2018. Entender o contrario implicaría que a parte recorrente non foi coñecedora da sentencia ata o 22 de maio de 2017, o cal non sería certo xa que incluso no expediente consta auto de peza separada de execución de sentenza 512010, na que o Xulgado do Contencioso Administrativo número dous de Vigo de data 02 de decembro de 2010 determina que procede desestimar el incidente de inejecución de sentencia planteado por el Alcalde del Ayuntamiento de Gondomar en fecha 22-09-2010, acordando la prosecución de las presentes actuaciones de ejecución forzosa y requiriendo a la administración municipal para que de inmediato proceda a adoptar las medidas necesarias para llevar a cabo la demolición de las obras".*

Este Consello Consultivo non pode compartir tal conclusión toda vez que consta a interposición polo Concello dun incidente de inexecución de sentenza en setembro de 2009, que foi desestimado polo Xulgado mediante Auto confirmado en apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en outubro de 2011, actuación que ten un evidente efecto interruptivo da prescrición na medida en que afecta á propia existencia do dano polo que se reclama; asemade consta a interposición dunha reclamación de responsabilidade patrimonial, con data 21.10.2011, que non semella fose resolta polo Concello como tampouco consta a data en que a sentenza ditada en apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 23.7.2009 lle foi notificada á representación procesual da parte reclamante. Lémbrase no ditame que tales datos tiñan que ser probados polo Concello que é o que invoca a prescrición da acción e polo tanto a quen lle corresponde facelo (artigo 217 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil).

Entrando na cerna do asunto, para apreciar se o detrimento patrimonial que supón para un administrado o funcionamento dun determinado servizo público resulta antixurídico ten que analizarse a índole da actividade administrativa e se responde aos parámetros de racionalidade esixibles. Isto é, se, malia a súa anulación, a decisión administrativa reflicte unha interpretación razoable das normas que aplica, endereitada a satisfacer os fins para os que lla atribuíu a potestade que exercita, considerando o Tribunal Supremo (STS do 1.4.2011) que se o acto administrativo anulado xudicialmente resultaba razoado e razoable, podería non incorrer en antixuridicidade e, por tanto, non xerar responsabilidade patrimonial na Administración.

E nesta liña argumental, a administración considera que no caso resulta aplicable a previsión do artigo 48 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, que establece que "e*n ningún caso procederá a indemnización se existe dolo, culpa ou neglixencia graves imputables ao prexudicado".*

Así razoa que resulta evidente que trala notificación do outorgamento da licenza, a parte reclamante tiña un coñecemento claro da súa ilegalidade por ser contraria ao ordenamento xurídico, entendendo o Concello que non procede recoñecer a existencia de responsabilidade patrimonial xa que a parte reclamante era coñecedora da situación de ilegalidade por ter coñecemento dos informes técnicos desfavorables durante a tramitación da concesión da licenza.

Pero novamente, este órgano consultivo non comparte tales aseveracións posto que para poder apreciar esta causa de exoneración entende o Tribunal Supremo (Sentenza do 24.7.1989) que "*hay que decir que la Administración tiene la carga de probar que hubo dolo, culpa o negligencia graves si pretende que se le declare exenta de la obligación de indemnizar*".

Pois ben, no caso analizado, o Concello de Gondomar non proba que houbese dolo, neglixencia ou culpa por parte da parte reclamante debido a que o coñecemento da posible ilegalidade da concesión da licenza non é determinante por si só da exoneración da responsabilidade patrimonial. Así se pronunciou o Tribunal Supremo (Sentenza do 14.12.1983):

> *"Que la implícita tesis de la sentencia apelada declaratoria de la exoneración de responsabilidad de la Administración basada en la culpa o negligencia grave que imputa a la actuación de los actores (o sus causantes) en razón del conocimiento previo sobre las dudas que se presentaban (falta de plan parcial, si se desbordaban o no los límites de edificabilidad del plan general, etc.) no resulta suficiente a los efectos que*

aquí se discuten, ya que como se ha dicho «el conocimiento» de la posible ilegalidad no es determinante por si solo de la exoneración sino que hace falta algo más, esto es, ver cual haya sido la actuación del peticionario de la licencia en el procedimiento de concesión, además de resultar precisa la valoración de las circunstancias concurrentes en relación con la normativa aplicable, actuación de la propia Administración, etc.; y desde esta perspectiva de enjuiciamiento se observa la imposibilidad de atribuir al administrado reproche alguno sobre su forma de actuación ya que la misma fue diáfana en todo momento, como lo demuestra el hecho acreditado de que en su petición, proyecto, etc. se expresan con exactitud las características del edificio u obra (para la que se pide la licencia o legalización de lo hecho), aportando, por ello, al expediente la totalidad de los datos disponibles para que la Administración a través de los estudios de sus técnicos pudiere pronunciarse fundadamente sobre la petición, como así lo hizo, manteniendo, incluso, la legalidad de la licencia (por entender cabía dentro de los límites fijados en el plan general) con posterioridad a las sentencias anulatorias e incluso de la publicación del plan parcial de 13 octubre 1975".

Para apreciar esta causa de exoneración a xurisprudencia esixe unha conduta do titular da autorización dirixida a provocar o erro dos servizos municipais mediante a ocultación ou terxiversación, maliciosa ou descoidada, de datos ou factores determinantes da súa concesión (por todas a STS do 4.7.1990), conduta da parte interesada que neste caso non consta acreditada.

En conclusión, este órgano consultivo non comparte a procedencia da aplicación da cláusula de exoneración da responsabilidade prevista no artigo 48, letra d), do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, pois non queda probado a existencia de dolo, culpa ou neglixencia grave imputable ao prexudicado.

E isto sen prexuízo de que o coñecemento da posible ilegalidade da licenza poida ser tido en conta á hora de avaliar a existencia dos danos morais reclamados pola parte interesada.

Por todo este Consello Consultivo de Galicia informa desfavorablemente a proposta de resolución, debendo indemnizarse á parte interesada nos termos sinalados no ditame.

B) A responsabilidade patrimonial por anulación de licenza de obras (CCG 252/2019)

No expediente CCG 252/2019 analízase a responsabilidade patrimonial por anulación de licenza de obras.

A parte interesada presenta a reclamación alegando que o día 12.4.1999 o Concello lle concedeu unha licenza para a construción de vivenda unifamiliar.

A licenza de que se trata foi posteriormente anulada por sentenza de data 13.10.2003, do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 3 de Pontevedra. Esta sentenza resultou confirmada pola do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.10.2006.

A contía reclamada ascende a un total de 1.247.833,54 €, que desagrega nos seguintes conceptos:

- Valoración da construción finalizada, cualificada pola media entre os valores expresados nas dúas periciais que achega ao escrito de reclamación: 1.038.979,68 €.

- Danos morais, cuantificados no 20 % do valor da construción: 207.972,26 €.

- Honorarios de letrado: que fixa nun total de 34.901,31 €.

Con data 5.6.2019 emítese proposta de resolución no seguinte senso:

> *"Estimar parcialmente a reclamación (...), declarando a responsabilidade patrimonial do concello de A Guarda como consecuencia da anulación, por Sentencia xudicial firme e definitiva, da licencia de obras (...) e, en consecuencia, recoñecer ao interesado en concepto de danos e prexuízos, unha indemnización ao seu favor por importe de 182,419,37 €, suma que deberá ser actualizada, conforme a variación do IPC, á data na que se dite a resolución que pola fin ao procedemento.*
>
> *En canto aos custes de demolición, fíxanse na suma de 9.940,50 €, que deberá ser actualizada conforme aos prezos vixentes na data na que se proceda a demolición. Esta partida so será abonada ao interesado si procede de modo voluntario á demolición da vivenda, na data que se verifique a execución íntegra das obras de demolición".*

No suposto que se examina, a solicitude de indemnización vén determinada polos presuntos danos que teñen a súa orixe na anulación xudicial da licenza de obra referenciada nos antecedentes.

Dende esta perspectiva, hai que partir do artigo 142.4 da LRXPAC en canto dispón que "*a anulación en vía administrativa ou por orde xurisdicional contencioso-administrativa dos actos ou disposicións administrativos non presupoñen o dereito á indemnización*".

A interpretación do dito precepto, suscita diversas cuestións xerais, das que xa se ocupara este Consello Consultivo nos seus ditames CCG 67/1997, CCG 68/1997 e máis tarde, nos CCG 123/2012, CCG 617/2012 e CCG 618/2012. Así, pode afirmarse

que o dito artigo, así como o artigo 40.2 da LRXSP, debe interpretarse no sentido de que a ilegalidade e a responsabilidade non están necesariamente unidas, polo que, en definitiva, non pode afirmarse que a anulación exclúa a responsabilidade nin tampouco que toda ilegalidade leve aparellada responsabilidade; como así ten sostido reiteradamente tamén o Consejo de Estado.

A doutrina xurisprudencial e a propia do Consejo de Estado, recollidas por este Consello, insisten nunha liña argumental, xa consolidada, en que a cuestión ten que situarse no marco do instituto da responsabilidade obxectiva de sorte que específica e cualificadamente se require a certeza dunha lesión ou detrimento patrimonial que a parte interesada non debe soportar por non existir título ou causa lexítimos que os impoñan (S. 13.1.1992, Ar. 555).

A responsabilidade patrimonial derivada da anulación de licenzas é obxecto de atención específica polo lexislador, que se reflectiu nas sucesivas leis urbanísticas: art. 232 do texto refundido aprobado polo Real decreto 1346/1976, do 9 de abril, art. 240 do Texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, art. 44.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, artigo 30 da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo e artigo 35 do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo**,** e artigo 48 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana; que, partindo da aplicación e requisitos xerais establecidos nas normas que regulan a responsabilidade patrimonial, excepcionan de maneira expresa a indemnización nos casos de dolo, culpa ou neglixencia graves imputables ao prexudicado.

Para tal efecto, o ditame de razón fai referencia á xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre a materia, que se recolle, entre outras, na sentenza do 27.5.2008.

No caso examinado, e como resulta do expediente, a actuación edificatoria, que é obxecto da actual pretensión indemnizatoria, abeirouse nunha licenza municipal que, como outras concedidas polo Concello entre os anos 1999 e 2001 ao abeiro da Ordenanza núm. 14, de solo non urbanizable de interese paisaxístico, foi posteriormente anulada en vía xurisdicional a instancia da Xunta de Galicia.

En definitiva, a ilegalidade na que incorreu a licenza é reprochable á entidade local, sen que resulte do expediente a concorrencia de dolo, culpa ou neglixencia graves imputables á parte prexudicada.

Neste punto o ditame salienta, para unha adecuada comprensión dos feitos, que ao amparo da licenza solicitada, R. executou as obras para a construción dunha vivenda unifamiliar conforme ao proxecto presentado no Concello, e logo transmitiu a propiedade do terreo e da vivenda á parte reclamante e á súa dona que a adquiriron mediante contrato de compravenda outorgado en data 8.4.2005.

Na data da compravenda xa fora ditada a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra (13.10.2003) que anulaba a licenza concedida a R. para a construción da edificación, que foi confirmada en sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19.10.2006.

Finalmente, polo que se refire ao *quantum* indemnizatorio, a proposta de resolución con base no informe do arquitecto municipal analiza as seguintes partidas numeradas no escrito de reclamación. Así, a parte reclamante desagrega a súa petición de danos nos seguintes conceptos:

- Valoración da construción finalizada, cualificada pola media entre os valores expresados nas dúas periciais que achega ao escrito de reclamación: 1.038.979,68 €.

- Danos morais, cuantificados no 20 % do valor da construción: 207.972,26 €.

- Honorarios de letrado: que fixa nun total de 34.901,31 €.

Polo que se refire ao valor da construción, a parte interesada solicita unha cantidade que vén a representar a media entre as valoracións que realizan dúas pericias que achega xunto co escrito de reclamación e que se basean no valor de mercado da propiedade. Hai que poñer de manifesto que nos ditames de valoración se inclúen elementos construtivos que non figuraban no proxecto que deu base á licenza municipal anulada, tales como a piscina, instalación solar, muro de peche e grella, e que foron executados logo da sentenza do TSXG do 2006. O informe técnico municipal sinala:

> *"Como se demostra nas fotografías aérea as infraestruturas levadas a cabo na parcela foron executadas con posterioridade a sentencia, e sen licencia, e polo tanto a conta e risco do propietario, as instalacións como o peche, a barbacoa a piscina, a estación solar non só non son autorizables, se non que tendo en conta a cualificación do chan que se determina da sentencia que o equipara a un solo rústico especialmente protexido, a execución das mencionadas infraestruturas constitúen una infracción urbanística". [sic]*

Este Organismo coincide co criterio exposto na proposta de resolución que se basea no informe do arquitecto municipal no senso de que toma como punto de partida o prezo que figura no contrato de compravenda asinado que foi o verdadeiro gasto

real e efectivo que soportou a parte reclamante. A esa cantidade réstaselle o valor do terreo e súmase o valor dunha rampla solicitada e incrementado no IPC acumulado correspondente.

En canto a partida dos danos morais, a parte interesada reclama unicamente sobre a base dun dano patrimonial, ata o punto de que a contía determinase sobre a base dunha porcentaxe (20 %) do valor reclamado pola edificación e polo terreo, polo que adoece dunha mínima fundamentación legal. Neste punto o ditame de razón destaca a sentenza do Tribunal Supremo do 31.10.2002:

> *"El concepto de daño moral es claro y estricto; no comprende aspectos del daño material. Si una lesión del derecho subjetivo atenta a la esfera patrimonial del sujeto no pretenda éste que alcance también a la esfera espiritual. Hay daño moral exclusivamente cuando se ha atentado a un derecho inmaterial de la persona: es el caso del honor, intimidad e imagen que contempla la Ley 1/1982, de 5 de mayo".*

Polo que atinxe aos gastos de honorarios de avogados, este Organismo di que non consta no expediente remitido a este órgano consultivo documento acreditativo da súa realidade e efectividade ao tempo que sinala que estas cantidades en ningún caso poden ser aboadas pola vía da responsabilidade patrimonial. Sobre isto cómpre acudir ao xa manifestado por este Consello Consultivo en anteriores pronunciamentos, -CCG 613/2001, CCG 136/2015- onde se mantivo que o pagamento de honorarios de letrados por defensa xurídica non constitúe un dano en sentido xurídico, e, daquela, non resulta indemnizable pola vía que se pretende.

A proposta de resolución fixa unha cantidade, unha suma de 9.940,50 € referida a gastos de demolición. Se ben determina expresamente: *"Esta partida so será abonada ao interesado si procede de modo voluntario á demolición da vivenda, na data que se verifique a execución íntegra das obras de demolición".*

Hai que referir que a parte interesada non reclama cantidade algunha por demolición, senón que ao contrario advirte que "*es un daño que todavía no es efectivo".* Neste sentido, cítase a STS do 6.6.2011.

No caso analizado non se acredita que a demolición se tivese producido.

Trátase dun dano que á vista do expediente aínda non se produciu, polo que non pode considerarse "*real e efectivo",* sen prexuízo de que sexa solicitado nun futuro e no caso de producirse, os gastos derivados da demolición que se teña que executar. Deste xeito considérase que non procede a súa inclusión na proposta de resolución que se emita.

Por conseguinte, considérase procedente a contía que en concepto de indemnización se contén na proposta de resolución e coa que este órgano consultivo amosa a súa conformidade, coa observación referida aos gastos de demolición.

C) A responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia da concesión dunha licenza de obra menor para peche de finca (CCG 343/2019)

O ditame CCG 343/2019 examina unha reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas derivados da anulación dunha licenza concedida o 17.12.2010 para a construción dun muro de peche.

Esta licenza foi declarada lesiva polo Concello de Marín o 20.9.2012, anulándose finalmente pola Sentenza do Xulgado do Contencioso núm. 1 de Pontevedra do 22.4.2014 ao considerar contraria a Dereito a clasificación do solo que constaba na licenza, se ben a referida sentenza tamén salientou como a señora F. tiña executado, ademais, obras, en concreto un muro de contención, á marxe do autorizado na licenza anulada.

Sinala así a referida sentenza:

> *"Según consta en el informe de la Arquitecta Técnica Municipal de Disciplina Urbanística de 26 de julio de 2011 (...) las obras que se están a ejecutar en la parcela no se ajustan a la licencia concedida para obra menor, ya que en la documentación de dicha licencia no consta que el muro de cierre cumpla funciones de contención, como ocurre en la obra que se está ejecutando, por lo que debería ser una licencia de obra mayor y con proyecto técnico que avale su construcción (...).*
>
> *(...) A la vista de lo expuesto hemos de concluir que, por un lado, la demandada llevó a cabo unas obras consistentes en un muro de contención y cierre sin licencia municipal ya que la licencia que solicitó y se le concedió por el Concello era para obras menores y los muros de contención exigen licencia para obras mayores con proyecto técnico, lo que constituiría una infracción urbanística grave que daría lugar en su caso a la demolición de la obra no legalizable, al carecer de la preceptiva licencia.*
>
> *Por otro lado también existe una errónea clasificación del suelo que consta en la licencia concedida para obra menor, en cuanto que se califica como suelo no urbanizable de núcleo rural de las normas subsidiarias de 1978, al que resulta de aplicación la Disposición Transitoria 1ª apart. 1 letra f) de la LOUGA y por lo mismo sujeto al régimen de suelo rústico de dicha ley. Clasificación que lleva a conceder esa licencia con unas condiciones derivadas de la aplicación de un régimen jurídico que no se corresponde con el legalmente aplicable según la legislación y planeamiento*

urbanístico, ya que según dicha normativa la clasificación correcta es la de suelo urbano de desarrollo previsible de Seixo, según las Normas Subsidiarias, suelo urbano no consolidado, según la Disposición Transitoria 1ª apart. 1.c) de la LOUGA, por tanto con un régimen jurídico y unas condiciones aplicables distintas.

Por lo que nos encontramos con el hecho de que el Concello ha concedido una licencia de obras menores con unas condiciones derivadas de la aplicación de un régimen jurídico aplicable a suelo no urbanizable de núcleo rural de las Normas Subsidiarias de 1978 suelo rústico según la disposición Transitoria 1ª apart. 1 letra f) de la LOUGA cuando tendría que haber concedido la licencia con unas condiciones derivadas de la aplicación de un régimen jurídico aplicable a suelo urbano de desarrollo previsible de Seixo, según las Normas Subsidiarias, suelo urbano no consolidado, según la Disposición Transitoria 1ª apart. 1.c) de la LOUGA. Lo que significa que dicho acto es lesivo para los intereses públicos".

Ademais, polo que se refire ao exceso de execución verbo da licenza concedida, cómpre tamén sinalar que isto motivou a incoación dun procedemento de reposición de legalidade que finalizou coa resolución do 18.7.2013 pola que se ordenaba á parte reclamante a demolición á súa costa do peche e muro de contención. Esta resolución, é importante salientar, foi confirmada pola xurisdición na Sentenza do Xulgado do Contencioso - Administrativo núm. 2 de Pontevedra do 10.7.2014.

Dito o que precede, a pretensión indemnizatoria da parte reclamante susténtase na anulación xudicial da licenza concedida pola Sentenza do Xulgado do Contencioso núm. 1 de Pontevedra do 22.4.2014, o que, atendendo ás circunstancias, esixe unha dobre orde de consideracións.

En primeiro lugar, sinala o ditame CCG 343/2019 que é preciso advertir que o *dies a quo* para o cómputo do prazo dun ano para o exercicio da acción de responsabilidade polos danos ocasionados, debe entenderse que é a data de notificación da sentenza anulatoria (o 25.4.2014), tal e como entendeu a Sentenza do Tribunal Supremo do 10.7.2018:

"... es así porque, es la sentencia anulatoria – y no la orden concreta de demolición, o la demolición misma– la que constituye una declaración ejecutiva respecto de la demolición del inmueble, no debiendo olvidarse que, entre otras muchas en las STS de 7 de febrero de 2000 y 15 de octubre de 2001, el Tribunal Supremo, siguiendo una reiterada doctrina de la Sala, señaló que "la demolición de lo construido es la consecuencia impuesta legalmente en el caso de anulación de una licencia concedida con infracción de la normativa urbanística".

Esta es, pues, la interpretación que –insistimos–, como regla general, procede realizar de los preceptos concernidos, en relación con la determinación del momento de inicio del cómputo del plazo anual de prescripción para la reclamación de la responsabilidad patrimonial derivada de la anulación jurisdiccional de un acto o disposición determinante de la demolición de un inmueble, y que no tendría que verse afectado ni por la tramitación del Incidente de imposibilidad de ejecución de sentencia (que, de prosperar, daría lugar, en su caso, a otro tipo de indemnización ex articulo 105.2 in fine), ni por el seguimiento del previo Incidente previsto en el artículo 108.3 de la LRJCA.

(...)

Por ello la reclamación formulada en fecha de 27 de mayo de 2011, tal y como razona la sentencia impugnada, es extemporánea al haber transcurrido, en el momento de su presentación, el plazo de un año desde que se dictó la sentencia definitiva que anuló la licencia de la que trae causa la reclamación (artículo 142.4 de la LRLPA), sentencia que ya permitía conocer la existencia y el alcance del daño que se reclama y posibilitaba iniciar el cómputo del plazo de prescripción con arreglo al citado precepto, pues, ya en ese momento, los recurrentes conocían que la anulación de la licencia era firma e irrevocable y debía procederse a la demolición de lo realizado a su amparo".

Polo tanto, tendo transcorrido mais dun ano desde a notificación da sentenza anulatoria da licenza (o 25.4.2014) ata a data de interposición da reclamación (o 23.5.2018), debe concluírse na prescrición da acción exercitada de acordo co establecido no artigo 67.1 da LPAC. A todo o cal debe engadirse que desde a ditada data non existía ningunha dubida sobre o alcance da contía económica reclamada.

A maior abastanza, e aínda considerando que a acción tivese sido exercitada en prazo, tampouco pode obviarse que a parte interesada executou obras á marxe da licenza concedida, conduta que de por si xa exclúe a boa fe do promotor das obras, impedindo, xa que logo, unha eventual indemnización polos danos derivados da anulación xudicial da licenza (artigo 48, letra d), do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro).

Considerando todo, o xuízo deste órgano consultivo debe ser favorable á desestimación da reclamación presentada no expediente CCG 343/2019.

7.3.- A responsabilidade patrimonial por unha nota de prensa cunha recomendación do Consello Galego da Competencia (CCG 211/2019)

Co gallo da análise do expediente CCG 211/2019, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre unha reclamación de responsabilidade patrimonial

interposta polos danos sufridos como consecuencia das recomendacións efectuadas polo Consello Galego da Competencia na nota de prensa do 15.7.2011.

En síntese, a parte reclamante alega que aquela nota de prensa xerou unha expectativa de negocio á mercantil, que procedeu a efectuar un gran investimento no tocante á fabricación de uniformes escolares, e isto porque na nota se aludía á obriga dos centros escolares de conceder licenzas de comercialización ás empresas interesadas. No entanto, aquela liña de negocio viuse frustrada trala denegación polos centros das licenzas solicitadas, denegación que foi referendada pola *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia*, rectificando o criterio contido na nota de prensa do 15.7.2011.

A indemnización solicitada ascende a 339.982,20 €.

Con data 10.5.2019 ditouse unha proposta de resolución en sentido desestimatorio da reclamación presentada.

A proposta de resolución propugna, en primeiro termo, a desestimación da reclamación por mor da prescrición da acción exercitada pola mercantil, por aplicación do artigo 67.1 da LPAC.

No entanto, a tese da prescrición da acción exercitada non é compartida por este órgano consultivo no seu ditame, e isto con base na propia xurisprudencia do Tribunal Supremo que invoca a proposta de resolución, consonte coa cal o prazo para o exercicio da acción de responsabilidade comeza desde que se establecen os efectos lesivos no patrimonio da parte reclamante, que é cando este ten un coñecemento suficiente para avaliar a extensión e o alcance do dano (por todas, a Sentenza do Tribunal Supremo do 27.5.2016).

Este coñecemento, ademais, non se pode cinguir exclusivamente ao alcance fáctico do dano causado, senón que tamén debe comprender as dimensións xurídicas do prexuízo ocasionado, como tamén ten reiterado a xurisprudencia (por todas, a recente Sentenza da Audiencia Nacional do 3.5.2019, con cita das Sentenzas do Tribunal Supremo do 17.11.2010 e 1.6.2011).

Trasladando estas consideracións ao caso examinado, semella claro que a mercantil reclamante unicamente puido ter un coñecemento completo do alcance do dano, logo da resolución das súas denuncias en materia de defensa da competencia ante a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* (Resolucións do 24.4.2017 e do 19.10.2017) e da finalización con data 7.5.2018 do proceso contencioso -

administrativo seguido ante a Audiencia Nacional a raíz do recurso interposto pola parte reclamante fronte á resolución do 19.10.2017 da Sala da Competencia do *Consejo de la Comisión Nacional de los Mercados y Competencia*.

Polo tanto, sendo o *dies a quo* para o exercicio da acción o 7.5.2018, a acción exercitada o 4.12.2018 non pode cualificarse como extemporánea.

Partindo, xa que logo, do exercicio da acción en prazo, a continuación este Organismo entra a analizar o fondo do asunto, no que a mercantil reclamante propugna unha indemnización polos danos e perdas derivados da frustración da liña de negocio iniciada tras a nota de prensa do 15.7.2011 emitida polo entón Consello Galego da Competencia que, refire a mercantil, apuntaba a obriga dos centros de conceder licenzas de comercialización a todas as empresas interesadas en igualdade de condicións. É importante salientar que esta liña de negocio da empresa reclamante se viu frustrada por mor da denegación das distintas licenzas de comercialización por ela solicitadas aos centros escolares, debendo salientarse que tal denegación foi posteriormente referendada pola *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* ao entender que non implicaba un abuso de posición dominante de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Pois ben, sen discutir a realidade do dano ocasionado á mercantil en canto detrimento patrimonial (á marxe da súa cuantificación, xa que a parte reclamante avalía o dano emerxente na perda de valor da empresa, sen acreditar que isto se deba á actuación administrativa, e o lucro cesante o cuantifica sobre a hipótese da perda de venda de uniformes a un terzo do alumnado dos centros, hipótese que tampouco consta probada no expediente), non pode admitirse a relación de causalidade que a empresa pretende establecer entre aquel dano e a nota de prensa emitida polo entón Consello Galego da Competencia.

Debe advertirse neste punto que as autoridades en materia da competencia veñen desenvolvendo cada vez con máis importancia unha actividade de promoción (*advocacy*) como complemento imprescindible das actividades de policía que tradicionalmente exercen (*enforcement*), pois a experiencia ten demostrado que para acadar a competencia efectiva nos mercados non basta coa adopción de medidas de control e represivas, senón que é preciso pór en marcha outras actuacións destinadas a persuadir aos reguladores, aos axentes que interveñen no mercado, e tamén ás persoas consumidoras, dos beneficios da competencia.

Precisamente, a emisión da nota de prensa do 15.7.2011 polo entón Consello Galego da Competencia tiña como finalidade a promoción da competencia no ámbito da

comercialización dos uniformes escolares, se ben carecendo de efectos vinculantes para os centros. Así o pon de manifesto o informe da Comisión Galega da Competencia do 10.4.2019:

> *"As funcións tanto da Comisión Galega da Competencia, como da CNMC son basicamente de dous tipos: a Defensa da Competencia e a Promoción da Competencia.*
>
> *(...) Tanto a carta enviada aos colexios en 2011 como o informe sobre uniformes escolares do 2014 se enmarcan dentro das actividades de promoción que son propias das autoridades de competencia. Tal e como se deduce claramente tanto da Lei de Defensa da Competencia como da normativa especifica que regulaba o Consello Galego da Competencia como o Decreto vixente, estas actividades carecen de calquera forza vinculante.*
>
> *(...) A simple lectura dos medios de comunicación pon de manifesto como de forma reiterada as opinións manifestadas polas autoridades de competencia en declaracións, informes sectoriais e informes normativos non obrigan nin ós destinatarios nin as propias Administracións Públicas.*
>
> *(...) Tanto a carta enviada aos colexios galegos no 2011 como o informe sobre uniformes escolares do 2014 formaban parte das actividades de promoción do Consello Galego da Competencia e como tales carecen de forza vinculante. Neste sentido, as opinións e recomendacións do Consello Galego da Competencia en ningún caso poden obrigar a un colexio, moito menos se é de ámbito nacional, que queda fora do ámbito das súas competencias".*

Ademais, no ditame saliéntase como a nota de prensa do 15.7.2011 advertía en todo da necesidade dunha previa licenza do centro escolar no tocante á comercialización polas empresas do seu uniforme:

> *"En definitiva, cuando una empresa del sector textil desee comercializar los uniformes de un determinado centro escolar, tiene que pedirle permiso previamente al colegio, el cual deberá concederle una licencia a cambio de una contraprestación equivalente a la de otros comercializadores de sus productos.*
>
> […]
>
> *El Consello Galego da Competencia pretende con esta comunicación introducir más competencia en la comercialización de uniformes escolares. Una empresa del sector textil que esté interesada en entrar en el mercado de los uniformes puede solicitar a cualquier centro escolar, público o concertado, una licencia para vender sus uniformes o materiales, que le deberá ser concedida en igualdad de condiciones que a sus actuales comercializadores".*

Polo tanto, a nota de prensa en cuestión era clara na esixencia dunha licenza previa por parte do centro escolar, asumindo voluntariamente, entón, a parte reclamante o risco de iniciar unha liña de negocio sen contar coas preceptivas licenzas de comercialización dos centros escolares.

Consecuentemente, non pode prosperar a reclamación presentada ao non poder concluírse que a nota de prensa do 15.7.2011 puidese inducir a erro á empresa reclamante, ao tratarse de meras recomendacións aos centros escolares e advertirse en todo caso nela da necesidade da previa licenza do centro no tocante á comercialización dos seus uniformes.

7.4.- A responsabilidade patrimonial por acoso laboral (CCG 238/2019, CCG 492/2019 e CCG 70/2019)

CCG 238/2019:

Con motivo dun expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial remitido pola Deputación de Pontevedra, este Consello Consultivo tivo ocasión de pronunciarse sobre o acoso laboral (CCG 238/2019), logo dunha reclamación polos danos ocasionados por mor da vulneración de dereitos fundamentais, en concreto do dereito á integridade física e moral, dereito á intimidade e dignidade persoal, ao honor, á integridade persoal e á propia imaxe, no desempeño do seu posto de traballo de oficial de cociña (CCG 238/2019).

A reclamación suscita unha pretensión de indemnización vencellada á situación de fustrigación que a parte interesada refire ter sufrido desde o ano 2012 ao 2016 no desempeño do seu posto de traballo como oficial de cociña no Centro Príncipe Felipe de Pontevedra.

Ao respecto da fustrigación e acoso aducido pola parte reclamante, hai que indicar que no ámbito dun servizo público, o acoso está certamente tipificado como un ilícito cometido por un empregado público que transcende xuridicamente á esfera das normas de réxime disciplinario, constituíndo unha infracción administrativa ou ben ao propio Código Penal, aparecendo a figura do delito de acoso laboral.

Ao respecto de tal categorización hai que sinalar que o Consejo de Estado entendeu tradicionalmente en ditames sobre reclamacións vinculadas ao acoso no contorno no que unha persoa desempeña as súas ocupacións (entre outros os ditames núms. 158/2006, do 9 de marzo; 2028/2006, do 1 de febreiro; 136/2008, do 13 de marzo, 1124/2008, do 9 de outubro, e 2112/2010, do 18 de novembro), e neste sentido tamén este Consello

Consultivo (ditames CCG 247/2016 ou CCG 281/2016), que a consideración do acoso como unha conduta ilícita dun empregado público, ten o seu encadre na normativa do réxime disciplinario do sector público ou no propio Código Penal, sendo así que a vía da responsabilidade patrimonial da Administración pública non constitúe a canle adecuada para declarar a existencia dunha suposta conduta de acoso.

Ao respecto da inadecuación do procedemento de responsabilidade patrimonial para verificar a existencia dunha específica modalidade de acoso cal é o acoso laboral se pronunciou o Consejo de Estado, no seu ditame 2112/2010, do 18 de novembro.

Con todo, é preciso advertir que esta liña de análise vén mudando nos últimos tempos e, así, recente xurisprudencia do Tribunal Supremo ten entrado a analizar o particular da existencia de acoso (por todas, as Sentenzas do 16.2.2011 e do 24.1.2014), ben que para desbotar, en todo caso, a súa existencia. Tamén recentes ditames do Consejo de Estado (por todos, os ditames núm. 174/2018, do 15 de marzo, e 136/2019, do 28 de marzo) entran a analizar a existencia ou non de acoso, concluíndo na súa inexistencia. Mesmo, é importante salientar, que diversos pronunciamentos de tribunais superiores de xustiza teñen declarado a responsabilidade patrimonial da administración por acoso laboral ou *mobbing*, sen unha previa declaración deste, cando do material probatorio existente é posible concluír a súa existencia ligado, todo iso, ao actuar da Administración ou á súa omisión ou pasividade cando ten o concreto deber de obrar ou comportarse de determinado modo (neste sentido, as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 28.9.2010 e do 24.5.2013, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-La Mancha do 7.2.2011, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria do 11.10.2012, as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León do 2.1.2011 e do 14.11.2014, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía do 9.3.2015, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Baleares do 19.10.2016 ou a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidad Valenciana do 4.3.2019).

Neste estado de cousas, a singularidade do suposto analizado no expediente CCG 238/2019 radica en que a parte reclamante obtivo un primeiro pronunciamento favorable á vulneración dos seus dereitos fundamentais no ámbito da xurisdición social, na Sentenza do Xulgado do Social núm. 4 de Pontevedra do 10.11.2017. Este pronunciamento foi revogado pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 6.8.2018, declarando a incompetencia da xurisdición social para coñecer do asunto, ao corresponder á xurisdición contencioso-administrativa.

No entanto, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza, Sala do Social, do 6.8.2018, declarou feitos probados.

Estes feitos deben considerarse necesariamente na análise do fondo do asunto examinado, pois se ben é certo que a antedita sentenza revocou a sentenza de instancia declarando a incompetencia da xurisdición social, tamén o é que a Deputación de Pontevedra non levou a cabo ningunha actuación instrutora, tal como a práctica de proba, que permita un afastamento daqueles feitos declarados probados. O ditame advirte neste sentido que o informe da Dirección do Centro Príncipe Felipe do 4.3.2019, nin sequera entrou a analizar a eventual conduta de fustrigación contra a parte reclamante, remitíndose unicamente á información facilitada polo centro no seu momento.

Partindo, xa que logo, daqueles feitos, este Organismo pasa a analizar se deles pode derivarse, ou non, unha responsabilidade patrimonial a cargo da Deputación Provincial de Pontevedra.

E da mera lectura dos feitos resulta acreditada unha fustrigación individualizada, continuada no tempo e intencionada contra a parte reclamante, sen que, a xuízo deste Consello Consultivo tales feitos poidan ser simplemente cualificados como "*situaciones de conflicto*", tal e como propugna a proposta de resolución remitida (*"De esta forma, tras la investigación realizada en el expediente de información reservada se concluye reconociendo que existe un conflicto entre las partes implicadas. derivado de la elevada carga de trabajo y otras peculiaridades propias del Servicio de Cocina en un Centro de Menores que analizado en su conjunto no cabe calificar como acoso laboral o mobbing"*).

En definitiva, debe darse por probada a realidade dunha actitude de fustrigación á parte reclamante, con conculcación do seu dereito á dignidade e integridade persoal, sen que pola Deputación Provincial se tivesen adoptado medidas en tempo coa fin de evitar situacións deste tipo.

Baste aludir neste punto que a xefa de Recursos Humanos da deputación recoñeceu na súa declaración no Xulgado do Social núm. 4 de Pontevedra que "*ya existía algún antecedente de alguna trabajadora que igualmente se había quejado de acoso por parte de D. pero que en tal ocasión la cosa no fue a más, manifestando que 'no se siguió adelante porque se produjo un cambio de servicio, una segunda actividad*'", recollendo tamén a Sentenza do 10.11.2017 como "*Otro dato que a esta juzgadora le parece de interés es el hecho de que existieran antecedentes de otros trabajadores,*

más bien trabajadoras, que abandonaron la cocina por tener problemas con D.. Algo de lo que se supo en Recursos Humanos, como reconoció la Jefa de tal servicio".

Mesmo a parte reclamante formulou en xuño de 2014 queixas por escrito á Dirección do centro, xunto cun informe médico co diagnóstico de ansiedade, constando que a única medida adoptada foi o cambio dun concreto permiso concedido a outro traballador no mes de novembro en detrimento da señora P..

Considerando todo o que precede, este Organismo conclúe, xa que logo, na existencia dunha situación de fustrigación á parte interesada no Centro Príncipe Felipe de Pontevedra, situación acontecida no ámbito do funcionamento do servizo público e coa pasividade da Administración, xa que pola Deputación Provincial de Pontevedra non se adoptaron as medidas precisas para reverter a situación, cos conseguintes prexuízos para a parte reclamante.

Verbo da entidade daqueles prexuízos resulta indubidable recoñecer os danos de carácter psicolóxico e psíquico que tal situación ocasionou á parte interesada, danos de natureza moral que, polo seu carácter afectivo e de *petrium doloris*, carecen dun módulo obxectivo para a súa avaliación (neste sentido, as Sentenzas do Tribunal Supremo do 2.10.2012 e do 19.11.2013), podendo avaliarse, atendendo ás circunstancias do caso concreto (a parte interesada naquel período estivo en varias ocasións en situación de incapacidade temporal), na contía de 6.000 euros. Esta contía debe entenderse actualizada por todos os conceptos á data de emisión do ditame.

CCG 492/2019:

A reclamación suscita unha pretensión de indemnización vinculada a unha situación que a parte interesada cualifica como acoso laboral, e que sinala lle causou e lle está a causar importantes danos psicolóxicos, namentres que a proposta de resolución rexeita a existencia do acoso con base no informe de prevención de riscos laborais que alude a un "*conflito elevado con permanencia no tempo o cal, a pesar da súa entidade, non se axusta a un acoso psicolóxico no traballo".*

Reiterando o xa exposto nesta memoria ao citar o expediente CCG 238/2019, a vía da responsabilidade patrimonial da Administración pública non constitúe a canle adecuada para declarar a existencia dunha suposta conduta de acoso.

Consecuentemente, este órgano consultivo entende que tampouco pode recoñecerse unha indemnización polo suposto prexuízo causado por tal conduta ilícita, cando a existencia desta non ten sido formalmente declarada.

Examinando o caso CCG 492/2019 chégase á conclusión de que no expediente está ausente toda declaración formal que estableza a realidade dos ilícitos denunciados pola parte reclamante.

E, como vai dito, o expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial non é o procedemento adecuado para ventilar se existiu o acoso alegado pola parte interesada. Por tal razón, ante a falta de xustificación dun dano antixurídico vinculado co funcionamento do servizo público, resulta procedente a desestimación da reclamación presentada.

CCG 70/2019:

A reclamación suscita unha pretensión de indemnización vinculada a unha serie de incidencias que se din padecidas por un doutorando no curso do programa de doutorado que sigue na Universidade de Vigo, e que terían impedido a lectura da tese por motivos alleos á responsabilidade do aspirante, quen, ademais, alega padecer danos psicolóxicos como consecuencia do acoso do que afirma ter sido vítima.

Examinando o suposto, chégase á conclusión de que está ausente toda declaración formal que estableza a realidade dos ilícitos denunciados pola parte reclamante.

Por tal razón, ante a falta de xustificación dun dano antixurídico vinculado co funcionamento do servizo público resulta procedente a desestimación da reclamación.

7.5.- A responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia das filtracións continuadas na zona do garaxe do edificio que se atopa baixo a rasante da vía pública (CCG 362/2019)

Con motivo dun expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial remitido polo Concello da Coruña, este Consello Consultivo tivo ocasión de examinar unha reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados na estrutura do garaxe por mor da falta de impermeabilización da beirarrúa sita encima do soto (CCG 362/2019).

A indemnización solicitada ascende a 68.622,42 €, establecendo a parte reclamante como alternativa a realización polo concello das obras precisas de reparación a través da vía pública para a impermeabilización da beirarrúa coa indemnización á comunidade de propietarios do custo de reparación do teito do garaxe.

Xunto coa reclamación achégase un informe pericial asinado por un arquitecto técnico o 8.10.2018, no que se conclúe:

"1ª.- Los deterioros estructurales existentes en la porción del techo del garaje situada bajo la acera frente al edificio número 2 de la calle Víctor López Seoane de esta ciudad, afectan con profusión a los cuatro paños de forjado encartados y a un área aledaña bajo el edificio así como, en menor medida, a las vigas de esta zona.

2ª.- Los deterioros apreciados son debidos las filtraciones de agua lentas y constantes que se producen desde hace mucho tiempo -y que, desde que empezaron, no se han detenido- que oxidan las armaduras y su expansión volumétrica produce la rotura y desprendimiento del hormigón.

Por su parte, el hormigón de las viguetas está muy deteriorado y en casos ha desaparecido materialmente su sección resistente.

3ª.- El origen de las filtraciones de agua al forjado está en la disfunción de la impermeabilización situada bajo el pavimento de la acera, lo cual es debido a la más que probable obsolescencia de los elementos impermeabilizantes, que tienen una antigüedad de unos cuarenta años. No obstante esto, es posible, incluso, que la impermeabilización no existiese realmente, lo cual no pudo constatar el técnico que informa pues no practicó calicata en la acera para comprobarlo por tratarse de una prueba destructiva y no ser este elemento propiedad de la comunidad.

4ª.- Es, por tanto, consecuencia del mantenimiento deficiente o nulo de la impermeabilización de la acera (si es que está realmente existiese), el cual no corresponde a la comunidad de propietarios peticionaria de este informe pues no es la propietaria de ese espacio".

Pois ben, á vista da actividade probatoria desenvolvida no expediente, este Organismo conclúe que non pode asumirse o reproche da parte reclamante consonte co cal a orixe dos danos no garaxe radica na ausencia de impermeabilización da beirarrúa e isto, porque, como coinciden en sinalar o informe do Servizo de Infraestruturas do 13.5.2019 e o informe da aseguradora do concello do 2.7.2019, deben ser os inmobles, e non as beirarrúas, os que conten cunha impermeabilización axeitada.

Refire así o informe do Servizo de Infraestruturas do 13.5.2019:

"[...]

Indicar por otro lado que las aceras de titularidad municipal no son impermeables.

Deben ser los inmuebles, los que mediante una impermeabilización adecuada, eviten la entrada de filtraciones al interior de los mismos.

Como indica en el punto 3º de las conclusiones, efectivamente los elementos de la impermeabilización, si es que existen, se encontrarán totalmente obsoletos, por tener

una antigüedad de unos cuarenta años. La comunidad de propietarios debe tener en cuenta la renovación periódica de la impermeabilización con el fin de evitar la obsolescencia de la misma".

No mesmo sentido se pronuncia, cómpre sinalar, o informe da aseguradora do 2.7.2019:

"[...]

La impermeabilización de un edificio es de su única responsabilidad salvo en el caso de que un agente externo la dañe lo que no ocurre en este caso ya que en la acera no hay ningún elemento, colocado por el Ayuntamiento o por cualquier otro agente, que haya podido ocasionar los daños".

Nestas circunstancias, non existindo unha conexión causal entre o dano producido e un deficiente funcionamento do servizo público, é forzoso concluír na procedencia de desestimar a reclamación presentada.

ANEXO

ÍNDICE NUMÉRICO DE ASUNTOS SOMETIDOS A CONSULTA

1/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de F. polos danos e perdas por mor do accidente que sufriu desempeñando as prácticas do Módulo Profesional Formación en Centros de Traballo do Ciclo Formativo de Grao Medio en Electromecánica de Vehículos Automóbiles.

2/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por L. e J., L. e A., M. e J., polo falecemento, no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, de Á., nai, irmá e filla respectivamente da parte reclamante.

3/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de M. polos danos e perdas tras intervención cirúrxica de catarata no ollo esquerdo no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

4/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., polo retraso de diagnóstico e terapéutico da súa doenza no Hospital Universitario Arquitecto Marcide.

5/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., polos danos derivados do erro diagnóstico da doenza que padecía, diagnosticada no Complexo Hospitalario de Pontevedra.

6/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de P. e R., polos danos e perdas tras intervención cirúrxica de prostatectomía radical e posteriores reintervencións realizadas a P. no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

7/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A., polos danos físicos e psíquicos tras intervención cirúrxica de histeroscopia realizada no Hospital Arquitecto Marcide.

8/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V., polos danos e perdas polo erro diagnóstico da súa doenza no Hospital Universitario Lucus Augusti.

9/2019

Interpretación contrato respecto á posibilidade de aprobar o plan anual de limpeza viaria e o plan anual de recollida de residuos do contrato do servizo público de limpeza urbana e de recollida e transporte de residuos sólidos do Concello de Ourense, do que é adxudicatario a UTE F., S.A., C., S.A., e G., S.A., abreviadamente E. UTE.

10/2019

Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, no relativo a tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social.

11/2019

Resolución expediente de caducidade da concesión administrativa outorgada a C., S.A., por resolución da Presidencia de Porto de Galicia do 15.12.2006 para a ocupación de dominio público portuario no Porto de Combarro (Poio) con destino a construción e explotación de instalacións para a navegación.

12/2019

Nova concesión do Servizo de xestión do Ciclo Integral da Auga no Concello de Ponteceso.

13/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por S., polos danos que sufríu ao acudir ao servizo de prácticas de perruquería do CIFP Someso da Coruña para que lle realizasen una decoloración no cabelo e sufriu unha queimadura na parte posterior do cranio.

14/2019

Revisión de oficio do acceso a un programa de doutoramento do alumno C.

15/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por S., polos danos sufridos na súa man

por mor dun valado publicitario en mal estado no campo de fútbol municipal do Meixoeiro.

16/2019

Revisión de oficio, en execución de sentenza, da licenza urbanística concedida por resolución da tenencia de Alcaldía de data 7.6.2010 á entidade U., S.A. para acometer obras de instalación de liña de media tensión aérea e soterrada, centro de transformación prefabricado e de rede de baixa tensión aérea e soterrada, no lugar de Cimbelo, na parroquia de San Salvador de Lérez, no Concello de Pontevedra.

17/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por P. en representación de la mercantil C., S.L. polos danos e perdas pola suposta falta de resolución expresa a unha mellora de proposta no proxecto presentada pola parte reclamante a un contrato administrativo para a realización de obras e subseguinte explotación do servizo de cafetería na Cidade Deportiva Municipal da Torre.

18/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en representación do seu fillo J., polas lesión sufridas por este último por mor dunha caída, pola acción dun compañeiro, no IES Ferrol Vello.

19/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D., pola presunta responsabilidade da Consellería de Educación, Universidade e F.P. na querela por calumnias con publicidade que lle interpuxo un funcionario da Administración da Xunta de Galicia.

20/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de S., polos danos e perdas tras intervención cirúrxica consistente en septoplastia mais cirurxía endoscópica nasosinusal realizada con Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

21/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por L. en nome e representación de P., polos danos e perdas por mor dunha errónea apreciación do tratamento farmacolóxico recibido no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

22/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por G. e Q., polo falecemento de G., pai e esposo respectivamente da parte reclamante, no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro.

23/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de L., polos danos e perdas pola demora no diagnóstico da súa doenza no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

24/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de N. e F., e estes no nome do seu fillo menor de idade H., polo retraso diagnostico do carcinoma de ovario que padecía, no Hospital da Costa.

25/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V., polo falecemento da súa nai V. no Hospital Comarcal de Monforte.

26/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de S., polos danos e lesións que padece tras a cesárea urxente por sufrimento fetal que se lle realizou no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

27/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta C. en nome e representación de C. e C. polos danos e perdas tras intervención cirúrxica consistente en safenectomia interna e varicectomía de membro inferior dereito realizado a señora C. no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

28/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M., polas secuelas que padece tras o retraso diagnóstico da súa doenza, no Hospital Universitario Lucus Augusti.

29/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A., polos danos e secuelas por mor dunha caída cando transitaba pola rúa das Lilas, á altura do Centro Comercial Gran Vía e tropezou no oco dun alcorque.

30/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V., polos danos e perdas polo retraso diagnóstico da súa doenza con posterior intervención cirúrxica no Hospital Comarcal de Monforte.

31/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por R., polos danos derivados do accidente sufrido como consecuencia dunha caída de bicicleta cando circulaba pola estrada DP-3203.

32/2019

Informe sobre aplicación de novo sistema retributivo no Concello de Santiago de Compostela.

33/2019

Interpretación do contrato de limpeza de centros educativos municipais do Concello de Ourense.

34/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída no Mercado Municipal da praza de Lugo da cidade da Coruña.

35/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por E., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída por mor dun chanzo roto nas escaleiras que suben á praza do Concello da Rúa de Valdeorras.

36/2019

Proxecto de orde pola que se regulan os distintivos identificativos dos vehículos dedicados ao arrendamento de vehículos a motor cuxa autorización se atope domiciliada en Galicia.

37/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M., polos danos sufridos ao introducir o seu pé no oco dunha sobeira cando transitaba pola rúa Ecuador na cidade de Vigo.

38/2019

Proxecto de decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.

39/2019

Resolución de contrato de subministración de camión ríxido, con guindastre elevador e equipo para colectores no Concello de Ortigueira.

40/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M. e J. por mor do falecemento da súa nai, M., tras unha caída nunha gabia existente na cuneta da E.P. 1001 Cangas-Coiro-A Magdalena no Concello de Cangas do Morrazo.

41/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de O. e o seu esposo A. polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da fractura conminuta desprazada de diáfise de fémur dereito de O. no VITHAS Hospital Nosa Señora de Fátima de Vigo.

42/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por G., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento cirúrxico de coxartrose esquerda no VITHAS Hospital Nosa Señora de Fátima de Vigo.

43/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de J. e M., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento de P., cónxuxe e nai respectivamente, no Hospital Universitario da Coruña.

44/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por B., polos danos sufridos como consecuencia da reparación unilateral de hernia inguinal no Hospital HM Rosaleda HM La Esperanza de Santiago de Compostela.

45/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de P., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento de trastornos de disco intervertebral, rexión lumbosacra no Hospital Universitario Montecelo de Pontevedra.

46/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento do seu pai C. no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

47/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por S., R. e S., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento de S., fillo e irmán respectivamente, no Hospital Universitario Montecelo de Pontevedra.

48/2019

Revisión de oficio da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito formulada por M. con relación ao expediente X.

49/2019

Revisión de oficio da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito formulada por A. en nome e representación de P. no expediente de sucesión X.

50/2019

Revisión de oficio da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito formulada por L. en nome e representación de T. con relación ao expediente X, pola que se impugnan as liquidacións, providencia de constrinximento e dilixencias de embargo ditadas no dito expediente.

51/2019

Revisión de oficio da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito formulada por L. en relación ao expediente X.

52/2019

Revisión de oficio do acceso a un programa de doutoramento do alumna N.

53/2019

Revisión de oficio das Resolucións Reitorais do 5.3.2018 e do 25.5.2018 de imposición e de execución de sanción respectivamente, polas que foron expulsados temporalmente G., D. e G. da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

54/2019

Revisión de oficio da Resolución Reitoral do 24.7.2018 de recoñecemento de créditos e admisión na titulación de Grao en Fisioterapia de M. na Universidade de Vigo.

55/2019

Contrato de obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo.

56/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída nun paso de peóns na rúa da Cruxa no Milladoiro no Concello de Ames.

57/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por L., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída por mor dun listón de madeira roto no paseo de Santa Marta da praia Ladeira no Concello de Baiona.

58/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de F., polos danos sufridos como consecuencia da artrodese realizada no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo.

59/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D., A. e S., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento de D., cónxuxe e pai respectivamente, no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

60/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de R., V.

e G., polos danos sufridos como consecuencia do parto precipitado de R. ao seu fillo G. no Hospital Comarcal da Barbanza.

61/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A., polos danos e secuelas que lle foron causados durante o parto no Hospital do Salnés de Vilagarcía de Arousa.

62/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da artropatía traumática de pulso esquerdo no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.

63/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da neoplaxia maligna de endometrio no Hospital Provincial de Pontevedra.

64/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F., R. e C., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento da súa nai B. no Hospital Universitario Cristal de Ourense.

65/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de C., polos danos sufridos como consecuencia da artroplastia invertida de ombreiro dereito no VITHAS Hospital Nosa Señora de Fátima de Vigo.

66/2019

Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 15/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

67/2019

Revisión de oficio da resolución municipal do 19.12.2017 relativa á adquisición do inmoble sito na rúa Fe núm. X da cidade da Coruña.

68/2019

Revisión de oficio da resolución municipal do 19.12.2017 relativa á adquisición do inmoble sito na rúa Almirante Mourelle núm. X da cidade da Coruña.

69/2019

Revisión de oficio do acto administrativo polo que se procedeu á contratación menor do servizo de colaboración coa intervención municipal na realización da auditoría da conta xeral do Consorcio As Mariñas correspondente ao exercicio 2017.

70/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por P., polas lesións sufridas nos seus bens e dereitos como consecuencia das incidencias no seu programa de doutoramento Marine science technology and Management na Universidade de Vigo.

71/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. en nome e representación de C., SL polos danos sufridos como consecuencia da deficiente construción das tubaxes de recollida de augas pluviais na rúa Faustino Santalices, X e que provocaron a inundación da nave de C., SL no Concello de Bande.

72/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por R. en nome e representación de B. e B, polos danos e perdas sufridos como consecuencia dunha tala realizada sen o seu consentimento nunha parcela da súa propiedade no entorno do CEIP Quintela en Costeira no lugar de Carballal no Concello de Redondela.

73/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F. en nome e representación da entidade R., SA polos danos e perdas sufridos nos bens e dereitos da dita entidade, derivados da perda dunha subvención concedida no expediente X.

74/2019

Proposta de modificación do contrato de Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Expte. X.

75/2019

Informe sobre a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) para as concesión mineiras Karles e Alicia a día de hoxe.

76/2019

Proxecto de decreto polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

77/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F. polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na intersección das rúas Ramón Baltar e Suarribas do Concello de Santiago de Compostela.

78/2019

Revisión de oficio da resolución de concesión dunha axuda a G. para a contratación dunha muller desempregada.

79/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por P. e L., en representación do seu fillo M., polos danos e perdas que presuntamente se lles causaron como consecuencia dunha actuación educativa insuficiente e inadecuada ás necesidades do seu fillo, alumno con necesidades específicas de apoio educativo, no centro concertado Alca de Biduído no Concello de Ames.

80/2019

Resolución do contrato para a construción de aparcadoiros subterráneos na avenida de Castelao e nas rúas Jenaro de la Fuente e Rosalía de Castro do Concello de Vigo. Expte. X.

81/2019

Proxecto de decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia.

82/2019

Revisión de oficio de licenza de obras concedida a M. para construción de nave avícola de engorde de polos, almacén e sala de control anexo e esterqueira para explotación de cebo de pitos de carne na parroquia de San Xulián de Frades no Concello de Sarria.

83/2019

Revisión de oficio do contrato de xestión de servizo público do ciclo integral da auga do Concello de Cangas.

84/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por O., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída polo mal estado do pavimento do Paseo Marítimo de Panxón no Concello de Nigrán.

85/2019

Revisión de oficio da declaración de nulidade de pleno dereito formulada por F. en nome e representación de A., SL en relación ao expediente de transmisión X.

86/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V. polos danos sufridos como consecuencia dunha caída nun paso de peóns na intersección da praza do Pintor Sotomayor, coa rúa Orzán e coa rúa Corralón na cidade da Coruña.

87/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de C., polos danos sufridos como consecuencia da osteoartrotomía de tarsianos e metatarsianos no pé esquerdo no Hospital Miguel Domínguez de Pontevedra.

88/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., en nome e representación de C., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da súa adenopatía localizada no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

89/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de R., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento dunha ferida aberta nun dedo da man esquerda no Hospital Universitario da Coruña.

90/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de

M., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento do seu cónxuxe G. no Hospital Universitario Arquitecto Marcide de Ferrol.

91/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de F., polos danos sufridos como consecuencia da amputación do polgar da man esquerda no Hospital Público da Mariña.

92/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F., polos danos sufridos como consecuencia da terapia electroconvulsiva á que foi sometido para o tratamento do seu trastorno de personalidade no Servizo de Psiquiatría do Hospital Xeral Calde de Lugo.

93/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F. en nome e representación de B., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da neoplasia maligna en mama esquerda no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro de Vigo.

94/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de C., M., M., M. e J., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento de G., cónxuxe e nai respectivamente, no Hospital QuirónSalud Miguel Domínguez de Pontevedra.

95/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por G. e E., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento do seu pai e cónxuxe, respectivamente, G. no Centro de Saúde Valle Inclán de Ourense.

96/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por U., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da fractura pechada de apófise olecraniana de cúbito no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

97/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de C., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento da súa nai G. no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

98/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por L., polos danos sufridos como consecuencia da reparación da válvula aórtica no Hospital Universitario da Coruña.

99/2019

Interpretación do contrato sobre a modificación non prevista establecida na estipulación 28 de concerto de data 1.10.2014, subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital POVISA, SA.

100/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C. en nome e representación de L. polos danos sufridos como consecuencia dunha caída cando camiñaba pola beirarrúa da Avda. Alcalde Manuel Platas Varela no municipio de Arteixo.

101/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola Deputación Provincial de Ourense en relación co estado no que se atopa o apoio nº 16 da LMT Deva (Pontedeva), propiedade das mercantís S., SLU (50 %) e de M., SL (50 %), na estrada provincial OU-0213, no termo municipal de Pontedeva.

102/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de M., Á. e L., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento do infarto cerebral de L., cónxuxe e pai respectivamente, no Hospital Universitario Arquitecto Marcide de Ferrol.

103/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., en nome e representación de M., polos danos sufridos como consecuencia dun accidente laboral da súa cónxuxe, L., no Complexo Hospitalario de Pontevedra.

104/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V. en nome e representación de P., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da súa rotura de tendóns flexores de man e pulso no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide Prof. Novoa Santos de Ferrol.

105/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por I. en nome e representación de P., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da súa gonartrose no Hospital San Rafael da Coruña.

106/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por A. en nome e representación de M., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento da súa nai P. no Hospital Juan Cardona de Ferrol.

107/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por R., polos danos sufridos como consecuencia do falecemento da súa cónxuxe R. no centro de saúde de Cangas en Pontevedra.

108/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por M., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento do seu síndrome do túnel carpiano no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro de Vigo.

109/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F. en nome e representación de V., polos danos sufridos como consecuencia do tratamento da súa rotura espontánea de tendóns extensores da man dereita no Hospital Universitario de Ferrol.

110/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por F., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída ao saír da Aula núm. 3 da Escola Municipal de Música Tradicional de Folk, sita na Avda. García Barbón, núm. 5 de Vigo.

111/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por V., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Cristino Álvarez da cidade da Coruña.

112/2019

Reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por C., polos danos sufridos como consecuencia dunha caída por mor dunhas baldosas rotas na beirarrúa da rúa Presidente Gerardo Fernández Albor, sentido avenida da Liberdade, na cidade de Santiago de Compostela.

113/2019

Proxecto de orde pola que se establece o procedemento e as condicións para a domiciliación do pago de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia.

